Calqueira día, pensamos nós, deberíaselle dar o mérito a quen o tivo e a quen tanto fixo polo seu pobo dentro do seu traballo artístico. Se intentamos escomezar a valorar todo o noso, temos que facelo.”

Ano 1996

Xullo, 27. Como vén sendo tradicional a Coral Polifónica Eumesa celebra o *Concerto de Corais Verán 96*. Deste concerto xa se dou conta no traballo “*Xebras Eumesas*”, (páxina 417) pero non do que imos engadir ó mesmo, e que consideramos importante dada a relación que ten cos temas populares eumeses.

Neste concerto actuaron “*Airiños da Capela*”, “*Lembranza de Lorbé*” e a coral organizadora que fixo a estrea dunha obra. E nese intre dixerónse unhas verbas relacionadas coa mesma, e que agora damos ó prelo:

“Para nós, a Coral, foi un reto grande o que poidamos ofrecerlles esta can-

tiga. No ano 1925 o profesor Eduardo Pita Fernández compuxo esta melodía coa letra de Francisco Salgado y López Quiroga. Daquela interpretouse co seu coro “Cantigas e Amoríos” do que hoxe aínda viven, gracias a Deus, dúas componentes.

Pasaron os anos e no maio do 1931 esta obra foi regalada ó “Coro Ecos da Terra” de Ferrol, polo propio autor, asegún nos consta pola partitura. Do arquivo ferrolá foi pasando a outro e así tivo o seu espallamento pola xeografía galega.

O mestre Pita faleceu no 1947, por razóns inexplicables o seu arquivo se perdeu (vendido como papel, ou queimado no vertedoiro municipal), sen ser valorado no seu punto.

Xa no ano 1950-51 foi ensaiada a obra, nunha nacente “Agrupación Artística Eumesa”. Pero por desavenencias, pola fidelidade á interpretación da partitura, pois levaba arranxos non do autor, cos herdeiros do mesmo, a peza foi refugada, rompida e afastada dos eumeses, quedando esquecida e iñorada todo este tempo. Anos despois sucedeu a queima do arquivo e a desaparición definitiva da obra.

Nós, no afán de recuperar o patrimonio musical eumés esquecido conseguimos copias en “Follas Novas”, despois de escoita-la nun festival galego no Teatro Colón, aló polo ano 1965, e logo no paso do tempo fóinos facilitada pola familia de Carmen Bellas no Ferrol, e finalmente achamos outra copia no arquivo de Fe.Co.Ga. (Federación Coral Galega) en Vigo.

E preguntámonos ¿porque... non ter, e dar a coñece-lo noso cando outros o teñen...?

E este foi o reto que nos impuxemos: ensaiala. A mostra está eiquí: a obra do autor eumés, que fai perto de cincuenta anos que non se canta en Pontedeume e que para a maioría dos eumeses é completamente descoñecida.

¿Gostarálles...? Non o sabemos. Coidamos que sí, xa que afonda no espírito melancólico galego. Métese nún, dun xeito que sendo algo sensible, no falar cotiá, chegará a espigarnos o corpo, facéndonos sentir unha soedade ou unha sensación rara propia das letras ou músicas que chegan ó fondo da alma, e producindo unha anguria inexplicable, pero que satisface cando acaba.

Agora, como feito simbólico queremos ter unha lembranza cariñosa para as dúas persoas que formaron parte do coro “Cantigas e Amoríos” e que foron as primeiras en estrear esta obra aló polo ano 1925, fai xa 70 anos.

Estas dúas persoas son dona Pilar Lamas Ríos e Dona Susa Patiño Pita. Tamén extendemos este acto (recollida duns ramos de frores) na persoa da súa neta Nieves Pita Cordero.”

Os Pitas no vivir cotián coñecíaseles polo apodo de “*Os chirolos*”. Goste ou non, foi un xeito peculiar popular de localización persoal. A orixe deste apodo non se coñece e no intento da súa percura achámolo seguinte.

Segundo varios dicionarios a verba “*Chirola*” na Arxentina chámase a unha moneda de níquel de 5 , 10, ou 20 centavos.

E dun xeito máis certo poidera ser que estoutra acepción que agora imos a dar, fora a orixe da súa imposición na persoa dun dos primeiros referentes destas liñas: en Manuel Pita, situado no ano 1851, por ser a súa profesión a de sancristán, e estar relacionado co que temos e limos nun artigo dunha revista das festas patronais de Monfero: “*Descripción do Mosteiro de Santa María de Monfero*” e que dí o seguinte:

“Sacristía, sancristía, ou Chirola.- Inicialmente foi o primeiro. Unha inscrición dátaa do 1716. A Chirola é a capela para oficiar os forasteiros, é unha modalidade da tipoloxía cisterciense, está situada sempre na cabeceira. Mide 11, 7 metros de lado.

Pranta cuadrada, bóveda de medio cañón. Decoración típica do primeiro barroco galego: cruces das ordes militares, rosetas, caras, soles....”

Tamen en “*La Galicia de los Monasterios*”, no capítulo dedicado a Santa María de Monfero, da Biblioteca Gallega, páxina 203 díse:


“Un inventario de mediados del Siglo XIX dá noticia de los retablos desaparecidos: tres en el crucero (San Benito, San Bernardo y la Virgen de la Cela), tres en la “chirola” (la Virgen de los Remedios, San Antonio y San José) y el de la nave principal, dedicado al Santísimo Cristo de los Dolores”.

1ª) Alma Gallega
Escrita por el compositor Ben de la Cruz
Letra de i. Francisco Salgado y letra Quirós (1911)


2ª) O poema da Alcorina
Balada Gallega
Fin extenuate

3ª) A gaibea da fortuna ou (has caixas has) Folia da
Genaro e Rita Fernández

Portada de partitura



Portada de partitura



Portada de partitura



Portada de partitura

Entre as moitas obras compostas que nos deixou, e que posúe rexistradas na S.G.A.E., figuran unha manchea delas en castelán e outras en galego, entre as que destacan:

¿Quén fixo a gaita?
 A gaita da fortuna ou O Chascarraschás
 A media noite.
 A miña estrela.
 Antón era eu,
 Bailables para a época.
 Bergondiño.
 Bergondo.
 El socialista.
 En Las Nieves.
 Farruco (P.D. para banda) e outras pezas.
 Flor dos toxos.
 Foliada dos Carballás.
 Himnos: Marina nacional, Arriba España, Lenin, Mar y tierra, El aviador.
 Marchas militares:
 Alianza republicana, Corte americano, Derecha regional gallega, Derechas
 republicanas.
 Músicas de comparsas
 O mal de arredor
 O poema da morriña.
 Os mozos de Andrade.
 Vemos Vila Sada.
 Vilancicos.
 Villa Sada.

Terminando esta recompilación de datos históricos deste apelido, sobor de tudo do profesor Eduardo Pita Fernández queremos aclarar a interese e recolleita, dicindo que foi mestre dos pais musicais do que esto asina: Xosé Paz Paz e de Antonio Leira Díaz “O Patolo”, os dous participantes con el nalgúns momentos musicais da vida, asimesmo instructores do asinante, polo que lle profesamos a Pita Fernández moito recoñecemento.

BIBLIOGRAFÍA

Arquivo Municipal Pontedeume.
 El Eume
 El Eco de Puente deume.

Ecos del Eume

La Voz de Galicia.

El Correo de Galicia.- Argentina

El Sol – Madrid.

El Regional.- Lugo.

Monasterios de Galicia. Biblioteca Gallega. La Voz de Galicia.

Pasquíns de man

CRISTIANIZACIÓN E CULTURIZACIÓN DA INFANCIA NO SÉCULO XVIII: AS ESCOLAS DE PRIMEIRAS LETRAS FUNDADAS EN PONTEDEUME POLO ARCEBISPO RAJOY

Xesús Andrés López Calvo

1. INTRODUCCIÓN

A figura do arcebispo compostelán Bartolomé Rajoy y Losada (1690–1772) tornou a cobrar relevo recentemente grazas ao estudio biográfico¹ elaborado por Carlos García Cortés, e editado por “Espino Albar”, en 2011. Tratando de describir a memoria viva da súa vinculación permanente ao seu espazo orixinario (a vila de Pontedeume), e tratando de completar o que xa achegaran anteriores estudos sobre este persoeiro, o biógrafo informa da fundación, o 16 de maio de 1769, dunha obra pía que dotaría e mantería a actividade de dúas escolas (unha para nenos e outra para nenas) de instrución primaria.

No Arquivo Municipal de Pontedeume, consérvase un atado que supuxo a fonte bibliográfica fundamental para a nosa investigación². Non é a primeira vez que, nesta mesma revista, propoñemos as escrituras fundacionais de obras pías como fonte de investigación histórica³. Continúa a parecernos moi importante, a recuperación e difusión do patrimonio documental dos nosos pobos, en canto que son portadores da memoria viva das nosas xentes, pois son fonte inestimable de información para o coñecemento da historia local, e porque tamén abrirán novos camiños de investigación histórica. Pero engadimos unha motivación máis: o rol da Igrexa no desenvolvemento cultural e educador na España da Idade Moderna.

En efecto, advírtese certo grao de acusación en xeito de reproche histórico, cunha inevitable apertura cara á polémica que, na Idade Moderna, a Igrexa non favoreceu o desenvolvemento científico como creador de benestar humano e que cos seus sistemas de

1. Cf. C. GARCÍA CORTÉS, *Bartolomé Rajoy y Losada (1690-1772). Un arzobispo edificador y filántropo en la Galicia Ilustrada*, Pontedeume, Espino Albar 2011.

2. ARQUIVO MUNICIPAL DE PONTEDEUME, Fondo Xeral; Sección: “Educación”; Subsección: Escolas de ensino primario, Libro de caixa da escola pía fundada por Bartolomé de Rajoy y Losada, 1769-1852, Atado 330.

3. Cf. X. A. LÓPEZ CALVO, *As escrituras fundacionais de obras pías como fonte para o estudio da historia social: o exemplo de Pontedeume*, en: “Cátedra” 13 (1993) 49-78.

censura freou o coñecemento da cultura leiga, a liberdade no estudo e a investigación, favorecendo a formación rigorosa e dogmatizante das pautas de conduta social e a moralidade individual e pública dos crentes⁴. Aínda que non é doado esquecer a evidencia dalgunhas equivocacións históricas, cremos que cómpre responder a estas dúbidas e reproches.

No intento de abordar as anteriores pretensións, o noso estudo estrutúrase en tres partes principais. Unha primeira, onde describiremos a historia das fundacións e contextualizaremos o fondo documental que nos ocupa, enumerando as súas características e achegas para o coñecemento, tanto das obras pías en xeral, como o particular da facenda, liñaxe, mentalidade, estamento, conflitos familiares, ingresos polo exercicio da profesión, reparto de rendas..., no paso do Antigo Réxime á Idade Moderna. Noutra segunda, describiremos os termos de fundación, dotación, administración, ideario e desenvolvemento das escolas de instrución primaria fundadas por Rajoy. Finalmente, na terceira e a xeito de conclusións, ocuparémonos do fenómeno da promoción e axuda ós estudos por parte dos bispos españois na Idade Moderna.

2. FUNDACIÓNS E OBRAS PÍAS

Non hai consenso entre os historiadores á hora de definir unha obra pía. Asumimos como a máis óptima a ofrecida por D. González Lopo:

*“Toda creación piadosa que la devoción de un fiel instituye, bien a lo largo de su vida, o en el momento final de la misma. Sin embargo se aplica particularmente a aquellas que nacen con la intención de que tengan permanencia en el tiempo”*⁵.

A obra pía era, por tanto, unha fundación, xeralmente de carácter benéfico, na que se establecían unha serie de servizos piadosos-asistenciais máis ou menos amplos sobre unha base patrimonial, fixando tamén as condicións, os beneficiarios e o funcionamento. Os bens que se destinaban a tales institucións formaban un todo indivisible como propiedades vinculadas á Igrexa polo que, na maior parte dos casos, non se podían allear sen o permiso das autoridades eclesiásticas.

Xuntamente con estas institucións vinculadas á Igrexa tamén existían fundacións ou obras pías de padroado leigo, é dicir que, coa mesma finalidade: beneficencia e presti-

4. Cf. B. BARTOLOMÉ, *Historia de la acción educadora de la Iglesia en España*, Vol. I: Edades Antigua, Media y Moderna, Madrid, BAC 1995, 1006-1007.

5. D. GONZÁLEZ LOPO, *Los comportamientos religiosos en la Galicia del Barroco*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 2002.

xio familiar, erixíanse vinculadas a un morgado ou padroado, como expresión dunha mentalidade consistente en concibir a familia como estamento nun sentido extenso, onde as clases podentes se obrigában a articular as bases económicas dun núcleo orixinal de procedencia como fonte de poder e prestixio social.

Nestas obras pías, ademais da súa finalidade social tamén podían figurar como beneficiarios os familiares do fundador, proporcionándolle medios de vida aos achegados sen que as propiedades e as súas rendas (polo menos as consideradas como bens eclesiásticos) estiveran sometidas a carga algunha. Cómpre lembrar que, Tomas Moreira y Montenegro, familiar do arcebispo Rajoy, que fora Párroco de Pontedeume e, no momento da fundación, era cóngo da SAMI Catedral de Santiago, é deputado para nomear aos mestres titulares das escolas ás que nos referimos, percibindo unha gratificación polas súas xestións de cincuenta ducados anuais. As dotacións de capital fundacional debían facerse de tal xeito que non deixasen en precariedade nin ó donante nin ós lexitimarios. Isto favorecía que fosen os que carecían de herdeiros forzosos (maiormente clérigos) os que establecesen fundacións. Por iso mesmo, a Igrexa era moi rigorosa no proceso de erección dunha obra pía, a fin de protexer os dereitos de terceiros e salvagardar a pacífica posesión dos bens da fundación.

Estas fundacións servían de instrumento de prestixio social e medio de ostentación, en especial no lugar do nacemento do promotor, que era onde estaban adscritas a maior parte destas institucións. Do fundador conservábase a lembranza da súa xenerosidade e os herdeiros e familiares beneficiábanse tamén de tales recoñecementos, adquirindo preeminencia social. Poderá comprenderse xa que logo a extraordinaria difusión que tiveron estas fundacións durante o Antigo Réxime. Pese a todo, as que acadaron suficiente prestixio e foron útiles á sociedade adquiriron consideración como entidades de interese público e integráronse nas actuacións sociais do Estado Liberal do século XIX, noutros casos, como aconteceu á case totalidade das obras pías radicadas en Pontedeume, desapareceron coa Desamortización.

3. A OBRA PÍA DE RAJOY EN PONTEDEUME

A fundación de dúas escolas de alfabetización en Pontedeume que o arcebispo Rajoy erixe, constituíuse o 16 de maio de 1769 diante do escribán compostelán Xosé Antonio de Neira no pazo de Cernadas na freguesía de Portomouro, residencia de verán naquel tempo dos bispos de Santiago. A copia da escritura fundacional e as contas do rendemento do capital asignado atópanse recollidas no xa anteriormente mencionado Libro de Caixa, do que facemos a continuación unha breve descrición e contextualización.

3.1 O Libro de Caixa

Presenta 189 folios numerados dos que só 77 están redactados nos que se expoñen o texto (copia) da Fundación e os alcances das súas contas consecutivamente desde os anos 1794 a 1852. O soporte material é o papel habitual para os documentos administrativos e contables da época, amarelento e con textura grosa, observándose o cambio de tinta a medida que cambian as mans do escribán, aínda que todas son metaloácidas.

Como calquera libro de contas, a corrección e a meticulosidade son os criterios metodolóxicos da súa redacción. Reflicten as cantidades que o administrador recibe, e as cantidades gastadas na xestión dos fondos. A distribución do espazo gráfico permite ler de xeito moi claro o contido da conta. As partidas orzamentarias aparecen divididas en dúas partes. Unha primeira despois dunha marxe que ocupa a parte central do folio, onde se redacta o texto da conta, o detalle da partida, a cánto ascende cada unha, a súa procedencia cara ónde irá destinada; e outra segunda onde, en expresión numérica, indícase o total ao que ascende cada partida. Como unidades documentais sistematizadas, os Libros de Caixa aparecen por vez primeira en España en 1522 da man de Diego del Castillo⁶. Estes libros de contido mercantil atoparon unha fonda repercusión social e a súa aplicación axiña se xeneralizou tanto na administración pública coma na eclesiástica.

Con este Libro o investigador, atopa múltiples informacións para a comprensión histórica. En xeral, as disposicións testamentarias do fundador e os libros contables das súas fundacións constitúen documentos excepcionais para o estudo das mentalidades e a repercusión social das mandas testamentarias. Pero, no caso que nos ocupa, estes libros de caixa do século XVIII achegan valiosas informacións para a articulación da historia moderna de Galicia: xestión da administración pública; a relación entre esta e a Igrexa; relacións da propiedade; valor da riqueza mobiliaria; o valor e o destino dos ingresos de rendas...

3.2 Dotación

As escolas estaban dotadas co produto do aluguer de dez almacéns ou lonxas situadas na ribeira mar de Pontedeume propiedade do propio arcebispo. No momento da fundación as rendas alcanzaban un valor de cinco mil catrocentos reais. Nalgunha ocasión o Libro de Caixa tamén informa sobre a achega de rendas polo aluguer de bodegas anexas ós almacéns ou mesmo do solar onde radicaban as escolas⁷. Nas lonxas almacenábanse

6. Cf. D. DEL CASTILLO, *Tratado de cuentas hecho por el licenciado Diego del Castillo, natural de la ciudad de Molina, en el cual se contiene que cosa es cuenta y a quien y cómo han de dar cuenta los tutores y administradores de bienes*, Burgos 1522, conservado en la Biblioteca Nacional de Madrid, Sección: Raros; Signatura: 13707. Citado en: P. LARA GUIRADO, *Referencias documentales de la obra pía de Albánchez*, en: "Sumuntán" 22 (2005) 197-236, nota 3.

7. Tal é o caso do mestre canteiro Lucas Ferro, cf.: C. MACEDO – L. COSTAS, *Artistas y artesanos naturales de Pontedeume o que trabajaron en esta villa, hasta 1900*, en: "Cátedra" 18 (2011) 336.

todo tipo de produtos e servían de solar de actividades comerciais e industriais. Entre os que se nomean como inquilinos aparecen nomes de comerciantes cataláns como Tomé Vadell e Xosé Illá, industriais do coiro como Benito e Francisco Roberes e mestres de oficios como o canteiro Lucas Ferro:

“En la zona de la ribera eumesa, donde tradicionalmente se hacía de puerto de atraque y desembarco de mercaderías, estableció Bartolomé Rajoy una nueva área de muelle así como diez capaces almacenes o lonjas para depósito de las capturas realizadas por los marineros y la guarda de sus aparejos. El proyecto que nuestro personaje había concebido para beneficio de la villa, se materializó en un protocolo firmado ante el notario Andrés Antonio del Río el 28 de septiembre de 1763 por el párroco Tomás Moreira Montenegro con facultades del arzobispo, contratando al maestro de obras Alberto Ricoy para la edificación de diez lonjas o bodegas para en ellas fabricar sardina salada y otras cosas, en la ribera del mar, frente a la muralla que cierra la huerta de la Excm. Sra. Condesa de Lemos, por cuya obra pagó nuestro personaje 112.000 reales”⁸.

A escola e as súas aulas tiñan por sé un edificio do entorno do adro da parroquial de Santiago de Pontedeume, no que hoxe se coñece como edificio do *Hospitalillo*. O 3 de setembro de 1768, a corporación local de Pontedeume cursa oficio ó Arcebispo Rajoy pedíndolle axuda para urbanizar o espazo contiguo á igrexa de Santiago e o seu adro. O 7 de setembro contesta Rajoy deste xeito:

“(…) Con gran gusto concurriré al remedio de que el Atrio de la Parroquia se ponga sin los perjuicios que V. S. me dice; por la parte del Camino de la Fuente Nueva he compensado se haga allí una Escuela para Niños, con cuya Obra se pone aquel paso en la disposición más segura. Y como después de algunas semanas pasará mi sobrino Don Tomás Moreira a esa Villa, irá encargado de acuerdo con V. S. para que todo se proporcione al alivio de todos y al mejor ornamento del Atrio de la Parroquia”⁹.

Por cumprir as súas obrigas docentes, os mestres recibirían, no caso do mestre cen ducados anuais, sendo oitenta ducados anuais os que percibiría a mestra de nenas. O administrador da obra pía, que debía ser un eclesiástico nativo de Pontedeume, recibiría polos seus servizos outros cincuenta ducados anuais. Despois dos abonos ó administrador e mestres, despois dos gastos de reparos e mantemento, se a libranza final resultara a favor da obra pía, deberíanse facer lotes de cincuenta ducados que se repartirían anualmente

8. C. GARCÍA CORTÉS, *O. c.*, 230.

9. Cf. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *Historia de Puente deume y su comarca*, Santiago, Imprenta Porto 1944, 413-414.

entre mozas necesitadas elixidas a criterio do Párroco de Santiago de Pontedeume nos días inmediatos á celebración da Pascua florida.

Esta cantidade de cincuenta ducados anuais ten a súa referencia. Os decretos conciliares de Trento esixían unha cóngrua suficiente para todo ordenado que non tivese beneficio eclesiástico, que as sinodais compostelás de 1746 fixaban nunha renda segura sobre bens raíces, rendas ou censos que producisen, cando menos, cincuenta ducados anuais¹⁰.

Cómpre reparar en que o ano da fundación (1769) resulta ser o máximo expoñente dunha situación de calamidade xeneralizada en Galicia por mor da peste e a fame e as seguintes secuelas de pobreza e de necesidade de asistencia social que motivará ó desenvolvemento de conceptos e obras de utilidade social. E cómpre igualmente facer notar que, a mediados do século XVIII, a ensinanza elemental en Galicia era de práctico abandono. No referente á muller, a situación aínda era peor. Se temos en conta que na mentalidade da época a instrución era valorada seguindo o criterio da utilidade, comprenderemos a pouca importancia que daban os contemporáneos á formación das mulleres destinadas, por utilidade, ao traballo do fogar e ao coidado dos fillos¹¹.

3.3 Administración

A escritura fundacional nomea como primeiro patrono da obra pía a Tomás Moreira y Montenegro¹². El sería, ata a súa morte, quen nomearía aos mestres que exercerán a docencia nas escolas. Podería tamén nomear a un xestor da mesma que, como xa sinalamos, debería ser un eclesiástico nativo de Pontedeume. Ao seu falecemento, a titularidade da fundación recaería no Prior do convento agostiño de Pontedeume e noutros dous eclesiásticos máis, tamén nativos de Pontedeume¹³. Polos seus servizos recibirían unha dotación económica, inicialmente de sesenta reais anuais. Deste xeito, a Igrexa beneficiabase da aparición dunha serie de clérigos pagados por obras fundacionais e non polos propios dos Bispados.

10. Cf. *Constituciones Sinodales del Arzobispo Cayetano Gil y Taboada*. Constitución VI. Citado en: B. BARREIRO MALLÓN, *El clero de la diócesis de Santiago: estructura y comportamientos (siglos XVIII–XIX)*, en: “Compostellanum” 33(1988) 3-4, 469-508.

11. Cf. M. SANZ GONZÁLEZ, *Notas sobre la educación femenina en Santiago de Compostela. La Compañía de María 1759-1835*, en: “Compostellanum” 39 (1994) 3-4, 485.

12. Natural de Viveiro, o seu pai era curmán de Bartolomé Rajoy. Foi Párroco de Pontedeume entre 1752 e 1763. Como apoderado do arcebispo contratou importantes obras en Pontedeume e a súa contorna: as torres da igrexa parroquial de Santiago e o entorno do seu adro; as lonxas obxecto da obra pía que nos ocupa, a reedificación da capela de Covés; as tallas procesionais do Venres Santo...; ingresou no cabido da catedral compostelá en 1763. Cf. C. GARCÍA CORTÉS, *O.c.*, 42.

13. Polos libros sacramentais da Parroquia de Santiago de Pontedeume, podemos vincular a actividade dalgúns dos patronos da Fundación. Así Roque Fernández de Sandomingo, figura como Ecónomo de Pontedeume entre 1805 e 1806 o mesmo que Nicolás Antonio de Lamas y Pardo que o é entre 1820 e 1823. Antonio Solís asina nos documentos de rexistro de sacramentos como coadxutor entre 1806 e 1820, sendo Párroco Don Pedro Ribera y Pardo.

Esta manda fundacional veuse cumprindo con normalidade menos nun segmento de tempo: entre os anos 1804 e 1809, nos que asina como administrador o Alcalde Maior da Vila, Antonio Sánchez Enríquez. O Libro non achega informacións precisas de que aconteceu para que as mandas fundacionais deixaran de cumprirse e, en troques dun eclesiástico veciño de Pontedeume, fose o Concello o titular da Fundación. Tan só se deixa constancia do feito no folio quince volto do Libro de Caixa cando describe que o rexedor Sánchez Enríquez: *“injustamente se apoderó de ella con el pretexto de venderla por el Gobierno, despojando a este efecto a su legítimo Administrador D. Bernardo de Allegue, Presbítero, en el abril de 1804”*. Este preito veu dado a raíz de que no ano 1800 fusionáronse, por mor dunha orde governamental, o Colexio Académico das Nobres Artes das Primeiras Letras e a Real Academia de Primeira Educación, co obxectivo de evitar a parcialidade na concesión de títulos e trabas corporativistas que impedían o incremento de mestres. Esta fusión da nacemento ás Xuntas Examinadoras Provinciais que, en teoría, asumirían a totalidade das competencias e todos os temas relacionados coa ensinanza elemental, entendendo o Concello que así o Padroado da Obra Pía non tiña xa dereito á escola de mestre e á administración das rendas polo aluguer dos almacéns que, por outra banda, xa eran por cesión do seu orixinal propietario, propiedade comunal¹⁴.

Os balances que presentaba anualmente o administrador debían contar coa aprobación dos patronos da Fundación (o Prior do convento agostiño e outros dous eclesiásticos máis), anotando a correspondente dilixencia de aprobación no Libro de Caixa. Esta xuntanza de patronos da fundación facíase sempre na cela prioral do convento de Santo Agostiño. A partir do ano 1835, por mor das leis desamortizadoras, tamén fiscalizarán as contas unha comisión do Concello de Pontedeume. En 1861 o Ministerio de Fomento, a través do Rectorado da Universidade de Santiago, recoñécelle ó Concello de Pontedeume o dereito de nomear aos mestres de instrución primaria da Vila como herdeiros do padroado das escolas de alfabetización fundadas polo Arcebispo Rajoy.

Administradores	Período
Bernardo Vázquez de Allegue	1794-1803
Antonio Sánchez Enríquez	1804-1810
Bernardo Vázquez Allegue	1810-1814
Nicolás Antonio de Lamas y Pardo	1815
Antonio Solís	1816-1817
Roque Fernández de Sandomingo	1818
Nicolás Antonio de Lamas y Pardo	1816-1829
Gabriel Paadín	1827-1856

Cadro dos administradores da obra pía

14. Cf. B. SUREDA, “La educación en la España contemporánea (1789-1975)”, en: AA.VV., *Historia de la Educación en España y América*, Madrid, SM 1994, Vol. II, 139-141.

Como obra pía pasaba tamén a fiscalización das Visitas Pastorais dos prelados composteláns. Con tal motivo, o 2 de novembro de 1829, Frei Rafael de Vélez, Arcebispo de Santiago recoñeceu as contas da fundación dándolle o seu visto e prace.

3.4 Ideario, actividade e pedagogía da escola

No momento da fundación desta escola, e a pesares da expansión e mellora da escolarización tras décadas de Ilustración e reformas, polos datos achegados polo Censo de Godoy, sábese que a taxa de escolarización era dun 23,3%. Por sexos a diferenza era dun 36,4% de nenos fronte ó 13% de nenas¹⁵. En 1847, polos datos ofrecidos no Dicionario de Madoz, na provincia de A Coruña, exercían a docencia 137 mestres con título e 346 sen el; existían só 483 escolas onde estudaban o nivel de instrución primaria 7.588 nenos e 1.255 nenas, nun total de poboación de 447.637 habitantes¹⁶.

Na escritura fundacional sinálanse as obrigas docentes destas escolas:

“(...) con la obligación, que ha de tener de enseñar a los muchachos a leer, y escribir, criándolos en el Santo temor de Dios, y que sepan bien la Doctrina Cristiana, y cada sábado por la tarde haya de salir con ellos cantando el rosario por las calles. Y a la mujer Maestra de niñas señala de salario ochenta ducados en cada un año con la obligación de enseñarlas a leer escribir, coser y otros labores de mujeres, teniendo especial cuidado de que sepan la Doctrina Cristiana, se crien en el santo temor de Dios, y que todos los sábados por la tarde ha de rezar el Santo rosario con ellas en dicha escuela”.

Os sínodos diocesanos mandaban que, para a ensinanza destes nenos, nas parroquias cumpriría a existencia dun mestre distinto do párroco que ensinaría ós nenos os coñecementos básicos da fe. É o modelo pedagóxico coñecido como catequese – escola. Respecto á educación prevista para as nenas, as disposicións da fundación non fan outra cousa que asegurar o cumprimento da Real Resolución de Carlos III, de 21 de xuño de 1780, pola que se obrigaba á escolarización das nenas e onde tamén se recomenda para as nenas unicamente a aprendizaxe da doutrina cristiá, lectura, escritura, e non se lles recoñecía a conveniencia de seren instruídas nas matemáticas e si nas labores que se lle atribúen como propias do seu sexo (bordado, calceta e encaixes). Xa estamos a albiscar como o proceso de escolarización e culturalización da muller no século XVIII español non

15. Cf. A. VIÑAO FRAGO, “Alfabetización y escolarización”, en: AA.VV., *Historia de la educación en España y América...*, O. c., Vol. II, 781.

16. Cf. A. COSTA – H. BARREIRO, “Educación en Galicia”, en: Silverio Cañada (Ed.), *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago – Gijón 1974, Vol. IX, 222-223, Anexo Estadístico 1.

seguía unha evolución paralela á dos homes. A pesares de que a Ilustración tivo moito apego pola pedagogía, a culturización das mulleres poñería en perigo a aceptación do seu papel tradicional. E a pesares tamén dos esforzos que neste século se fixeron por institucionalizar a ensinanza das mulleres, esta limitouse á aprendizaxe das tarefas domésticas que se lles impuxo como exclusivas do seu sexo, non permitíndoselles o desenvolvemento intelectual, pois o obxectivo prioritario era dirixir a formación das mulleres á súa integración no sistema produtivo como man de obra.

Cómpre igualmente sinalar que, nos libramentos de Cargo, non se especifica un salario para unha mestra, o que nos fai sospeitar que a escola estivo case sempre rexida e titorializada por mestres varóns, algo que non é de estrañar pola pouca cualificación de mulleres para esta actividade, sobre todo na época do inicio da obra pía. O que si sempre figura é a dotación económica para rapazas de poucos recursos.

Tamén polos recibos presentados para abono do salario dos mestres, sabemos que o curso comezaba no mes de setembro. E, polos estudos sobre metodoloxía pedagóxica da época, sabemos igualmente que os libros de texto, onde se contiñan as materias obxecto de aprendizaxe, variaban segundo as dioceses pero, como o obxectivo principal era o ler os artigos da fe, isto xustificou a aparición dos *catecismos* – *cartillas* e nestes manuais estaban os contidos a transmitir. Tamén había unha cartela ou abecedario para a aprendizaxe da lectura (pasando do deletreo ó silabeo ata a *lectura de corrido*) ó que se sumaría nun segundo grao unha nova cartela para a arte de escribir. Ó Catón ou libro de boa crianza chegábase logo de saber ler e escribir. Tratábase dun manual composto de frases e períodos curtos con conceptos sentenciosos, ó xeito dun código moral¹⁷.

O método adoecía dos defectos propios da pedagogía da época, moi condicionada polo iluminismo e a enciclopedia. O coñecemento profundo das verdades e a memorización exacta das fórmulas constituían a principal preocupación, limitándose o procedemento didáctico á análise das voces e á aclaración das definicións por medio de comparacións intuitivas¹⁸. A Real Orde de 11 de novembro de 1804 sinalaba as materias obrigatorias de ensino escolar: doutrina cristiá, lectura, escritura, gramática e ortografía castelá.

3.5 Cese da obra pía

O Libro de Caixa non contén novos asentos contables a partir de 1851. O 17 de xullo de 1852 significa a última data de dilixencia de aprobación das contas do exercicio do ano anterior, o seu contido reproducímolo no apéndice documental. Aquel ano de 1851

17. Cf. A. VIÑAO FRAGO, “Alfabetización, lectura y escritura en el Antiguo Régimen (siglos XVI–XVIII)”, en: A. BENITO ESCOLANO, (Coord.), *Doscientos años de alfabetización*, Madrid, Fundación Sánchez Ruipérez 1992, 55.

18. Cf. L. CSONKA, “Historia de la Catequesis”, en: AA.VV., *Educación*, Salamanca, Sígueme 1966, Vol. 3, 163.

supón, xa que logo, o punto de partida das ventas das encomendas relixiosas por mor das leis desamortizadoras, onde se liquidarán moitas pertenzas eclesiásticas vinculadas ó clero secular, as confrarías, obras pías e capelanías¹⁹.

Aínda que a reacción da Igrexa, como non podía ser outra, foi en xeral de belixerancia, reivindicando negociacións cos distintos gobernos e presión sobre os católicos para impedir a compra – venda de bens desamortizados, o certo é que co Concordato Santa Sé – Estado español de 1851, vólvese a unha nova organización. As escolas pasan a titularidade municipal, o mesmo que os bens raíces.

4. O MECENADO CULTURAL DOS BISPOS ESPAÑOIS

Unha primeira conclusión fainos expresar un vello feito histórico: a tarefa de educación e ensinanza dos nenos e mozos da Igrexa na súa misión cristianizadora dos pobos, dende a última romanidade e no medievo canalizouse a través do mosteiro, o convento e a catedral. Na Idade Moderna (séculos XVI, XVII e XVIII), engadiránselle os cabidos e as parroquias as que, con certa exclusividade por mor de especiais circunstancias históricas, converteranse en protagonistas e vehículos principais para a promoción e axuda aos estudos.

Foron os bispos, como rexedores da igrexa catedral, *alma mater* das igrexas parroquiais, e tamén como reguladores da vida relixiosa, os que con maior ou menor dilixencia, crearon escolas, colexios e universidades, xunto a outros mecenas eclesiásticos comprometidos ao carón de confrarías e asociacións. De feito, no século XVIII, a pesar dos aires secularizadores da época ilustrada, son fundamentalmente as escolas das ordes relixiosas e parroquiais as que asumiron a maior parte da demanda educativa en España.

A segunda metade do século XVIII amosa unha lista de prelados españois cunha boa formación, evidenciada nun alto grao de madurez humana, dignidade, cortesía con certa mestura de mundaneidade nos comportamentos, seguramente aprendidos dos *Tratados de educación para príncipes*, pois eles tamén o eran da Igrexa. A preparación intelectual tamén era considerable, moitos deles proviñan de colexios maiores conventuais ou universitarios, con algunhas experiencias no maxisterio superior, na avogacía e mesmo na diplomacia. De igual xeito, obsérvase nesta época entre os bispos españois unha acusada coincidencia social e política para detectar os signos e indicadores chave daqueles tempos. Finalmente, pódese dicir tamén que eran fundamentalmente homes de Igrexa, sendo a exemplaridade e celo pastoral os trazos máis salientes da súa personalidade relixiosa, máis que ningunha outra cousa.

19. Cf. R. VILLARES PAZ, *La propiedad de la tierra en Galicia 1500-1936*, Madrid 1982.

Foi o espírito de reforma o que os impulsou a promover con toda enerxía a renovación pastoral, intelectual e moralizadora do clero e do pobo fiel. Neste perfil podemos nomear, entre outros, a: Armañá en Lugo; Belluga en Cartaxena; Climent en Barcelona; Filipe Bertrán en Salamanca, Gómez de Terán en Orihuela, Antonio Calderón en Osma, Lorenzana en Toledo e o propio Rajoy en Santiago²⁰.

Precisamente o pontificado de Rajoy, que se prolongou durante vinte anos, estivo moi centrado nas Visitas Pastorais e na resolución de problemas económicos (a crise de 1769) coas conseguíntes secuelas de pobreza e de asistencia social que pretendeu abordar desde planeamentos e conceptos de utilidade social²¹. A política ilustrada de renovación cultural, artesá e ata agrícola atopou no estamento clerical un colaborador inestimable e, ata certo punto, imprescindible para o desenvolvemento de programas de instrución.

A actividade de Rajoy e daqueles bispos na axuda e promoción dos estudos fixouse de xeito preferente sobre as tarefas de alfabetización e aprendizaxe das primeiras letras entre a infancia menos favorecida ou mesmo marxinaada, sobre os estudos superiores e universitarios ou a formación da clerecía. Esta intervención apoiouse fundamentalmente en dous supostos. Un primeiro de carácter pedagóxico, pois a partires do Renacemento o neno atopa a súa propia identificación e protagonismo dentro da familia e a sociedade. Un segundo, xa de matiz relixioso, que os teólogos e canonistas avogan por unha temperá información e praxe sacramentaria sobre o neno, baixo a teoría de que calquera erro doutrinal ou desviación moral ten a súa causa directa na ignorancia relixiosa. Os pedagogos e canonistas chegaron a puntualizar como *aetas discretionis* o momento oportuno para iniciar esta actividade.

Esta labor de cristianización e culturización da infancia teríase que facer a través da *litterati* ou alfabetización. A institución que os bispos elixiron para levar cara adiante esta empresa foi a catequese – escola e esto funcionou así en España ata a Idade Contemporánea onde o Estado supliu, case por completo, estas necesidades.

20. Cf. A. COSTA RICO, *Historia da educación e da cultura en Galicia (Séculos IV – XX). Permanencias e cambios no contexto cultural e educativo europeo*, Vigo, Xerais 2004, 485-488.

21. Cf. B. BARREIRO MALLÓN, “La diócesis de Santiago en la época moderna”, en: J. GARCÍA ORO (Coord.), *Historia de las Diócesis Españolas. Iglesias de Santiago de Compostela y Tuy-Vigo*, Madrid, BAC 2002, VOL. 14, 292-293.

APÉNDICE DOCUMENTAL

(1)

1769, 16 de mayo. Priorato de Cernadas (Santiago),

Copia da Escritura de fundación da Obra Pía do Arcebispo Rajoy y Losada, dotando dúas escolas na súa vila natal de Pontedeume.

AMP, *Libro de Caja de las Cuentas de la Obra Pía fundada por el Yllmo. Sr. Dn. Bartolomé de Rajoy y Losada, de una Escuela de Niños, y otra de Niñas de las que (con las fincas de las lonjas) es Administrador Dn. Bernardo Vázquez de Allegue; cuyo Nombramiento y fundación para en el convento de San Agustín de esta Villa. Y empieza en el año de 1794. Atado 330*

En al feligresía de San Cristóbal de Portomouro, y Casa del Priorato de Cernadas, Anexo del Real Monasterio de San Martín de la Ciudad de Santiago, a diez y seis días del mes de mayo, año de mil setecientos sesenta y nueve: Por ante mí, escribano y testigos, el Ilmo. Sr. Dn. Bartolomé de Rajoy y Losada, Arzobispo y Señor de dicha Ciudad y su Arzobispado, del Consejo de S. M., su Capellán Mayor, Juez ordinario de su real Capilla, Casa y Corte, y Notario Mayor del Reino de León dijo:

Que por el tenor de este instrumento funda perpetuamente en la villa de Puente de Heume dos escuelas, una para niños y la otra para niñas, para que de cuenta de Su Ilustrísima se están fabricando las casas para ellas; y a este fin señala en cada un año de salario al Maestro de niños cien ducados de vellón, con la obligación, que ha de tener de enseñar a los muchachos a leer, y escribir, criándolos en el Santo temor de Dios, y que sepan bien la Doctrina Cristiana, y cada sábado por la tarde haya de salir con ellos cantando el rosario por las calles. Y a la mujer Maestra de niñas señala de salario ochenta ducados en cada un año con la obligación de enseñarlas a leer escribir, coser y otros labores de mujeres, teniendo especial cuidado de que sepan la Doctrina Cristiana, se críen en el santo temor de Dios, y que todos los sábados por la tarde ha de rezar el Santo rosario con ellas en dicha escuela; cuya elección de Maestro y Maestra ha de hacer Dn. Tomás Moreira, Canónigo en la Santa y Apostólica Iglesia de dicha Ciudad durante su vida, y después de su muerte el P. Prior que fuere del Convento de San Agustín de dicha Villa, y dos eclesiásticos, hijos de vecinos de ella, los más antiguos, cuyos salarios se les han de pagar de la renta de diez Almacenes que Su Ilma. hizo fabricar en la ribera de dicha Villa, que al presente andan arrendados en cinco mil y cuatrocientos reales de vellón, de los cuales también destina de salario cada año cincuenta ducados al que cuidare de su administración, arriendo, percepción de sus alquileres, y reparos necesarios para la subsistencia de dichos diez almacenes, cuyo Administrador ha de ser eclesiástico, e hijo de vecino de

la citada Villa, preferido siempre a todos los demás, siendo cuerdo y hábil para dicho encargo; el que también nombrará dicho Don Tomás Moreira mientras viva, y después el P. Prior y Eclesiásticos que quedan expresados, a los cuales, y a cada uno, se les ha de dar del producto de dichos almacenes sesenta reales cada año, así por la nominación como por el cuidado de tomar las cuentas al administrador, y de hacer el destino en cada año del resto del producto de dichos almacenes hasta donde llegare repartiéndolo en dotes de cincuenta ducados a cada una de las hijas de vecino que señalaren los expresados electores, que sean dichas mujeres tales, que hayan vivido en Santo temor de Dios, y con honra; y a dicha elección asistirá con voto el Cura y rector propio que fuere de la citada Villa de Puente de Heume, cuya elección se hará dentro de la Parroquia en uno de los días de Pascua de Resurrección.

Y porque tendrá alguna eventualidad el producto fijo de dichos almacenes, si fuere necesario para su reparo y subsistencia gastar alguna cantidad de lo que produzcan, se consumirá primero con antelación a dichas dotes, pues mira a la conservación de los fondos: de cuyos reparos ha de cuidar el Administrador, valiéndose de maestro que los haga, tomando recibo de su costo para presentar en las cuentas que ha de dar todos los años a dichos P. Prior, y dos Eclesiásticos que van señalados.

Y para esta Fundación de escuelas, dotes y más que va expresado, cede y dona, para en todo tiempo dichos diez almacenes y su producto, y de todo el derecho que a ellos ha y tiene el Ilmo. Sr. Otorgante, desde hoy día se aparte, desiste y desapodera, y enteramente sin reservación de cosa alguna les cede y dona como dicho queda para el fin que va expresado. Y por cuanto es favor de causa Pía, desde luego para que quede irrevocable, hallándose presente Dn. Lorenzo Folgueira, Fiscal Eclesiástico y de Obras Pías en este Arzobispado, dijo que aceptaba y aceptó esta fundación y donación que para ellas se hace. Y Su Ilma. por la tradición de este instrumento, que de sus manos pasó a las de mi escribano dijo le daba, y había por dada la posesión real, corporal, actual, civil, seu quasi de dichos diez almacenes, que para esta fundación lleva cedido y donado, y poder cumplido para que si la quisiere tomar más en forma, lo pueda hacer, que desde luego la consiente y se da por citado, y se obliga con su persona y bienes espirituales y temporales de haber por bueno, firme y valedero este instrumento y contra su contenido no reclamar en tiempo alguno, y si lo hiciere, consiente no ser oído en juicio, un fuera de él; a cuyo fin dan todo su poder a los Jueces de su Fuero y Jurisdicción, a que se someten, para que se la hagan cumplir y haber por firme, como si fuera sentencia pasada en cosa juzgada; renunció todas las leyes de su favor con la general, el capítulo Obduardus suam de penis, Sagrados Cánones, y más que conforme a su Dignidad pueda y deba renunciar.

Así lo dijo, otorgó y firmó con el Fiscal Eclesiástico, al que yo Escribano enteré que en conformidad de la Real Pragmática ha de manifestar copia de este instrumento en el Oficio de Hipotecas del Partido correspondiente dentro de un mes sin cuyo requisito no

hará fe contra los bienes aquí cedidos y donados, ni podrá usar de dicho instrumento judicialmente. A todo lo que fueron testigos los presentes Don Pedro Feijoo; Don Fernando de Salas; y Don Manuel Seoane, vecinos de la Ciudad de Santiago, Familiares de Su Ilma. Y de todo ello yo, escribano, doy fe, y de que conozco al Señor Otorgante y Aceptante. Bartolomé Arzobispo de Santiago. Dr. Don Lorenzo Antonio Folgueira y Saavedra. Pasó ante mi José Antonio de Neira.

En diecisiete del mismo mes de mayo, del citado año expidió por el referido Sr. Fiscal Eclesiástico, copia de esta fundación, que se mandó dar por el Señor Provisor, que al tiempo era Don Pedro de Hombre, y se dio con fecha de veinte y seis del propio mes y año, de que se tomó razón en el Oficio de Hipotecas de la Villa de Puente de Heume al folio 35 vuelto y 36 de su Libro por el Escribano Brandariz en 31 del expresado mes de mayo, año de mil setecientos sesenta y nueve.

(2)

1797, octubre. Convento de agustinos de Pontedeume.

Cuenta de la Obra Pía de Rajoy correspondiente al año 1794

AMP, 330.

“Cuenta que yo Dn. Bernardo Vázquez de Allegue, vecino de esta Villa doy a los Sres. Patronos de la Obra Pía de la escuela de Niños y niñas que fundó el Sr. Ilmo. Dn. Bartolomé de Rajoy, con al finca de las Lonjas de las que soy Administrador por nombramiento que dichos Srs. Me hicieron en el mes de Octubre de noventa y cuatro; y de este mes y año hasta el de octubre de noventa y cinco doy la dicha Cuenta:

Cargo

Primeramente, me hago cargo de dos mil cincuenta y dos reales que me entregó el R. P. Prior en octubre del año noventa y cuatro. 2052.

Recibí de Tomás Vadell, seiscientos reales de la primera y segunda Lonja, Plazo que feneció en últimos de septiembre del año noventa y cinco. 600.

Así mismo recibí de José Illá, trescientos reales de la tercera Lonja que la otra la dejó; Plazo últimos del Agosto de dicho año de noventa y cinco. 300.

Me hago cargo de trescientos reales que me entregó Florencio de la Torre, por la cuarta Lonja que fue la que dejó Illá; Plazo últimos de Agosto de noventa y cinco; por haber dejado la suya Florencio en Noviembre de noventa y cuatro, y tener pago al Cura este año. 300.

Me hago cargo de seiscientos reales que me entregó Benito Roberes por la quinta Lonja de dos años fenecidos en Agosto de noventa y cuatro y noventa y cinco. 600.

Trescientos reales por la sexta Lonja que llevó Miguel de la Fuente. Plazo últimos de diciembre de noventa y cuatro; Los que debe, y no quiere entregar más que doscientos cincuenta por que dice se le han de abonar los cincuenta restantes por reparos que ha hecho y que por causa de esto no quiere recibir dicha cantidad. Esta la lleva Cordido y estuvo acá desde últimos de diciembre del año de noventa y cuatro hasta el Agosto de noventa y cinco en la que entró dicho Cordido. 300.

Recibí de Pablo Ramos seiscientos reales por la séptima Lonja, por dos años fenecidos en junio de noventa y cuatro y noventa y cinco. 600.

La octava Lonja la llevaba Florencio de la Torre y se pasó a la cuarta que dejó Yllá la que va tomada en cargo, y la dicha octava, en noviembre de noventa y cuatro la tenía paga el Cura como llevo dicho según consta de su apunte. No se da en cargo por tenerla paga. Hoy la lleva Joaquín Feixido entró a poseerla en últimos de Diciembre de noventa y cuatro.

Recibí de Benito Roberes novecientos reales por tres años de la novena Lonja la que llevaba su cuñado Benito Bermúdez y ahora corre con ella y es la paga de los años cumplidos en últimos de Junio de Noventa y tres, noventa y cuatro y noventa y cinco. 900.

La décima lonja esta vaca, y tiene un poco de cal, arena, y teja de dicha Obra Pía.

Recibí de Andrés Vázquez, cien reales por la Bodeguita primera de las lonjas. Plazo en Febrero de Noventa y cinco.

También recibí de Fructuoso Cruceiro, trescientos veinte reales de dos años de la última Bodega cumplidos en último de Junio de noventa y cinco. Antes iba arrendada en ciento y sesenta reales y ahora se subió a diez reales más. 320.

El cuartito que lleva Joaquín Feixido en sesenta reales e da en cargo por acabarse el Plazo en último de Diciembre de Noventa y cinco.

Suma de este Cargo: 6.072.

Data

Primeramente, doy en data mil novecientos y ochenta reales que entregué al Maestro de dichas Escuelas por la paga que principió a correr desde primero de septiembre del año de noventa y cuatro hasta primero de septiembre de noventa y cinco, según consta en sus seis recibos que presentó. 1.980.

Más, doy en data ochenta y seis reales; sesenta maravedís de una mesa y dos bancas que se hicieron para la Escuela; y los veinte y seis para el escribano que hizo la Escritura. 86.

Ochenta reales de mil quinientas y cincuenta ripas; ochocientas a cinco reales y medio; y las setecientas y cincuenta a cinco reales. 80.

Cuarenta y nueve reales por siete docenas de aguieiros de castaño a siete reales. 49.

Setenta y cinco reales de diez docenas de idem castaño bueno a siete reales y medio la docena. 75.

Cuarenta y ocho reales de ocho fanegas de cal a seis reales la fanega. 48.

De tres millares de clavo de ripas. Sesenta reales. 60.

Diez y ocho reales de seis pontones de castaño. 18.

Otras cinco docenas de aguieiros de castaño son treinta y cinco reales. 35.

De dos mil y doscientos clavos de piso y un ciento de a amontonar, costaron ciento y veinte reales. 120.

Tres mil cuatrocientas tejas a once reales el ciento con cinco reales más que llevaron dos hombres por meterlas dentro de la Lonja importaron trescientos setenta y nueve reales. 379.

Por una Lancha de arena, cojerla y traerla y echarla en la Lonja, setenta reales. 70.

Ochenta y seis reales de terraplenar el piso de dichas Lonjas en varios días. 86.

De siete tablas para componer las puertas, treinta y dos reales. 32.

De otras cuatro de Don Pedro Álvarez, las que trajo el carpintero, diez y seis reales. 16.

De cuatro palos de armar de castaño tres a doce reales cada uno, y otro diez y seis importan cincuenta y dos. 52.

De dos canteros y un peón cada uno siete días los canteros a seis reales y un cuartillo de vino, y al peón cuatro y un cuartillo, componen ciento y veinte y dos reales y medio de vellón. 122.

Del carpintero Santos, treinta días de jornal, y a sisto diez y siete, son cuarenta y siete días a seis reales, importan doscientos ochenta y dos reales. 282.

Del herrero cincuenta reales por ocho palmelas de cruz, una pechadora, cuatro fijas y otras composturas. 50.

Más quinientos y cincuenta reales de mi situado según lo dejó el fundador. 550.

Con más ciento y ochenta reales para los Señores Patronos, por tomar las cuentas cada año a sesenta reales cada uno, según también se los dejó el mismo fundador. 180.

Suma de la Data: 4.370, 17.

Suma del Cargo: 6.072, 00.

Alcance: 1.701,17.

Moncho gozaba de gran facilidad para embarcar a mucha gente así como para “convencer” a las personas más adecuadas en cada momento para realizar sus “extras”. Moncho era el “alcahuete”. Él mismo destaca que fue nombrado delegado de trabajo en la época de Montenegro (Falange).

¿Cómo proceder para conseguir algo extra?

Era una pregunta a la que durante algún tiempo, quería encontrar respuesta ya que de sus “trabajos especiales” yo tenía noticia puesto que mi padre siempre me contaba algún que otro episodio así como “O Pies”:

“A los carabineros en Ferrol se les podía comprar con un par de cartones de tabaco o alguna botella de whisky . Todo lo que traíamos, lo pasábamos más fácilmente, camuflado entre las cabezas que traíamos para consumir en casa.

Teníamos que declarar algo de lo que traíamos. De lo declarado se sacaba para los carabineros. Lo “gordo” se lanzaba desde el barco al muelle en los sacos que recogían los compañeros o familiares en el puerto: ¡Ahí va un saco de cabezas!”.

“Pero chico, era muy fácil”- me contesta con puro acento cubano-.

Indistintamente, él traía y llevaba su “contrabando” – entre risas me dice que no se lo cuente a nadie, no vaya a ser que lo detengan-.

“Siempre aprovechaba situaciones de reparación del barco o ataques a puerto. En tierra yo tenía a gente cómplice. Tenía que aprovechar todo lo que podía para ganar algún dinerillo.

Llevaba de España coñac adulterado que vendía en los puertos de descanso a precio de un buen whisky de etiqueta. Botellas que procuraba embarcar cuando ya tenía la situación controlada, ya sabes, algo que regalaba en tierra, algo que regalaba a algún jefe de aduanas...

Incluso botellas de aguardiente que llevaba desde casa y dejaba escondidas en el primer puerto al que atracábamos.

No sólo llevaba bebidas: “Compraba al jefe del puerto con alguna botella de aguardiente para que me guardara los sacos de yute que eran un gran negocio, se les sacaba una buena tajada”.

En su relato vislumbro una gran seguridad en sus pasos de aquellos tiempos así que decidí intentar ponerlo en algún apuro y le pregunto cómo salía de las inspecciones de aduanas.

“Ca chico -ríe-, demasiado fácil. Yo sabía todos los escondites del barco, aprovechaba cualquier hueco, tapadera, cocina, catre, etc.

Normalmente, los de aduanas ponían los barcos patas arriba pero yo siempre salía “limpio” entre el dominio del barco y algo que le daba a D. Juan (jefe de aduanas), la situación se tornaba en totalmente normal.

Cuando se vaciaban las sacas de azúcar que llevábamos en los barcos, yo las llenaba con piezas de lienzo que tenía escondidas en las colchonetas de viruta de corcho que utilizábamos para dormir y que luego vendía en alguna panadería “amiga” ya en puerto”.

Espera que te cuento:

“Cuando se vaciaba la pipa del vino, no se podía dejar así, había que darle trabajo, ponerla a producir, vacía no valía para nada. Lo que hacía era llevarla de contrabando, normalmente whisky. Aunque una vez tuve que dejar fondeadas unas cuantas pipas en alguna situación imprevista pero salvable” – ríe-.

“Ahora soy un jubilado que vivo bien con mi casita, mi pensión aunque un tanto preocupado por la enfermedad que afecta a la familia”.

Tras recordar algunos momentos de emoción familiar ponemos fin a una larga charla llegando a la conclusión, por mi parte, de que, de no ser un viaje por aquellas tierras, nunca volveríamos a ver al hermano de mi padre, mi tío Moncho, que tantas veces estuviera de visita en casa, en su Pontedeume natal y que ahora le queda tan lejos.



PYSBE . Pasajes de San Juan. 1976

14. BIOGRAFIA DE UN VIEJO MARINERO DE LA PESCA DEL BACALAO: Daniel Bouza, “O Picos” - Pontedeume

A las personas más jóvenes, quizá no les diga nada la historia aquí recogida; un modo de trabajo tradicional de la pesca, en este caso la pesca de altura y una factoría que tuvo una relevancia económica en nuestra comarca y que ayudó mucho a levantar la economía de nuestros padres y abuelos: Pysbe. Bacaladeros, barcos a carbón, largos y arriesgados viajes, vida fuera y muy lejos de casa, peligros de muchos tipos como los de mar bravía, tormentas, mares helados, etc.

Hoy todo aquello queda en la historia de las personas porque “*de las Pirámides, el Partenón etc. quedan vestigios, pero de Pysbe ha desaparecido hasta la última piedra. Triste*” (Enrique Pérez Sostoa ex telegrafista de Pysbe).

En la siguiente historia recojo lo que fueron las etapas de la vida de un viejo marino en su recorrido por este océano humano lleno de “peces”, familia, amigos...

La historia comenzaba un 3 de febrero de 1922 cuando, en un pequeño pueblo pesquero: Pontedeume, (en otros tiempos de la historia Pontumio, Ponte do Demo...), nació un niño en el seno de una familia humilde que sería el cuarto de diez hermanos. Sus padres le pusieron de nombre Daniel y conservaría el apodo de la familia: Daniel “O Picos”.

Ya de chicos, todos los hermanos, comenzaban duras tareas para ganarse la vida y al mismo tiempo ayudar a la economía familiar: algo de marisqueo en la ría, algunas cestas de mejillones que, cocidos, servían de “buen alimento”, incluso compartido por gente tan pudiente como los hijos de D^a Pilar Franco Bahamonde (a la postre hermana del Caudillo Francisco Franco), algunas piñas de los pinos en los montes de Taboada y Hombre (aldeas próximas a Pontedeume) y que vendían en Ares, puerto al que llegaban en una barca a remos llamada “Los siete hermanos”, a gentes que se las encargaran.

Ya casado con Josefa, eran los dos los que, hombro con hombro, iban a remos hasta Ares para vender las piñas

Daniel estuvo, ya de mozo, un tiempo de prueba como mecánico de bicicletas junto a Manolo Prego, “O Bicicletas”, tarea de la que sus padres pensaban que no sería de provecho para él, obligándolo a dejarla. Otro intento frustrado fue el que Daniel hizo para entrar en Bazán, de la mano de un miembro de la familia de los “Abellóns” de Pontedeume. La voluntad de su padre siempre se imponía.

Daniel “O Picos” tenía un buen “colega” en su hermano Benito. Eran buenos mariscadores y pescadores. Muchos trabajos y viajes juntos. Contaba Daniel que una vez fuera a mariscar al berberecho a Miño en un pequeño motor con su hermano. Tanta cantidad recogieron que cuando llegaba el resto de la flota ellos ya estaban listos para volver a casa. Para la

venta tenían un tope de capturas pero ellos le “regalaban” a los vigilantes el valor de un tope y así podían vender muchos más kilos. Época de pillerías sin duda.



Taller de Manolo Prego, “O Bicieletas”



Bacaladero “Mistral”, primer barco de embarque de Daniel

“Mistral” donde desempeña el cargo de mozo, cargo que no le duraría ni una campaña completa. Ya mediada la campaña empezaría como ayudante de redero. Seguirían maquinero, redero...

Daniel, un día tres de febrero de 1949 decidió probar lo que sería su trabajo en el futuro, el de marinero en la pesca de altura, de la mano del capitán Zaragoza al que llegara a través de la Sra. Lola, una de las dos entrañables hermanas que por aquella época vivían en la calle Galiano en la ciudad de Ferrol. Embarca en los bacaladeros de la Pysbe, siendo su primer barco el

Su periplo comienza en el puerto de Ferrol y duraría hasta 1970.

15. RECUERDOS DE NIÑEZ

Todo esto es historia que en algunas personas como yo dejaron un recuerdo y una profunda huella: juguetes que venían de Terranova, olor a bacalao cuando papá llegaba

cargado con el saco blanco y la maleta y que permanecía durante días aromatizando nuestra casa, días de cumpleaños y Primera Comunión sin su presencia. Cuando llegaba a casa apenas podía disfrutar con él ya que, en cualquier momento, se podría producir la llegada de aquella indeseable moto Vespa de Correos que pilotaba Tinito y que traía entre sus manos aquella hoja azul con las palabras escritas sobre unas tiras blancas (un nuevo telegrama de embarque) y que suponían el “otra vez”, cuando, algunas veces, aún empezaba a saborear su presencia.

Mi padre ya sabía el día de embarque pero se desconocía el desembarque que, alguna vez, y no por suerte, fue breve debido a la factura que todos los trabajadores tienen que pagar y que pende sobre su cabeza: un accidente del que alguna vez salió mejor y otras, peor parado pero salió. Fue en 1970 cuando aquel “visitante” puso el punto y final a su travesía por los lejanos mares dejando graves secuelas en su brazo derecho.

Era un punto y final a una larga singladura pero la vida tenía que continuar. Daniel no era una persona conformista, derrotada y mucho menos abandonada a su suerte.

Otra ventana se abría en su vida porque a él, lo que nunca le faltó fue el coraje y las ganas de trabajar y de ayudar. Caminos por los que intentaba ayudar al desarrollo de los objetivos que él, al lado de la Sra. Josefa, “a sua rapaza”, como a él le gustaba llamar a mi madre, durante sesenta años, querían conseguir.

Ya en su villa natal, una vez retirado por ese grave accidente, Daniel deriva a la actividad del marisqueo, con su pequeño ligón, su espejo y su zabala colgada en la cintura, haciendo gala de su maestría marisquera o a la de la pesca en su bote “Río Eume” primero a remos y luego ayudados por un pequeño fueraborda, bien acompañado por buenos amigos.

También empleos temporales de guardia nocturno en algún hotel de la localidad o en las afueras. Todo ello porque las pensiones a las que un hombre de mar, de toda la vida, tenía derecho, a duras penas llegaban para comer, se trataba de “ir tirando”.

En sus ratos libres de paseo por el puerto echaba una mano, por pasar el rato, a los tripulantes de algún barco de cerco que había llegado con alguna avería en sus aparejos, era hombre de coger aguja e hilo y ponerse manos a la obra sin necesidad de que nadie se lo pidiera.



Hacia la faena del marisqueo a pié

Nuestro padre vivió, sufrió y disfrutó haciendo lo que más le gustaba, enfrentándose, a veces, a situaciones límite, pero como él decía, “todo tiene remedio menos la muerte, de trabajar nadie muere”.

Llegará la época, como él decía, de que trabajarán los demás que él ya trabajara bastante. Duros años de navegación como cuando contaba que tuvieran que encerrar a un capitán para intentar la entrada, con mal tiempo, en Pasajes y se hicieran cargo de la maniobra su hermano Benito y él mismo. Siempre con una simple mirada al cielo y ver la dirección del viento, hacía un pronóstico exacto del tiempo. .

Tiempos en los que las visitas a la doctora Pilar y a su enfermera se iban haciendo más continuas. Como él decía había que ir poniendo “algo de tela asfáltica”.

Un día de febrero del 2006, día del que prefiero no recordar nada más que su número, amanecía con viento, con lluvia y muy oscuro, día de crudo invierno. El mal tiempo aconsejaba el “amarre de la flota”. Mi padre ese día decidió “amarrar” su barco en espera de “mejores tiempos” que pudieran permitir el trabajo en “mares desconocidos”. Quizá la “aventura” de una nueva vida. Ese día a Daniel le llegó el telegrama del día de embarque, era el día 17 de febrero. Aquel telegrama traía aquella fecha de embarque pero no la duración de la campaña, como de costumbre, pero el color de aquel telegrama no era azul; era celestial. En su maleta llevaría su ilusión, su trabajo, su familia, su obra bien hecha, sus amigos...

16. HISTORIA DE EMBARQUE POR MARES DE TERRANOVA:

Daniel Bouza - Daniel “O Picos”

COMPAÑÍA PYSBE – Relación de barcos donde estuvo embarcado		
Bacaladero “Mistral”		
03 / 02 / 49	20 / 12 / 49	mozo
18 / 03 / 50	23 / 12 / 50	ayudante de redero
12 / 02 / 51	12 / 12 / 51	ayudante de redero
21 / 02 / 52	13 / 08 / 52	tronchador
11 / 09 / 52	20 / 01 / 53	tronchador
20 / 01 / 53	04 / 03 / 53	tronchador
04 / 08 / 53	16 / 12 / 53	tronchador
26 / 02 / 54	14 / 12 / 54	redero 2º
Bacaladero “Galerna”		
17 / 01 / 55	28 / 10 / 55	tronchador

Bacaladero “Cierzo”		
28 / 02 / 56	18 / 02 / 57	maquinillero
18 / 02 / 57	18 / 11 / 57	maquinillero
24 / 01 / 58	07 / 12 / 58	maquinillero
Bacaladero “Euskal Erría” - Pasajes		
29 / 08 / 59	19 / 01 / 60	tronchador
Bacaladero “Brisa” - Ferrol		
11 / 03 / 60	06 / 10 / 60	maquinillero
19 / 01 / 61	12 / 12 / 61	maquinillero
Bacaladero “Ábrego” - Pasajes		
15 / 01 / 62	18 / 01 / 62	marinero
Bacaladero “Brisa” - Ferrol		
25 / 01 / 62	11 / 12 / 62	maquinillero
30 / 01 / 63	18 / 11 / 63	maquinillero
13 / 01 / 64	27 / 11 / 64	maquinillero
02 / 02 / 65	01 / 07 / 65	maquinillero
Bacaladero “Virazón” - Pasajes		
12 / 01 / 66	27 / 06 / 66	maquinillero
Bacaladero “Céfiro” - Pasajes – Campaña de accidente		
25 / 01 / 67	11 / 10 / 67	maquinillero
Bacaladero “Virazón” - Transbordo al “Alisio” en el mar		
05 / 06 / 68	10 / 06 / 68	redero 1º
Bacaladero Mistral “Alisio” - Ferrol		
14 / 06 / 68	11 / 09 / 68	redero 1º
Bacaladero “Céfiro” - Ferrol		
15 / 01 / 69	17 / 12 / 69	redero 1º
28 / 01 / 70	30 / 01 / 70	redero 1º desembarco por accidente

17. AGRADECIMIENTOS

Mi agradecimiento a todas las personas que de una manera u otra contribuyeron en la elaboración de este trabajo; y en especial a las que me ayudaron a encontrar la huella dejada por Daniel Bouza Vilela (“Daniel O Picos”), mi respeto y mi mayor agradecimiento.

Este trabajo va dedicado a la memoria de todas esas personas, de la vida del mar, marineros, pescadores, mariscadores y demás; fallecidas o no, que nos honraron con el testimonio de su trabajo. En especial a ese VELLO MARÍÑEIRO que dejó tan honda huella en mi.

Dña. Mercedes Fernández - (Ferrol)
 Dña. M^a Ángeles Rivera Torres “Gelines” - (Ferrol)
 D. Juan Iñarra Garmentia - (Ferrol)
 D. Jesús Piñeiro Iglesias “O Pies” - (Pontedeume)
 D. Jesús Esnaola - (Bermeo)
 D. Pedro Esnaola - (Bermeo)
 D. Nicolás Pereira “O Uracha”- (Mugardos)
 D. Francisco “Paco O Mincha”- (Mugardos)
 D. Jesús Piñeiro “O Ñei” - (Pontedeume)
 D. Enrique Bouza Vilela - (Pontedeume)
 D. Enrique Pérez Sostoa - (Donosti)
 D. Ramón Bouza Vilela - (Miami- Florida)
 Familia Hernández Mahía - (Ares)
 Profesor Enrique Sanfiz
 Cofradía de Pescadores de Pasaia - (Pasajes de San Juan)
 Cofradía de Pescadores de Bermeo.
 Colaboración Especial: Javier Montero Graña

Sería mi deseo que en nuestra comarca, se tomara conciencia de la importancia que tuvo una actividad tan propia de nuestra zona como es el trabajo en el mar, en este caso la pesca de altura y se intentara recoger y registrar por escrito o en documentos gráficos un tema que realmente bien lo merece. Un trabajo especialmente sacrificado y muchas veces de gran peligro como es el de la navegación de los marineros de la pesca por nuestro océano atlántico.

No debiéramos dejar todo en el olvido.

18. BIBLIOGRAFIA CONSULTADA

- “Revista”, Ferrol S. XX.
- “Ferrol Análisis” nº 22. -“PYSBE: Bacallau con denominación de orixe de Ferrol. Sanfiz, Enrique.
- “Revista de estudios marítimos del País Vasco”.
- ITSAS Memoria nº 3
- TOLOSA BERNÁRDEZ, M^a Teresa: *La pesca del bacalao en el S. XX: El caso de la compañía PYSBE.*
- LÓPEZ LOSA, Ernesto: *La pesca en el País Vasco. Una visión a largo plazo: S. XIX-XX.*
- ITSAS Memoria nº 4.
- URRUTIA OCHOA, Peio: *El Gran Banco de Terranova: mareas, mitos y miserias.*
- ALDAZ, Arantxa: - *Dos marineros de Goierri - Cuando Pasaia era una fiesta, “Diario Vasco”.*

- PRIETO, Rosa: *De pescadores a soldados del mar*, “La Opinión”.
- GARCIA ORELLÁN, Rosa y BEOBIDE ARBURÚA, Joseba: *Hombre de Terranova. La pesca del bacalao (1926-2004)*.
- GARCIA ORELLÁN, Rosa: *Rumbo al Gran Banco: una etnohistoria de la pesca industrial del bacalao*.
- Archivos fotográficos personales y otros rescatados de diferentes páginas webs de internet.
- LORENZO, Xaquín: *O mar e os ríos*. Biblioteca Básica da Cultura Galega.

PÁXINAS DE PONTEDEUME NA PRENSA GALEGA DA EMIGRACIÓN EN ARXENTINA

Guillermo Llorca Freire

No Número 7 de *Cátedra*, correspondente ao ano 2000, escribín un artigo de título semellante, pero referente a Cuba e nel sinalaba a escasa presenza de estudos sobre Pontedeume en América. Agora, transcorridos once números máis desta magnífica publicación, as referencias sobre este tema seguen sendo moi escasas e ningunha sobre os eumeses en terras arxentinas.

Como no resto dos concellos bañados polo Golfo Ártabro o fenómeno migratorio levou, a partir de mediados do século XIX, a moitos paisanos desta terra a emigrar e asentarse na capital a Arxentina e tamén noutros territorios dese inmenso país, como en Avellaneda, onde á altura de 1913 estaba constituída a sociedade Hijos del Partido de Puentedeume¹.

Unha fonte documental que nos informa a cotío da súa presenza nola proporciona a prensa galega da emigración na Arxentina. Dende o mesmo momento do seu nacemento xa se atopan referencias sobre a vila eumesa. Así no semanario *El Gallego*, pioneiro de todas esas publicacións, e editado en Bos Aires en 1879, aparece dentro da serie *Galicia Pintoresca* un artigo do escritor ferrolán Benito Vicetto, que leva por título *Puentedeume*, publicado no número 19, do 31 de agosto de 1879.

Outras cabeceiras da capital bonaerense tamén aportan numerosos testemuños, *El Eco de Galicia* que da cabida nas súas páxinas, do 10 de outubro de 1897, ao artigo titulado: *El Puente del Eume*.

É de salientar, igualmente, a valiosa información que proporciona a colección do anuario *Almanaque Gallego*, editado entre 1898 e 1927, e que ven de recoller en facsimile, en seis volumes, o Consello da Cultura Galega. O primeiro en iniciar as referen-

1. FARIAS, R. *Unha sociedade galaica cun ámbito de referencia crioulo. O Centro Gallego de Barracas al Sud/Avellaneda*, p. 115.

cias sobre Pontedeume é o emigrante eumés Matías Fernández Murais, cando escribe dende Río de Xaneiro unha sentida reflexión, adicada ao seu pai, co título de *El Viatico*, publicado no ano 1900. Nel escribe o que segue:

(...) Tácitamente me despedía del incomparable monte Breamo, sobre cuyas verdes laderas lanzaba el sol de junio sus fulgurantes rayos, reflejando en mi mente la antigua capilla que aún existe coronando su cumbre, postre recuerdo de los templarios; de la vetusta “Pontudomio” (Puentedeume) asentada en su base; y de su histórico puente, bajo cuyos arcos corre el Eume a precipitarse en el Atlántico, y de aquel esqueleto (Castillo de Andrade) que en la cúspide de la alta montaña nos recuerda el inexpugnable castillo del noble caballero Fernán Pérez de Andrade.

O final deste escrito reflicte o amargo sabor da emigración con estas palabras:

(...) el destino me llevaba de nuevo a América, y demasiado sabía que una vez en ella, y de ser sorprendido por la muerte, el cariño de la familia, los auxilios de la religión y el consuelo de los amigos no pasarían de una quimera.


¡Féliz! – me decía yo – el que muere rodeado de los suyos, recibiendo los socorros de la religión, y aspirando, en su última boqueada “aos aires d’a terra”.

Desgraciado, mil veces desgraciado el que siente morir rodeado de la opulencia, pero lejos del hogar, separado de sus mayores afectos (...).


O escritor ferrolán Nicolás Fort y Roldán aporta outras páxinas de referencia co seu artigo *Puentedeume militar*, aparecido no anuario para 1911 co que aborda os capítulos de *Las fortificaciones en el siglo XVIII*, *Sucesos militares de este siglo*, *Proyectos defensivos de 1804*, *La división de la izquierda* e *De 1805 a 1808*.

Este mesmo autor colabora tamén en *El Eco de Galicia* cunha serie de artigos, como *Caabeiro*, aparecido o 30 de novembro de 1908.

Este mosteiro volve ser tema de dous artigos máis, un do mesmo título, aparecido tamén en *El Eco de Galicia*, con data do 30 de novembro de 1908, e co nome de Caaveiro, en *Suevia*, que ve a luz en 1916. Volvendo ás páxinas do *Almanaque Gallego*, o número correspondente ao ano 1916 ven ilustrado con varias fotografías da vila, cos nomes de: *Castillo de los condes de Andrade*, *Vista General de Pentedeme*, *Colegiata de San Juan de Caaveiro* e *Rio Eume*. Nesas mesmas páxinas aparece un artigo de César Vaamonde Lores, que leva por título *Nuño Freire de Andrade*, acompañado con dúas fotografías,




CASTILLO DE LOS CONDES DE ANDRADE,
en la parroquia de Nogueirosa, ayuntamiento de Puentedeume



VISTA GENERAL DE PUENTEDEUME

unha co sartego do protagonista e outra coa torre da homenaxe. Este mesmo autor regala a súa obra sobre *Ferrol y Puente deume* á Biblioteca do Centro Gallego, según recolle o seu *Boletín*, con data do 1 de xuño de 1917.



Ilstr. 2. *Almanaque Gallego para 1916*, p. 53

No *Almanaque para 1917* asoman outras imaxes da vila eumesa: *Concurso de ganado e Tejo en Puente deume*.



Ilstr. 3. *Almanaque Gallego para 1917*, p. 28



TEJO, EN PUENTEDEUME


Ilstr. 4. *Almanaque Gallego para 1917*, p. 63

Outra fotografía localízase no número de 1919 e leva por título *Puentedeume: Nocturno*. A *Iglesia parroquial de Puentedeume* é outra das imaxes fotográficas que figuran no anuario de 1921.



Ilstr. 5. Almanaque Gallego para 1921, p. 69

A *Capilla de Breamo* é unha ilustración máis que aparece no número de 1922.



Ilstr. 6. *Almanaque Gallego para 1922*, p. 50

Pablo Pérez Constanti é o autor da colaboración *Recuerdos de Puente de Ume*, publicada no anuario correspondente a 1926, e na que se aproxima aos temas de: *El servicio médico en los siglos XVI al XVIII*, *Las antiguas fiestas de San Roque* e *Una ordenanza de 1622*.

Nova Galicia da cabida nas súas páxinas, do 1 de xaneiro de 1904, a un traballo de Manuel Amor Meilán: *A ponte do demo*, na sección de *Leyendas Gallegas*. De novo un emigrante, Cipriano Vila, escribe nesta publicación, con data do 9 de decembro de 1906: *Cartas pr'a alá*, dirixida á *Señora Pilara Cacharreira de Xán*, de Pontedeume, das que recollemos estas palabras, que reflicten a fondura dos seus sentimentos ante a ausencia dos seus seres queridos:

Miña preciosa virxen: meu querido luceiro: Ogallá que candos raches o sobre onde vai gardada esta carta, estas con salú, ti e máis o noso pequerecho. Eu alcóntrome sempre no mesmo emprego de porteiro no Rexistro civil (...)

Quero saber si o neno perdeu o viceo de cortar as uñas cos dentes: quero

saber si Don Aniceto o Tatexo, che sigue despertando de noite petándoches á porta. Quero que lle repitas po-l-o ferrollo (...) e lle digas que como Dios me deixe ir alá, eille de meter a cabeza unha hora no fondo do pozo d'a Citoula. Ti, meu caravel d'e azafrán, sigue reuta, que nada perderás.

Un destes días penso retratarme na máquina de Serafín Cortés Maneiro, e, ¡xa me verás! quen sabe si me conoces, pois deixei a patilla, e mesmo feguro ser un gallego d'o ano trinta.

Si viras, Pilariña, canto n'acordo de ti todo-l-os sábados cando se fan unha chea de casamentos n'as ofecinas que eu coido. ¡Po-l-a tua salú, cas propinas que me dan, vou o almacén de Don Jesús Dapena, Calle Maipú 900, beber un vaso de "lágrimas domiño". ¡Que viño! Eche o que me saca as penas do corpo.

(...) Por si acaso chegamos a ter, ti e máis eu, algunha criaturiña máis (...) á nena ou o que sexa poñerémolle de nome "Libertá".

Libertá, miña Pilara, Libertá. Con ese nome hay q'asustar os chanchulleiros do Congreso de Madrid, e os cregos (...)

Recibe moitas memoreas de Arturo, de Sande, de Agustín Dieguez, unha chea d'elas, e da tua prima Soledá

(...) Dalle dous bicos á Leliño, e ti, cantos queiras do teu pichon.

No rigoroso traballo documental de Xesús Andrés López Calvo² e no perfil biográfico do mestre e escritor eumés Antonio Couceiro Freijomil, que recolle Carlos de Castro Álvarez no seu interesante libro³, reséñanse as súas colaboracións xornalísticas nos medios galegos, pero ningún dos dous investigadores menciona os seus escritos na prensa da emigración en Arxentina. Así *Nova Galicia*, con data do 11 de febreiro de 1906, recolle *Buscando otra patria*, poema en castelán no que denuncia o drama da emigración e que comeza con estes versos:

*¡Qué triste, qué pobre
Galicia se queda!...
Buscando otra patria mejor que la suya
los pobres labriegos se van á la América
y dejan ¡quién sabe! tal vez para siempre
su plácida tierra (...)*

Outro poema, en galego *¡Pobrecitos!*, sae no número do 6 de maio do mesmo ano. O correspondente ao 29 de xullo reproduce *Versos libres*, de novo en castelán.

2. Antonio Couceiro Freijomil (1888-1955) na estela dos patriarcas das letras galegas, pp. 27-79.

3. Calles, Plazas y Jardines de Pontedeume. Denominación, Morfología y Actividad en el Espacio Público (1270-1970), pp. 38-39.

No *Boletín Oficial del Centro Gallego*, con data do 1 de marzo de 1914, escribe a súa colaboración: *Enseñanza de la lengua gallega*.

Acción Gallega. Revista Mensual de la Casa de Galicia da cabida nas súas páxinas, do 31 de abril de 1923, a unha nova colaboración titulada *La ría del Eume*.

En *Céltiga*, con data do 25 de marzo de 1931, publica *Canto a Galicia*, que fora premiado cun acesit no Certamen de la Asociación de la Prensa, de Ourense.


Os seus escritos xornalísticos exténdense fóra da capital bonaerense, como no *Boletín Oficial del Centro Gallego de Avellaneda*, que publica *Conto*, en febreiro de 1927.

A Nosa Terra

Unha última referencia das súas colaboracións témola en *Orzán. Revista del Centro Coruñés de Buenos Aires*, que se comeza a publicar en 1948.

En xuño de 1955 a revista *A Nosa Terra* reseña a morte deste brillante intelectual, coas palabras que reproducimos a continuación:

Amais das aportacións xornalísticas e das ilustracións fotográficas, recollidas neste traballo, da correspondencia epistolar sostida dende as dúas beiras do Atlántico entre os emigrantes e as súas familias, das novas da Arxentina transmitidas polos retornados, comerciantes, mariños e viaxeiros, hai que salientar tamén algun-



has publicacións periódicas editadas en Pontedeume, que se recibían nas sociedades microterritorias ou nos centros galegos da capital e doutras cidades da Arxentina. É o caso de *El Eco del Eume*, que se envía gratuitamente, según informa o *Boletín Oficial del Centro Gallego*, de Bos Aires, do 1 de xaneiro de 1913. A esta fluída comunicación mantida entre eumeses e porteños hai que engadir a información periódica de acontecementos diversos da vila que se recollían na prensa da emigración. Velaí algúns casos:

En *El Gallego*, con data do 2 de febreiro de 1880, aparece: concédese a José M. Roberes e a Francisco Paz autorizacións para crear na vila dous parques de ostricultura.

En *El Eco de Galicia*, do 30 de xullo do 1897, infórmase de que varios ciclistas da Coruña proxectan unha excursión en velocípedo a Pontedeume.

Aires d'a Miña Terra da conta de tres novas en dous números publicados o 10 e o 17 de marzo de 1908:

Celebración dun baile nun alpendre da casa de Ramón Tenreiro, en Esteiro, na parroquia de Nogueirosa.

Ven de constituirse en Pontedeume baixo a dirección de Daniel Vizoso e de Jesús Calvo unha masa coral que leva o nome de Coro H. Pertencen a ela 34 orfeonistas e os cargos directos están ocupados por:

Presidente honorario: Rodrigo Pardo González.

Presidente: Ramón García Novoa, avogado.

Depositario: Fermín A. Suárez Gómez.

Vogais: Daniel Vizoso, Jesús Calvo, Meanio Roberes.

Secretario: Ramón Pena.

A praza de San Roque, de Pontedeume, ven de converterse nunha das ramblas de Barcelona por mor dos numerosos petardos que queiman os rapaces a todas as horas do día.

BIBLIOGRAFÍA

- CASTRO ÁLVAREZ, C. DE, *Calles, Plazas y Jardines de Pontedeume. Denominación, Morfología y Actividad en el Espacio Público (1270-1970)*, (s. l.), Concello de Pontedeume, 2007.
- FARÍAS, R. *Unha sociedade galaica cun ámbito de referencia crioulo. O centro Gallego de Barracas al Sud/Avellaneda*, Estudos Migratorios, Santiago, 2010.

LOPEZ CALVO, X. A. Antonio Couceiro Freijomil (1888-1955) na estela dos patriarcas das letras galegas, “Cátedra”, nº. 12, Pontedeume, 2005.

DVD

PEÑA SAAVEDRA, V. (Coord.) *Repertorio da prensa galega da emigración*, Consello da Cultura Galega, 1998.

PRENSA CONSULTADA

“Aires d’a Miña Terra”, Bos Aires, 1908.

“Almanaque Gallego”, Bos Aires, 1900, 1916-17, 1919, 1921-22, 1926.

“A Nosa Terra”, Bos Aires, 1955.

“Acción Gallega”, Bos Aires, 1923.

“Boletín del Centro Gallego”, Bos Aires, 1913-14, 1917.

“Boletín Oficial del Centro Gallego de Avellaneda”, Avellaneda, 02-1927.

“Céltiga”, Bos Aires, 25-03-1931.

“Eco de Galicia, El”, Bos Aires, 1897, 1908.

“Gallego, El”, Bos Aires, 1879-80.

“Nova Galicia”, Bos Aires, 1904, 1906.

“Suevia”, Bos Aires, 1916.

A ARTILLARÍA DA FRAGATA *MAGDALENA*

José López Hermida
Pedro Rodríguez

O día dous de novembro de 2010 cumpriuse o douscentos aniversario do naufragio da fragata española *Magdalena* e o bergantín *Palomo* na ría de Viveiro, debido a un fortísimo temporal do noroeste.

Na Guerra da Independencia e na Campaña do Cantábrico organízase unha operación conxunta con tropas españolas e británicas, denominada Expedición Cántabra -transportada por mar-, coa misión de apoiar as tropas do exército, na conquista da praza de Santoña; xa dende o ano 1809 Díaz Porlier dera varios golpes de man con éxito en Lequeitio, Baquio, Plencia e na mesma Santoña. Esta operación estaba dirixida polo mariscal de campo don Mariano Renovales y Santelices¹ (Biscaia) e a forza naval estaba ao mando do capitán de navío don Joaquín Zarauz y de Santander². A misión principal era tomar a praza de Santoña, praza de grande importancia por ser unha posíbel base terrestre para actuar en toda a zona e unha base marítima para o curso francés³, que estaba ocupada polos franceses, e unha vez tomada, mellorar a súa fortificación e establecer un centro de operacións. Mais o resultado foi un verdadeiro desastre, motivado principalmente por realizar a operación en pleno outono, época na que comezan os temporais no Cantábrico. Despois de varios avatares, os restos da flota dispérsanse polo mal tempo e concéntranse nun punto de reunión acordado no plan de operacións, a ría de Viveiro, onde acontece o por todos coñecido: o naufragio onde perderon a súa vida un bo número de tripulantes naturais desta bisbarra, de onde procedían as dotacións.

“El comandante general del departamento (Ferrol), penosamente afectado lo expresó en estos términos: “¡Que días de juicio antes de ayer, ayer y hoy se han representado en este pueblo! No se oye otra cosa por las calles y

1. Natural de Acendates (Vizcaya).

2. Natural de Laredo (Cantabria).

3. MARTÍNEZ VALVERDE, Carlos. *La Expedición Cantabra, del mariscal de campo Don Mariano Renovales*.



Monumento situado na praia de Covas (Viveiro)

casas que lamentos, lloros y sollozos de la multitud de familias que han quedado huérfanas y desconsoladas”⁴.

Non se sabe con exactitude cando se montou por primeira vez unha peza de artillaría a bordo dunha embarcación, pero si sabemos que na metade do século XIV abonda-



Placa do monumento

4. FERNÁNDEZ, Cesáreo: *Naufraos de la Armada Española*, Madrid 1867. Establecimiento tipográfico de Estrada, Díaz y López. Hiedra 5 e 7. Páxina 224.

ron os testemuños de lombardas embarcadas⁵, e até finais do século XVI a artillaría nos buques é considerada un petrecho máis. Co desenvolvemento desta arma afiánzase como imprescindíbel a bordo, téndoa en conta xa dende o proxecto de construción do buque, influíndo na súa fisionomía e configuración, chegando a denominarse os buques polo número de canóns. Os tipos de pezas e as súas montaxes embarcadas, até finais do século XVII, eran os mesmos que os utilizados polo Exército en terra.

Dende os principios da artillaría pirobalística até a primeira metade do século XIX podemos dividila en tres grandes épocas: do ferro forxado, do bronce e de ordenanza.

O material empregado na primeira época, ou do ferro forxado, durou en España até mediados do século XVI, relevado pola fundición de ferro e bronce como material de construción das pezas de artillaría, convivindo estes dous metais até a primeira metade do século XIX, cando practicamente se deixa de usar o bronce na fundición de pezas.

As pezas de ferro fundido resultaban máis fráxiles que as de bronce e máis pesadas, pero en cambio tiñan a vantaxe de ser máis baratas. A Mariña, dado o gran número de pezas necesarias para o artillado dos buques, adopta esta solución máis barata, que se xeneraliza na Mariña a mediados do século XVII, agás os calibres menores de catro libras, artillados nas bordas, gáveas e embarcacións menores, que continúan a ser de bronce; mentres, o Exército adopta as pezas de bronce para campaña e sitio, empregando as de ferro para as defensas de costa.

PEZAS DE BRONCE

Despois de varios anos de emprego do ferro forxado para construción das pezas de artillaría, introdúcense modificacións, unha das cales se produce en Alemaña, durante o século XV, dando lugar á artillaría de fundición, sobre todo a base de bronce. Este avance tivo a súa orixe nos fundidores de campás, e non foi repentino, tardando varios anos en relevar ás bombardas de ferro forxado, non xeneralizándose o seu emprego até o século XVI. O bronce predominou sobre o ferro fundido en España, Francia e Italia. No século XVII comezouse a empregar o ferro fundido en España, para a artillaría de Mariña, nos calibres maiores de 4 libras (o custo elevado dos canóns de bronce impedía a súa xeneralización nas grandes Mariñas, fundamentalmente pola súa economía: por cada peza de bronce facíanse dez de ferro, e ao ser numerosas as pezas dun navío o custo era elevado). Na primeira metade do século XVI xa se fundían canóns en Barcelona e Málaga e no XVII Sevilla convértese na grande fábrica de canóns de bronce, que coa Ordenanza de 1802 pasa a ser a única que queda a cargo da Artillaría do Exército.

5. FERNÁNDEZ DURERO: *Disquisiciones Náuticas*, Volume I.

En Sevilla é onde se fundiron no ano 1791 os obuses de bronce recuperados do pecio da fragata *Magdalena*, hoxe custodiados nos Museos Navais de Ferrol e Madrid.

O Exército continuou usando pezas de bronce, material por excelencia para a fundición de artillaría, debido ás súas propiedades especiais como: dureza⁶, tenacidade⁷ e elasticidade⁸; pois nesta época as presións que a pólvora exercía no interior da ánima eran baixas. Da construción das pezas de bronce encargábase a Artillaría do Exército de Terra.

PEZAS DE FERRO

Como queda dito, a Mariña adopta a artillaría de ferro coado. O ferro coado ou líquido era coñecido dende antigo, pero no século XVI parte dende Inglaterra o método de fundir os canóns de ferro. Estas primeiras fundicións non dependían do Estado, traballaban para el por medio de contratas. No ano 1640 fundouse a fábrica de La Cavada, que, xuntamente coa de Lierganas (Cantabria), dedicábanse á fundición de pezas de artillaría, dependentes de particulares até o ano 1763, ano en que o Estado as compra e as pon baixo a dirección da Artillaría do Exército, para pasar máis tarde a depender da Mariña.

REGULAMENTACIÓN

No século XVIII, á chegada dos Borbóns ao poder, a Mariña estaba falta dunha regulamentación que regulase tanto a construción naval como o seu armamento. Con eles comeza en España un proceso de organización, regulando as industrias militares, que até entón estaban rexentadas por particulares, co sistema de asentado. Tamén se regula a construción da artillaría, pois este material era tan variado que resultaba un verdadeiro caos o mantemento e subministración de municións e accesorios que complicaba o posterior labor do artilleiro no combate.

Até este momento, a artillaría de terra e mar era a mesma con pequenas diferenzas. O deseño das pezas e as súas municións era a capricho dos fundidores, que no estiveron suxeitos ao servizo do Estado até finais do século XVII cando se comezaron a unificar os calibres coas ordenanzas reais (pezas regulares) o resto até a súa desaparición (pezas irregulares). Coa Ordenanza de artillaría do ano 1802 unifícanse todas as fábricas de artillaría de bronce na de Sevilla baixo a dirección do Exército.

6. Para non sufrir desgaste co rozamento do proxectil no seu percorrido polo interior do tubo.

7. Para resistir a presión dos gases no momento do disparo, sen rebentar.

8. Para que despois da presión sufrida, poida volver ao estado anterior ao disparo.



REGLAMENTO GENERAL
DE QUANTO ABRAZA
EL TOTAL ARMAMENTO
DE LOS
NAVIOS, FRAGATAS,
Y CORBETAS
DE LA
REAL ARMADA,

DESDE LA MANGA DE 29. CODOS HASTA LA DE 14.
sugeto á la medida de Burgos, que rige actualmente en los Arsenales,
aprobado, y mandado imprimir por S. M. en 21. de Agosto de 1790.

EN SANTIAGO:

Por D. Ignacio Aguayo y Aldemunde,
Impresor del Real Acuerdo, Intendencia, y Rentas, &c.

Año de 1792.



A Mariña, como xa sabemos, adopta a artillaría de ferro para as súas embarcacións. Dende 1760 as fábricas de Lierganas e La Cavada están baixo a intervención técnica do Estado, deixándoas baixo a dirección do Exército no ano 1764 e até o de 1781, ano en que pasan a depender da Mariña⁹.

Coa chegada da Artillaría de Ordenanza¹⁰, as pezas de mar e terra van especializándose. A partir da Ordenanza de 1728 a Mariña adopta as súas, diferentes ao Exército, nas que inclúe as pezas de ferro empregadas polo Exército na defensa de costa.

As ordenanzas adoptadas polo Exército foron as dos anos: 1718, 1728, 1743, 1783.

Entre as Ordenanzas da artillaría da Mariña, debemos distinguir: O Regulamento de Artillado, que sinalaba o número e calibre das pezas que deben de artillar os diferentes buques.

Os regulamentos de canóns, que determinaban as características das pezas, aprobaronse catro nos anos 1728, 1752, 1765, 1783 e 1784.

O Regulamento xeral de canto abraza o total armamento dos navíos, fragatas e corvetas da Real Armada, aprobado o 21 de agosto de 1790.

A fragata *Magdalena*, que tiña 34 canóns, montaba o seguinte armamento:

26 canóns de ferro de 8 libras.

8 canóns de ferro longos de 4 libras.

10 obuses de bronce de 3 libras.

Total: 43 canóns.

Polo Regulamento de obuses para o artillado dos buques da armada, dado en 18 de decembro de 1798, as fragatas de 13 a 14 portas artillaban:

Batería 4 obuses de 36 libras

Castelo 1 obús de 24 libras

Alcázar 5 obuses de 36 libras.

Banda 4 obuses de 36 e 6 de 24 libras.

Total: 20 obuses

Do regulamentado á realidade neste caso concreto podemos ver algunhas diferenzas, para o cal nos baseamos nas pezas recuperadas no pecio da nosa fragata e das fontes escritas.

9. SUÁREZ MENÉNDEZ Roberto. *La Industria Militar Española anterior a 1808*.

10. Abrangue dende o século XVIII á metade do XIX.

PEZAS

As pezas de artillaría divídense en canóns, obuses e morteiros. As pezas no século XVIII eran de ánima lisa. Os canóns, até a chegada dos obuses, eran a peza fundamental na Mariña. O seu calibre denominábase polo peso en libras da bala sólida de ferro fundido que disparaba. No Exército fundíanse de bronce e na Mariña de ferro, como xa vimos.

Os obuses son pezas intermedias entre os canóns e os morteiros, máis curtas que os primeiros e máis longas que os segundos, que disparan granadas. Exteriormente son iguais aos canóns, diferenciándose na recámara, e o seu calibre denominábase de forma diferente no Exército e na Mariña: no primeiro facíase polo diámetro da súa ánima en polgadas, mentres que na Mariña se facía como cos canóns (peso da bala sólida en libras).

Había dous tipos de obuses: longos e curtos. A Mariña empregaba os longos, pois tiña unha traxectoria máis tensa. Estes obuses foron propostos por don Francisco Javier Rovira. Os morteiros son pezas curtas que disparan bombas con elevacións superiores aos corenta e cinco graos, o seu calibre denominábase en polgadas.


CUREÑAS

Para manexar e conducir con facilidade as pezas de artillaría, móntanse estas sobre soportes de madeira, chamados *cureñas*. Existían varios tipos: campaña, sitio, praza e de mariña.

A cureña de mariña adóptase en España a partir do século XVII. Era unha especie de carro de madeira con catro rodas, sobre o que se colocaba a peza. En principio usábanse dous tipos, a española e a inglesa, até o ano 1787 en que o tenente de fragata Francisco Rovira fusionou os dous tipos resultando unha cureña máis liviá.

Estaba formada por dúas *gualderas*, unha *solera*, dous eixes, catro rodas, un *tele-rón*, unha banquetta, unha *almohada* e varios bulóns metálicos.

A cureña recibe a peza, que descansa apoiada nos dous muñóns asentados en dous aloxamentos das gualderas chamados muñoiras, suxeitos por arriba por dous sobremuñoiras de ferro, onde xira a peza para a puntaría en elevación, co auxilio de cuñas que se colocan debaixo da culata. A puntaría en dirección realizábase ronizando a cureña a dereita ou esquerda con pancas (espeques).



Balas, recuperadas do pecio da fragata *Magdalena*Granada, recuperada do pecio da fragata *Magdalena*Palanquetas, recuperadas do pecio da fragata *Magdalena*

PROXECTÍS

Chámase proxectil a todo corpo pesado lanzado ao aire por acción de forza impulsiva. En artillaría aplícase máis particularmente aos que se botan coas armas de fogo. Os proxectís empregados na Mariña foron a bala, a granada, a panquiña e a metralla.

A bala (comunmente chamada bala rasa) é o proxectil de uso máis xeral. A súa forma é a dun globo macizo de ferro coado. Disparábase co canón para perforar o casco, desarbora e rasgar as velas do buque opoñente, ou contra as baterías asentadas en terra.

A granada é de forma esférica oca. Ten un orificio redondo que comunica co seu interior, que se chama boca, polo que se introduce a carga e se tapa coa espoleta. Disparábase cos obuses para perforar o casco do buque e estoupar no seu interior.

A palanqueta é unha masa de ferro batido. A súa figura é a de dúas pirámides hexagonais truncadas iguais unidas por un prisma igualmente hexagonal que as une polas súas bases menores. Disparábase cos canóns fundamentalmente para desarbora.

A metralla é un conxunto formado por balas de pequeno calibre, colocadas unhas sobre outras nun zoquete ou prato circular de madeira ou ferro, ao redor dun arborete do mesmo material que se levanta perpendicularmente sobre o centro do prato. Todo o conxunto se suxeita por medio dun saquiño de lona entrelazado con varias voltas de pita. Algunhas veces adoitábase suprimir todo prato para a formación da metralla, disparábase con canón e obús indistintamente contra o persoal de cuberta, cofas e de terra.



Metralla

PEZAS RECUPERADAS DO PECIO DA FRAGATA *MAGDALENA*

Das pezas recuperadas dan noticia todos os autores que tratan este suceso. Tamén son fontes de primeira categoría os expedientes expostos pola Mariña.

Estas son as seguintes:

16 canóns de ferro fundido de 18 libras.

1 canón de ferro fundido de 8 libras longo. (Máis dous do mesmo calibre, expostos en Viveiro, que descoñecemos cando se recuperaron)

2 canóns de ferro fundido de a 6 libras longo.

2 canóns de 6 libras curto.

2 canóns pedreiros de ferro fundido de 1 libra.

1 obús de bronce de 9 polgadas.

1 obús de ferro fundido de 5 polgadas.

6 obuses de ferro fundido de 24 libras (Rovira)

9 obuses de bronce de 3 libras.

Estas pezas foron recuperadas en diferentes anos, que especificamos a continuación:

No ano 1951

2 Canóns de ferro de 18 libras curto. No ano 1976, recuperáronse 14 canóns máis do mesmo calibre.

Esta peza é un canón de ferro de 18 libras curto, dos fundidos segundo o regulamento de 1783. As súas características principais son as seguintes:

Está formado por dous corpos.

Calibre : 13,77 cm.

Lonxitude: 250,74 cm. (tomados dende a boca á faixa alta de culata)

Peso: 1950 kg.

Molduras. O seu verdadeiro obxectivo é adornar a peza (nesta ordenanza diminúe o número delas, con respecto á anterior 1765):

Na culata, faixa e escocia.

No segundo corpo, faixa.

No colo, faixa.

No brocal, filete e cuarto bocel.

Os canóns desta ordenanza teñen escavada unha cazoleta cadrada na escocia da culata, coa súa canle até o fogón.

No ano 1973

1 Obús de bronce de 9 polgadas, actualmente depositado en Viveiro. Esta peza era das regulamentarias no Exército español, pero nalgún momento empregounas a Mariña para artillar lanchas obuseiras. Posibelmente proceda dalgunha das embarcacións menores que tamén naufragan nesta ría o mesmo día. Recuperouse nesta augas, segundo o expediente nº 341/73, polo achado dun canón na zona dos Castelos na ría de Viveiro, polo patrón da embarcación *Noite Vella*, D. Francisco Cabaleiro Santiago.

Neste expediente, o axudante militar de Mariña de Viveiro cita textualmente nun escrito dirixido ao Auditor da Zona Marítima do Cantábrico. *“Me permito informarle que en: ocasiones anteriores tuvieron lugar otras recuperaciones, algunas de ellas fueron adjudicadas y hermostean parques de esta localidad y museos del litoral lucense”*.

Informado o alcalde da vila do achado, solicita ao capitán xeral da Zona Marítima do Cantábrico que se adxudique a peza á cidade de Viveiro, ofrecendo para a súa localización as inmediacións do edificio que con destino á Axudantía de Mariña se proxecta construír nos terreos gañados ao mar na vía litoral en construción que une os portos de Viveiro e Cillero. Petición que é aceptada, cedendo a peza ao Concello de Viveiro en calidade de depósito, sen prexuízo de ser reivindicado no seu día pola Mariña.

Esta peza é un obús de bronce curto de 9 polgadas regulamentario no Exército de Terra¹¹ pola Ordenanza de 1783 ou Nova Ordenanza¹², de ánima lisa, avancarga, con recámara cilíndrica de menor calibre que a ánima. É unha peza de tiro curvo, intermedia entre

11. O día un de decembro de 1810, ordénaselle dende A Coruña ao comandante de artillaría da Praza de Ferrol que poña á disposición do señor comandante xeneral da expedición de Biscaia, D. Mariano Renovales, varios efectos, entre eles estaban: tres armóns para obús de a 9 polgadas e unha cureña de respecto para a mesma peza.

12. Con esta ordenanza desaparecen os adornos das pezas, quedando o escudo ou inicial e a cifra do rei, gravadas no primeiro corpo. As asas pasan a ser lisas de forma hexagonal e continúan levando o nome de cada peza gravado nunha fita voante situada na cana.



Obús de bronce de nove polgadas, recuperado do pecio da fragata *Magdalena*

o canón e o morteiro, que dis-para granadas, e empregada nos sitios, prazas e defensa de costa¹³.

As súas características principais son as seguintes:

Está formado por tres corpos.

Calibre 21 cm.

Lonxitude 112,8 cm. (tomados dende a boca á faixa alta de culata)

Peso 1.237 Kg.

A cifra do rei (Carlos III) superada de coroa real, gravada no primeiro corpo ou cana

O nome da peza (volatín) gravado nunha faixa voante situada no terceiro corpo ou cana.

O lugar da fábrica onde se fundiu (Sevilla), día, mes e ano de fundición (2 de decembro de 1784) e o número da peza (1411) gravados na faixa alta de culata.

O peso en quintas no muñón dereito e os cobres no esquerdo (cobres inglés e México).

Molduras: que proceden dos reforzos das bombardas, que se foron reducindo coas distintas ordenanzas, con esta (1783) a súa función na peza é de mero adorno; hoxe nas pezas actuais desapareceron. Contan coas seguintes:

Na culata, faixa, filete e media cana

Ao final do primeiro corpo, filete.

Ao principio da cana ou terceiro corpo, escocia, cordón e filete.

Na boca, filete, faixa, filete e escocia.

No ano 1976

14 Canóns de ferro de 18 libras curto, estes canóns son iguais aos dous recuperados do mesmo pecio no ano 1951.

1 Canón de ferro da 8 libras longo. (Expostos en Viveiro podemos ver dúas pezas destas características, que non sabemos cando se recuperaron).

Experimentándose que os canóns dos calibres menores, do Regulamento de 1783, resultaban de pouca cana para o alcázar e castelos, aprobouse o vinte de outubro de 1784 os canóns longos de 18, 12, 8 e 6.

13. Non era un material embarcado.



Canón de ferro de oito libras longo, recuperado do pecio da fragata *Magdalena*

Esta peza é un canón dos fundidos segundo o regulamento de 1784, as súas características principais son as seguintes:

Está formado por dous corpos.

Calibre 10,58 cm.

Lonxitude 260 cm. (tomados dende a boca á faixa alta de culata)

Peso 1334 Kg.

Molduras. O seu verdadeiro obxecto é adornar a peza (nesta ordenanza diminúe o número delas con respecto á anterior 1765). Contan coas seguintes:

Na culata, faixa e escocia.

No segundo corpo, faixa.

No colo, faixa.

No brocal, filete e cuarto bocel.

Os canóns desta ordenanza teñen escavada unha cazoleta cadrada na escocia da culata, coa súa canle até o fogón.

2 Canóns de ferro de 6 libras longo, montaba a fragata 8 destes.

Esta peza é un canón dos fundidos segundo o regulamento de 1784. As súas características principais son as seguintes:

Está formado por dous corpos.

Calibre 9,5 cm.

Lonxitude 236,8 cm. (tomados dende a boca á faixa alta de culata).

Peso 960 kg.

Molduras, as mesmas que o canón anterior (de 8 libras longo).

2 Canóns de ferro de 6 libras curto.

Esta peza é un canón dos fundidos segundo o regulamento de 1765, as súas características principais son as seguintes:

Está formado por tres corpos

Calibre 9,64 cm.

Lonxitude 211,2 cm. (tomados dende a boca á faixa alta de culata)

Peso 835 kg.

Molduras, o seu verdadeiro obxecto é adornar a peza, contan coas seguintes:

Na culata, faixa redondeada, escocia, cordón e filete.

No primeiro corpo, un astrágalo (composto de filete, cordón e filete).

No segundo corpo, faixa, escocia, cordón e filete.

Na cana ou terceiro corpo, faixa, escocia, cordón e filete.

No colo, un astrágalo (composto de filete, cordón e filete).

No brocal, escocia, filete e cuarto bocel.

Os canóns desta ordenanza teñen escavada unha cazoleta cadrada na escocia da culata, coa súa canle até o fogón.



Canón de ferro de seis libras curto, procedente da fragata *Magdalena*



Obús de ferro de 24 libras Rovira, recuperado do pecio da fragata *Magdalena*

6 Obuses de ferro de 24 libras Rovira. Segundo o Regulamento de obuses de 1798, a fragata artillaba 7.

Durante a segunda metade do século XVIII, os artilleiros das principais Mariñas do mundo buscaban unha peza capaz de disparar granadas cunha traxectoria o máis tensa posíbel, para poder bater os costados dos buques coa dita granada.

Compónese este lugar de las casas en que viven Ignacio da Plaza y María Pérez viuda. Tiene de labradío 8 fanegas y de montes 16. De todo lo cual paga el cuarto del fruto que producen, que importara un año con otro al monasterio 7 fanegas. Más tiene dicho lugar media fanega de prado, por el que y referidas casas, corrales, airas y huertas paga cada año un carnero y tres carretos.

#### VILLABOY DE ABAJO

Este lugar se compone de una casa, que, con los bienes a él anexos, lleva Marcela de Heive. Tiene de tierras labradías 8 fanegas en sembradura y 20 de montes. Paga de éstos el quinto del fruto que producen al tiempo de estibadarse y el cuarto del labradío, que, un año con otro, redituará al monasterio todo él siete fanegas. También tiene dicho lugar de chousas y prados 3 fanegas, por lo que y referida casa, corrales, airas y huertas, paga dos ferrados de trigo, un carnero, una marrana, una libra de cera y tres carretos.

#### LUGAR DE CAPELO

Este lugar lo llevan en foro del monasterio Angel de Ribeiros y Pedro de Ribeiros y sus hermanas, que poseen las dos casas que hay en él. Tiene de heredades labradías 12 fanegas de sembradura y 30 fanegas de montes. Paga de todo ello el cuarto del fruto que producen, que redituará cada año al monasterio 10 fanegas de centeno y por el molino, prado, casa, corrales, airas y huertas, pagan un carnero, una marrana, dos gallinas y tres carretos.

#### LUGAR DA CEA

Compónese este lugar de cuatro casas, que habitan en ellas Antonio Gómez, Diego García, Cosme da Graña y Marcelo García, que llevan todo ello en foro con los más consortes de este lugar, el cual tiene de heredad labradía 13 fanegas y de montes y chousas 36 fanegas. Pagan de uno y otro el cuarto del fruto que producen, que redituará anualmente al monasterio 11 fanegas. Más tiene media fanega de sembradura de prado, por el que dichas casas, corrales y huertas pagan cada año un ferrado de trigo, tres carretos y un carnero.

#### CASAL DE VITE DE ABAJO

En virtud de foro, poseen dos casas que hay en ese lugar Joseph Vázquez, Cayetano da Ribeira y Joseph de Oseiro, con otros consortes. Tiene de heredad labradía 8 fanegas en sembradura y de montes 12. Pagan de uno y otro el quinto del fruto que pro-

ducen y un año con otros redituará al monasterio 7 fanegas. De prados tiene dos ferrados de sembradura, por el que casas, corrales, airas y huertas pagan media fanega de trigo, un carnero y tres carretos.

### PUMAR

Este lugar compónese de dos casas que llevan por foro Phelipe García y Juan García de orden de Joseph da Espada. Todo el lugar es propio del monasterio y tiene de heredad labradía 1 fanega y de montes 16 fanegas. Paga por todo él de renta sabida 6 fanegas de centeno, una fanega de millo, media fanega de trigo, un carnero, una marrana y tres carretos.

### CASAL DE VITE DE ARRIBA

Este lugar fue donación de Dña. Loba de Traba. Compónese de tres casas que poseen en virtud de foro, Josepha Pérez, Isidoro da Pereira y Antonio Suárez de Barros. Tiene de labradío 9 fanegas en sembradura y 9 fanegas de monte. Pagan de éste el quinto del fruto que produce y el cuarto del labradío, que redituará anualmente 7 fanegas. Más tiene dos ferrados de prado, por el que y referidas casas pagan anualmente media fanega de trigo, un carnero y tres carretos.

### FLECHEZ

Este lugar fue donación de dicho Sr. Emperador. Compónese de dos casas en las que habitan Antonio da Pereira y Carlos Gómez. Tiene de heredad labradía 3 fanegas y de montes 26. Pagan en virtud de foro el quinto del fruto que todo ello produce, que redituará un año con otro 2 fanegas y por las casas, corrales, airas y huertas, un carnero y tres carretos.

### REBORDELO

Este lugar, con todos sus montes, también fue donación del mismo Sr. Emperador. Compónese de 4 casas, en las que viven Paula Díaz viuda, Antonio da Bouza, María Domínguez y Pedro Guerroba, que llevan dicho lugar por foro con otros consortes. Tiene de heredades labradas 10 fanegas en sembradura y de montes 114. Pagan al monasterio el sexto del fruto que produce, que redituará anualmente al monasterio 9 fanegas. Más tiene dicho lugar de chousa y prados tres fanegas, por lo cual, casa, corrales, airas y huertas pagan media fanega de trigo, un carnero, dos gallinas y un carreto.

### LUGAR DE AGUDEIRO

Este lugar fue donado al monasterio por Pedro Pérez clérigo, año de 1247. Compónese de una casa que lleva Phelipe de Oseyro en virtud de foro. Tiene de heredades

a él anexas 8 fanegas en sembradura y de montes 32 fanegas, de lo que paga el quinto del fruto, incluso el diezmo, que produce. Redituara anualmente 6 fanegas y media y, por razón de casas, corrales, airas y huertas, pagan un carnero, una marrana y tres carretos.

#### LUGAR DE LAMEIRO DE SAN FIZ

Este lugar lo lleva en foro Joseph de Regueyro. Compónese de una casa, en la que vive el sobredicho, y 4 fanegas de tierra labradía, de la que paga el cuarto del fruto que producen, incluso el diezmo. Y por la casa, corrales, aira y huerta, tres gallinas y tres carretos redituará dicho cuarto 3 fanegas.

#### TRABIESAS

Este lugar, con las heredades a él anexas, se compone de dos casas, que poseen Anselmo Varela y Juana García, y las heredades llevan de sembradura dos fanegas y media de centeno. Pagan por renta y diezmo de uno y otro 22 reales de vellón y dos gallinas.

#### CASAL DA MINA

Este lugar se compone de una casa en la que vive Benita Freire y su hermana. Tiene de heredades labradías 4 fanegas, por las que se paga el sexto del fruto que producen, que valdrá 2 fanegas y media de centeno, y por la casa, corrales, aira y huerta pagan un carnero.

#### AGUDEIRO DE ABAJO

Este lugar se aforó por el monasterio a Andrés Díaz. Compónese de una casa que habita Dámaso da Bouza, a quien le hizo arriendo de ella Bartholomé de Biadeyro, con la sexta parte de las heredades a él anexas, en renta de dos fanegas de centeno, y las otras cinco partes las llevan Bartolomé Pérez do Goses y otros. Compónese la tierra labradía a anexa a dicho lugar de 5 fanegas y media en sembradura. Pagan por ellas y dicha casa, sus corrales, aira y huerta, en cada año, al monasterio 4 fanegas y media de centeno y un carnero.

#### LAVANDEIRA

Este lugar lo lleva en arriendo del monasterio Manuel de Regueiro. Compónese de una casa con sus cuartos altos. Tiene de heredades labradías 16 fanegas en sembradura, por las que paga el cuarto del fruto que producen. Redituarán cada año 4 fanegas y media, más un pedazo de prado sembradura de media fanega. Por esta dicha casa, corrales, aira y huerta paga anualmente una fanega de trigo y un carreto.

## MARIÑA DONA

Este lugar también fue donación de dicho Sr. Emperador. Compónese de tres casas en que viven Gregorio Gallego, Michaela de Souto viuda y Juan da Ruga. Tiene de heredades labradías 7 fanegas y de montes 8, por lo que, en virtud de foro, pagan el quinto de todos los frutos que producen, que importará, un año con otro, 6 fanegas. Más tiene dos ferrados de prado, por el cual dichas casa, corrales, airas y huertas pagan cada año media fanega de trigo, un carnero, una marrana y tres carretos.

## FUENTE Y PAZO

Este lugar do Pazo fue palacio del citado D. Pedro Ossorio que, con toda su hacienda, lo donó a este monasterio el año de 1114. Compónese de cuatro casas en que viven Manuel Docal, Magdalena do Barro y sus hijos, Phelipe, Santiago, Amado, Lorenzo da Vila y Joseph Docal. Tiene este lugar de tierras labradías 12 fanegas y de montes 80 fanegas. Pagan, en virtud de foro, el quinto del centeno y avenas que produce y de las demás semillas el cuarto, incluso el diezmo, que redituará, un año con otro, 9 fanegas. Más tiene este dicho lugar un molino y una fanega de prado, por todo esto y dichas casas, corrales, airas, huertas y chousas pagan 2 fanegas de centeno, 4 carretos, un carnero y una marrana. Más se halla dentro de los términos de este lugar una casa nueva con su cuarto alto, que, en virtud de dicho foro, posee Francisco Antonio Maceiras, escribano del número de esta jurisdicción, por la que su huerta, aira y un pedazo de insua sembradura de 9 fanegas de centeno y otras 2 fanegas de monte arriba de dicha casa paga anualmente 33 reales de vellón.

## BARRAL

Este lugar fue propio del Sr. Rey D. Fernando, rey de León y de Galicia. Compónese de dos casas, que, con el lugar a ellos anejo, poseen en virtud de foro Antonio Bonome y Pablo Bonome. Tiene de heredades labradías 30 fanegas en sembradura y de montes otras 100 fanegas. Pagan de labradío el cuarto de todo el fruto que producen y cuando acaece estibadarse el monte, también pagan el quinto del fruto que en ellos se coge, que, todo ello un año con otro, redituará al monasterio 20 fanegas, y por las casas, corrales, airas, huertas y herbales, pagan media fanega de trigo, un carnero, una libra de cera y tres carretos.

## VILLARBOY DE ARRIBA

Este lugar se compone de una casa, que habita Manuel García Yáñez, que, en virtud de foro, posee los bienes a él anexos, con otros consortes. Tiene de heredades labradías sembradura de 14 fanegas, de las cuales paga el cuarto del fruto que en ellas se coge y de montes tendrá 100 fanegas en sembradura, que éstos, al tiempo de estibadarse, pagan

el quinto del fruto que producen y todo redituará al monasterio anualmente 12 fanegas. Más tiene dicho lugar dos fanegas de prado, por el que y referida casa, sus corrales, aira y huerta, pagan cada año un carnero, una libra de cera y tres carretos.

#### VILLARBOY DE ABAJO

Compónese este lugar de seis casas, que, con los bienes a ellos anexos, están aforadas. Habítanlas al presente, una de ellas, Manuel Seco, como casero de Pedro Pérez, al cual, después de satisfacer la pensión que por los bienes que de su orden labra al monasterio, le da y paga de utilidad la cuarta parte de todo el fruto que le queda. En otra de dichas casas habita Joseph Pérez, en la más antigua de Billarengo, Gregorio de Romaos, Patricio da Pereyra y María Bazquez viuda. Tiene de heredades labradías este lugar 45 fanegas, de las que pagan el cuarto del fruto que producen y los montes llevarán en sembradura 150 fanegas. De éstos pagan el quinto del fruto que en ellos se cogen, al tiempo de estibadarles, que todo ello redituará al monasterio, un año con otro, 38 fanegas. Más tiene dicho lugar 3 fanegas de prado, por el cual y dichas casas, corrales y huertas pagan tres carretos y dos libras de cera.

#### GRAÑA DE ARRIBA

Este lugar lo llevan en foro del monasterio, con tres casas que habitan Clemente Bonome, Eulalia de Ocal viuda y Antonio Deybe y otros consortes. Tiene de heredad labradía 12 fanegas y de montes 100 fanegas. Pagan el cuarto del fruto que, de uno y otro, produce, que importará anualmente al monasterio 11 fanegas, más pagan cada año una fanega de trigo, un carnero y una marrana, libra y media de cera y tres carretos.

#### GRAÑA DE ABAJO

Este lugar, con el antecedente, fue donado al monasterio por el mismo Sr. Emperador D. Alonso Ramón. Compónese de dos casas que poseen Pedro García Riejo y la viuda de Jacinto Bañobre y, juntamente con otros, los bienes anejos a dicho lugar. Tiene en sembradura de heredad labradía 28 fanegas y de montes 50. Paga, de uno y otro, el cuarto del fruto que produce, que importará, un año con otro, 24 fanegas. Más tiene dicho lugar 4 fanegas de prados en sembradura, por el que y referidas casas pagan un carnero y tres carretos.

#### GESTAL

También este lugar fue donación del referido Sr. Emperador. Compónese de tres casas, que habitan D. Pedro Pardo de Prado presbítero, D. Rodrigo Pardo y Ossorio, en

virtud de foro, y la otra Manuel López, de orden de Ignacio Calaza, a quien, por ella y bienes que de su orden en dicho lugar labra, después de satisfecha la pensión del monasterio, le paga anualmente siete fanegas de centeno y maíz. Tiene todo dicho lugar de heredades labradías 44 fanegas y de montes 60 fanegas, de todo lo que pagan el cuarto del fruto que producen y chousas y prados. Tiene dicho lugar 10 fanegas, por las que y referidas casas, corrales, airas y huertas, pagan anualmente un carnero, tres carretos, dos gallinas, una libra de cera y tres gallinas. Redituará al monasterio dicho cuarto de fruto 38 fanegas.

### LUGAR DALYVE

Este lugar, con sus casales, lo donó al monasterio la condesa doña Loba de Traba. Compónese de cuatro casas que habitan, una de ellas Lucas da Heyve, como casero de doña Josepha Noguero, a quien paga de utilidad seis fanegas de centeno; en otra Juan Deyve, por casero de la viudad de Ignacio Manteyga, vecina de Sta. María de Faguada, a la que paga el cuarto del fruto después de satisfechas las pensiones del monasterio; en las otras dos casas viven Pedro y Félix Deyve. Tiene dicho lugar de tierra labradía 34 fanegas y de montes 150. Pagan de todo ello el quinto del fruto que producen, que redituará un año con otro, 32 fanegas. Más tiene de prado dicho lugar media fanega, por el que las casas, corrales, airas y huertas también pagan media fanega de trigo, un carnero, una libra de cera y tres carretos.

### CERNADAS DE ARRIBA

Este lugar se compone de una casa que, por virtud de foro, habita Ignacio do Pereyro. Tiene de heredades labradías 15 fanegas y de montes 80 fanegas. Paga de éstos el quinto del fruto que producen al tiempo de estibarse y de lo labradío el cuarto, que todo redituará anualmente 13 fanegas y por el molino y un pedazo de prado, casa, corrales, aira y huertas, un carnero, tres carretos, media fanega de trigo y dos libras de cera.

### CERNADAS DE ABAJO

Tiene este lugar dos casas, en que habitan, por virtud de foro, Ciprián Deyve y Pedro Martínez, hará en sembradura lo labradío cinco fanegas, del cual pagan el cuarto del fruto que en él se coge. Los montes correspondientes a este lugar llevarán de sembradura 80 fanegas, de éstos pagan el quinto del fruto que producen al tiempo de estivar-se, que importará uno y otro 5 fanegas. Más tiene dicho lugar un pedazo de prado y por él y citadas casas, sus corrales, airas y huertas pagan cada año un carnero, media fanega de trigo y tres carretos.

## SIVIL

Este lugar, con los bienes a él anexos, así mismo se halla aforado. Compónese de dos casas, que en una de ellas habita Domingo Deybe por casero de Benito Rodríguez Ruzo, al cual paga además de la pensión del monasterio, tres fanegas y media de centeno y en la otra vive Domingo Fernández por casero de los hermanos de Juan Antonio Piñeiro, que dejó mandado la utilidad y renta que por ella le pagan a la capilla de San Payo. Tiene este lugar de heredades labradías 12 fanegas en sembradura y de montes 80, de todo lo cual paga el quinto del fruto que produce al monasterio como dueño de su directo dominio, que un año con otro importará once fanegas y media, más pagan por dicha casa, corrales, airas y huertas, tres carretos, cuatros gallinas y una libra de cera.

## VILAR Y LA PEÑA

Estos lugares los lleva, en virtud de foro hecho a sus causantes, D. Vicente de Páramo y Lemos, por orden de quienes lo llevan en arriendo, juntamente con dos casas de que se compone, la una de ellas Policarpio de Solares y la otra Bernardo da Moreira. Tiene este lugar de heredades labradías 10 fanegas en sembraduras y de montes 40 fanegas. Pagan por uno y otro al monasterio 3 fanegas de centeno y una fanega de trigo. Y a dicho D. Vicente pagan el cuarto de todo el fruto que produce el lugar..

## LUGAR DA GRAÑA DE SIVIL

Este lugar, con todo lo a él anexo, fue donación de dicho Sr. Emperador D. Alonso. Compónese de dos casas que poseen, en virtud de foro, Antonio García Reiyo y Gregorio Martínez. Tiene de heredad labradía 16 fanegas en sembradura, de las cuales pagan el cuarto del fruto que en ellas se coge y de montes, así mismo, tiene 50 fanegas, del que, al tiempo de estibarse, paga el quinto del fruto que produce. Redituará cada año 14 fanegas y por las chousas citadas, casas, corrales, airas y huertas pagan anualmente media fanega de trigo, un carnero, media libra de cera y tres carretos.

## LUGAR DE BOUZA

Este lugar se compone de tres casas, que habitan Lucas Gallego, Andrés da Carballeira y los herederos de Ignacio de Germade, que, con otros, poseen dicho lugar en virtud de foro. Tiene de heredades labradías 14 fanegas en sembradura, de las cuales pagan el cuarto del fruto que en ellas se coge y de montes 36 fanegas, de las cuales, al tiempo de estibarse, pagan el quinto del fruto que producen, que importará, un año con otro, al monasterio 12 fanegas, más pagan un carreto y una libra de cera.

## LUGAR DE OSERO

Compónese de dos casas, que, con el lugar a ellas anejo, poseen en virtud de foro Pedro Rojo y Bartholomé Garabana. Tiene de tierras labradías 12 fanegas en sembradura, de los que pagan el cuarto del fruto que produce y de montes 40 fanegas, de éstos pagan el quinto que en ellos se coge, al tiempo de estibarse. Redituarán un año con otro 10 fanegas, más pagan por dichas casas, corrales, airas, huertas y chousas, media fanega de trigo, media fanega de centeno, un carnero, una marrana y tres carretos.

## LUGAR DE RIOSECO

Este lugar, con sus casales, lo donó al monasterio dicha condesa doña Loba de Traba. Compónese de cuatro casas, que viven Bernardo do Pereyro, Antonio Fernández y Benito Fernández, por virtud de foro, y Pascual García, casero de Dionisio Varela de Montelongo, a los cuales, además de la pensión del monasterio, paga de utilidad tres fanegas de centeno. Tiene dicho lugar de heredades labradías 38 fanegas, por ellas pagan el cuarto del fruto que producen y de montes tiene 180 fanegas, de lo que pagan el quinto del fruto que en ellos se coge, al tiempo de estibarse, que uno y otro redituará al monasterio 32 fanegas y por casas, corrales, airas y huertas pagan cada año al monasterio dos ferrados de trigo, un carnero, una marrana y tres carretos.

## LUGAR DE SAVARIZ Y ORBALLEYRA

Estos dos lugares los donó al monasterio dicho Sr. D. Fernando, rey de León y de Galicia. Compónese de tres casas en que viven Joseph Perez, Pedro Coyra y Jorge de Germade, por virtud de foro que le hizo el monasterio a sus causantes. Tiene de heredades labradías 16 fanegas y de montes 150. Paga de uno y otro el quinto de lo que en ellos se coge, que redituará al monasterio, un año con otro, 12 fanegas. Paga por chousas, herbales, casas, corrales, airas y huertas una fanega de trigo, dos carneros y seis carretos.

## SANTA JULIANA DE ARRIBA

Este lugar se compone de dos casas que llevan por foro Juan de San Martín y Juan García, con los bienes a él anejos. Tiene este lugar de tierras labradías 11 fanegas, de que pagan el cuarto del fruto que producen y de montes tiene 70 fanegas. Pagan de ellos el quinto del fruto al tiempo de estibarse, que redituará, un año con otro, al monasterio 10 fanegas. Más tiene dicho lugar ferrado y medio de prado, por el que casas, corrales, airas y huertas pagan anualmente un carnero, tres carretos y una libra de cera.

## SANTA JULIANA DE ABAJO

Compónese este lugar de una casa en la que habitan Domingo Femández y Jacobo Femández, su hijo. Tiene de heredad labradía 10 fanegas, de las que paga el cuarto del fruto que producen y de montes tiene 60 fanegas, paga de éstos el quinto del fruto que en ellos se coge, que redituará anualmente al monasterio 9 fanegas. Paga por casas, corrales, airas, huertas y chousas media fanega de trigo, un carnero y tres carretos.

## CANEDO DE ARRIBA

Este lugar fue donación de la condesa doña Loba de Traba. Compónese de una casa en la que vive Juan Bonome. Llévela, en virtud de foro, con los bienes a él anejos. Tiene de heredad labradía 8 fanegas en sembradura y 30 de montes. Paga el cuarto del fruto que se coge en uno y otro, que importará al monasterio anualmente 7 fanegas, y por dicha casa, corrales, aira y huerta, paga un carnero y tres carretos.

## CANEDO DE ABAJO

Fue donación de la misma Sra. Doña Loba. Compónese de dos casas, que, con los bienes a ellas anejos, poseen Lorenzo Gómez y los herederos de Domingo da Carballeira y otros. Tiene de labradío 8 fanegas y de montes 30. Pagan el cuarto del fruto que en uno y otro se coge, que redituará, un año con otro, 7 fanegas y, por razón de casas, corrales, airas y huertas, pagan un carnero y tres carretos.

Y estos son lugares que se hallan en las dos feligresías de San Félix y Santa Juliana de Monfero, cuyos frutos y rentas se recogen por el Padre Mayordomo y Panero de dicho Monasterio, como también la de los lugares siguientes.

## LUGAR DO CANEDO

Este lugar se halla sito en la feligresía de Santa María de Vilachá, coto del mismo monasterio. Poseenle en virtud de foro del monasterio Antonio y Andrés Deybe. Compónese de tres casas en que viven dos de ellas los vecinos dichos y otra Manuel Dorro de orden de dicho Andrés a quien paga algunos días de jornal. Tiene este lugar de heredas labradías 11 fanegas y de montes 35 fanegas. Pagan al monasterio el quinto de todo cuando acahece estibadarse y redituará un año con otro al monasterio 10 fanegas de centeno y de maíz 5 fanegas y de millo una fanega. Más paga un carnero, tres carretos y un ferrado de trigo por dichas casas y prados a la granja de Carantoña.

## PENEIRO DEL MONASTERIO

Este lugar también se halla sito en dicha feligresía, coto y jurisdicción de Villachá, llevando, en virtud de foro del monasterio, juntamente con una casa, en que viven Antonio Varela y Bartolomé Abeledo. Tiene de heredades labradías 5 fanegas de centeno en sembradura y de montes 15 fanegas. Pagan de uno y otro el quinto del fruto que produce, que importará anualmente 3 fanegas de centeno y una de maíz. Y por razón de la casa, corrales, aira y huerta, pagan una libra de cera y carreto y medio a la granja de Carantoña, anexa a este monasterio.

## ESPELDONAS

Este lugar es propio de dicho monasterio. Hállase sito en la feligresía de Santiago de Villamateo. Está dentro de las demarcaciones antiguas de la jurisdicción de Monfero, según consta del Real Privilegio y donación del Sr. Emperador D. Alonso Ramón y ahora es jurisdicción de la Villa de Puente deume por intrusión de Femán Pérez de Andrade, descendiente de los señores condes de Lemos. Compónese de seis casas y con el lugar está aforado y al presente las habitan una de ellas, con la torre, Diego Míguez por arriendo de Pedro Vázquez, vecino de la villa de Puente deume, al cual, además de la renta del monasterio, paga cada año 8 ferrados de centeno y uno de millo, que es, por razón de algunas heredades que labra, de las comprendidas en dicho foro y a Antonio García Rejo Bermúdez de Santa Juliana por una heredad sembradura de una fanega. También le paga en cada un año dos ferrados de centeno y uno de millo y a Juan de Candedo por dos ferrados y medio en el que labra después de pagado el cuarto del fruto al monasterio paga al sobredicho la sexta parte del fruto que le queda. Otra casa la vive Nicolás de la Plaza y de una porción de heredades que labra de Benita Rodríguez, su hermana, vecina de Villarmaior, después de pagado al monasterio, contribuye a la sobredicha con la quinta parte del fruto restante. Otra casa la posee Jacobo Pérez y, además de la renta del monasterio por un ferrado de heredad que labra en este lugar de orden de dicho Juan de Candedo, le paga por ella un ferrado de centeno de renta anual. Otra casa la posee Mateo de la Plaza, quien percibe la utilidad correspondiente a la mujer de Ignacio da Plaza y otra de dichas casas la posee Silvestre Currás tiene ... y de heredades labradías 24 fanegas en ... y los montes y chousas también llevarán en ... 60 fanegas de centeno. Pagan de éstos el quinto del fruto que producen al tiempo de estibarse y el cuarto de lo labradío, que, un año con otro, reeditarán al monasterio 15 fanegas de centeno, ocho fanegas de maíz y tres de mijo menudo. Y por razón de casas, corrales, airas, huertas, chousas y prados, pagan en la granja de Carantoña anteriormente.

## PORTODORRIO

Este lugar, así mismo, está sito en la feligresía de Santiago de Villamateo, jurisdicción de la villa de Puente de Urne. Poséele, en virtud de foro del monasterio, Manuel Amado. Tiene de heredades labradías 8 fanegas en sembradura y 22 fanegas de montes cerrados y prados de riego 2 ferrados y de pasto una fanega. Paga el quinto de todo el fruto, que redituará, un año con otro, al monasterio cinco fanegas de centeno, tres fanegas de maíz y una de millo menudo y por dicha casa, aira, corrales, leira y huerta.

Así mismo, percibe este monasterio el quinto del fruto que produce, una pieza de heredad sita en el lugar das Lobeiras por otro nombre de Las Miañas, sembradura de seis ferrados de centeno, poco más o menos, demarca por el nordés y solano en heredades de Andrés Pérez y Gabriel García y por el vendabal en monte de dichas heredades, la cual labran Andrés Pérez y Juan do Porto, y redituará, un año con otro, al monasterio una fanega de centeno, quienes así mismo llevan la mitad de un monte que hará todo él de sembradura 160 ferrados, cuya heredad y montes está sito en términos de dicha feligresía de Santiago de Villamateo.

También percibe el monasterio el cuarto del fruto de una pieza de heredad de sembradura de ocho ferrados de poco más o menos, seta en el lugar de Currás, feligresía de San Lorenzo de Irijoa. Poseenla en virtud de foro los herederos de Martín de Currás la cual redituará un año con otro al Monasterio una fanega de centeno.

En la página final dice:

*RELACION DE LA HACIENDA QUE TIENE EL MONASTERIO CON EXPLICACION DEL ORIGEN DE LAS FUNDACIONES QUE CONTIENE Y GRACIAS CONCEDIDAS POR LOS REYES AL MONASTERIO.*

# CÁTEDRA

## Premio de Investigación Concello de Pontedeume 2011

### ACTA DO XURADO DO PREMIO DE INVESTIGACIÓN CONCELLO DE PONTEDEUME

O Xurado do XIV Premio de Investigación Concello de Pontedeume en temas etnográficos, composto por **D. Xosé Manuel González Reboredo**, doutor en Filosofía e Letras (Historia) e coordinador do Instituto de Estudos das Identidades no Museo do Pobo Galego, **D. Guillermo Llorca Freire**, profesor de Historia no Instituto “Sofía Casanova” de Ferrol, **Dona Beatriz Castro Díaz**, licenciada en Historia Moderna e Patrimonio Documental e actuando como presidenta, **Dona Ascensión de Vicente Olarte**, Concelleira de Cultura de Pontedeume; e como secretario do xurado **D. Alexandre Caínzos**, bibliotecario municipal, decidiu por unanimidade conceder o premio ó traballo titulado **As lendas do Eume** do que é autor José María Fonte Sardiña.

*En Pontedeume, a 13 de setembro de 2011*



# AS LENDAS DO EUME<sup>1</sup>

José Fonte Sardiña



Unha das importantes pólas que cinguen de verde a árbore da ciencia da Etnografía galega é a lenda. O *Diccionario da Real Academia Galega da Lingua* define este xénero literario como “relato tradicional de feitos fantásticos, que poden ter un fondo histórico pero que foi deformado e esaxerado co paso dos anos. *A lenda do cabalo de Troi*, o exemplo proposto pola RAG é moi axeitado para nós, xa que estas historias lendarias relacionadas coa Guerra de Troia teñen unha vinculación con Pontedeume, porque o primeiro señor da vila, Fernán Pérez de Andrade o Bo, foi quen mandou traducir ao galego en 1373 a *Crónica Troiana* na que se recollen estes relatos.

Na “Explicación previa” do seu libro titulado *Etnografía*, o grande intelectual galego Vicente Risco destaca o estudo da cultura popular como a parte fundamental do seu tratado verbo desta ciencia, “que aparece en España, en 1881, por iniciativa dun galego ilustre, don Manuel Machado y Álvarez”<sup>2</sup> e que se desenvolveu en Galicia “en 1883, gracias a dona Emilia Pardo Bazán [...], don Xosé Pérez Ballesteros [...] e outros investigadores

1. A Ana e aos nosos fillos, Miguel e Álvaro, eumeses de sangue e sentimento por mor dos seus avós.

2. Véxase RISCO, V.: *Etnografía*, t. III das Obras completas de Vicente Risco, Galaxia, Vigo, 1994, p. 9.

amantes da nosa terra”<sup>3</sup>. Entende Vicente Risco por “cultura popular o conxunto daquelas crenzas, coñecementos, ritos, usanzas sociais, métodos de traballo e producións útiles, literarias e artísticas, que un pobo determinado posúe en común, e que non depende nin nos libros, senón que os recibiu unha xeración da outra por tradición, calquera que sexa a camada, clase ou estamento social en que se atopen”<sup>4</sup>. As lendas, xa que logo, constitúen unha parte esencial desta cultura popular. Así acontece tamén en Pontedeume, entre outras, coa de Roxín Roxal; como afirma Ramiro Fonte, “o certo é que incluso a xente que nunca collera un libro nas mans sabía, á súa maneira, a historia de Rojín Rojal. Fora pasando de boca en boca. A memoria colectiva gardaba como ouro en pano os terribles feitos acontecidos antigamente na casa dos Andrade [...], era unha lenda viva [...]. Os eumeses nunca deixamos de pensar que a historia de Rojín Rojal é a nosa verdadeira historia”<sup>5</sup>.

Otero Pedrayo, o gran patriarca dos intelectuais galeguistas da Xeración Nós, lamenta os séculos escuros transcorridos entre os solpores da Idade Media e os albores do Rexurdimento, nos que “o arredamento de Portugal e a política castelá detiveron o íntimo progreso de Galicia e nos puxeron unha máscara de morte”<sup>6</sup>. Nestes tempos, “a cultura verdadeira soamente foi gardada polos labregos e polos mariñáns<sup>7</sup>. Polas xentes que non sabían ler nin escribir, mais que estaban postas no centro do devir espiritual da raza e da súa psique [...]. Cando os homes da chamada cultura souberon casarse con este ser galego, tiña que resultar o tipo superior, o verdadeiramente home da cultura, e non dicimos culto por pechar esta palabra non sabemos qué de rematado e marmóreo, como un sepulcro anguloso e académico”<sup>8</sup>. A lingua vernácula fora proscria nos círculos de poder e no eido administrativo desde os tempos dos Reis Católicos (1474-1504) e a literatura galega, que con Afonso X o Sabio (1252-1284), fundador da vila de Pontedeume en 1270, fora considerada como idónea para a poesía nas *Cantigas de Santa María*, desaparecera practicamente como forma de expresión escrita desde os últimos anos do século XIV, co solpor da lírica trobadoresca. A teima dos galegos máis humildes, os labregos e os mariñáns, en verbas de Otero Pedrayo, foi a que salvou durante séculos a lingua, a cultura e mesmo a literatura galegas dunha morte segura. A cultura galega foi desterrada polas elites do

3. Cfr. *Ibidem*.

4. *Ibidem*.

5. FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, Xerais, Vigo, 2003, p. 76 e 77.

6. OTERO PEDRAYO, R.: “Morte e resurrección”, en CASARES MOURIÑO, C. (ed.): *Ramón Otero Pedrayo (1888-1976). Día das Letras Galegas 1988*, A Coruña, 1988, p. 109.

7. Refírese Otero Pedrayo á cultura popular, á que Vicente Risco consideraba a parte fundamental da Etnografía, conservada e transmitida en Galicia de xeración en xeración polas clases máis humildes. As lendas constituíron un elemento importante desta cultura do pobo, foron transmitidas polos devanceiros, sobre todo oralmente, e perduraron moitas delas, mesmo desde tempos moi antigos, como legado da sabedoría popular, malia o esquecemento e desprezo das elites intelectuais do país.

8. Véxase OTERO PEDRAYO, R.: “Morte...”, *op. cit.*, p. 90.

país, pero o pobo seguiu celebrando as súas ancestrais festas populares, respectando as súas tradicións, falando a súa lingua e transmitindo a súa literatura, especialmente por vía oral a través das cantigas e das lendas. Como di Castelao, “antramentras os señoritos alleiros vivían espiritualmente de prestado, o pobo galego seguiu creando arte e sabiduría. Velaí están os refráns [...], os nosos cantares [...], os hórreos [...], a nosa escultura popular nos cruceiros, nas fontes e nos portalóns [...], a nosa música popular e os nosos bailes e danzas”<sup>9</sup>. Pola súa parte, afirma Vicente Risco que o pobo se compón “de tódalas clases ou castes da sociedade; mais a nosa ciencia distingue o propiamente popular, que se soe atopar preferentemente nas camadas inferiores, e máis aínda na xente da aldea, do erudito, que procede do ensino metódico e do saber especializado [...]. O primeiro paso é o de se liberar do prexuízo de que as clases que se soen chamar incultas sexan realmente incultas. A xente da aldea, os non estudiados, os analfabetos mesmamente, posúen unha cultura non escrita, non escolar, que non é propiamente inferior –sobre todo tocante á súa orixe– senón antiga, e por selo, ten valores propios, equivalentes, noutra orde de cousas, ós da nosa cultura moderna, e que a fan digna de ser conservada”<sup>10</sup>.

Malia os meritorios traballos no século XVIII de dous grandes intelectuais galegos da Ilustración como Feijoo e Sarmiento, ben sabía Otero Pedrayo que os eruditos “consideraban os pobos prerromanos dun modo [...] algo primitivo, perigoso, unha hidra de pesadelo disposta a espertar”<sup>11</sup>. Así e todo, Otero Pedrayo considera que frei Martín Sarmiento “gardou vivo o sentido da historia e xa que logo da paisaxe popular manifestados no folclore e na lingua [...]. Alén dos lindeiros canónicos da Galicia provincia romana advertiu o tremor de orixes e soubo colocar o castro, a aldea, a historia e a estética galega no horizonte que lles corresponde. Non xulgou só como erudito. Advertiu a múltiple presenza dunha realidade e pode ser chamado o máis galeguista dos precursores”<sup>12</sup>. En libros póstumos como *Viaje que el Padre Sarmiento hizo a Galicia el año de 1745*<sup>13</sup> tratará Sarmiento sobre “os máis diversos temas de tódalas ciencias, de minerais estraños, plantas salutíferas, animais de lonxes terras, lendas, costumes, reliquias, antigallas, doenzas, arbitrismo...”<sup>14</sup>, que vai atopando no camiño.

Pero no Romanticismo, outros homes, como Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal, e unha muller, Rosalía de Castro, os poetas, afirma afervorado Otero Pedrayo,

9. Véxase RODRÍGUEZ CASTELAO, A.D.: *Sempre en Galiza*, Libro I, 7, t. I, A Coruña, 2001, p. 78 e 79.

10. Véxase RISCO, V.: *Etnografía*, op. cit., p. 10.

11. Tomado e traducido de OTERO PEDRAYO, R.: *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*, A Coruña, 2004, p. 7.

12. *Idem*, p. 190 e 191. Insiste tamén nesta idea o erudito galeguista Filgueira Valverde, cando sostén que “a obra inxente de frei Martín Sarmiento inicia o rexurdimento de Galicia. Poucos galegos terán amado máis e coñecido mellor a súa terra e o seu pobo”; cfr. FILGUEIRA VALVERDE, J.F.: *Frei Martín Sarmiento*, Santiago de Compostela, 2002, p. 7.

13. Véxase PENSADO TOMÉ, J.L. (ed.): *Viaje que el Padre Sarmiento hizo a Galicia el año de 1745*, Salamanca, 1975.

14. Cfr. FILGUEIRA VALVERDE, J.F.: *Frei Martín...*, op. cit., p. 20.

“botáronlle sondas audaces ao fondo da alma galega e nel atoparon un tremor inicial de historia [...], a conciencia celta, prerromana, a que flúe das orixes baixo todas as formas externas e seguirá a fluír no futuro. Os poetas abrazaron a tristura da alma galega, a saudade da cantiga popular; amaron as artes do pobo esquecido, escoitaron a lenda a carón do fogar desprezado e, dun golpe marabilloso de intuición, descubriron a esencia de Galicia e colocaron a súa patria no horizonte xusto”<sup>15</sup>. Pouco despois, todo vai cambiar coa aparición de novos homes de ciencia como Vicente Risco e Florentino López Cuevillas que lle proporcionarán a este saber popular longamente esquecido o rigor académico dos seus traballos. A investigación etnográfica e arqueolóxica dos estudosos galegos, avalada cos métodos científicos máis esixentes, confirma a intuición de precursores como Feijoo e mais Sarmiento. Ben di Otero Pedrayo que “o grupo de etnógrafos rexido por Vicente Risco manipula a materia espiritual da aldea visible na lenda, no conto e no canto, na arte inxenua, na técnica elemental e eterna. Florentino Cuevillas guía con severo método a clasificación do inmenso material arqueolóxico, coordina o labor de equipos entusiastas de prehistoriadores e xa pode trazar esquemas seguros. Ambas as dúas liñas de ataque ao misterio das orixes galegas van descubrindo sobre os verdes campos, as rumorosas costas e as prolixas montañas de Galicia, nun fondo xusto e arredado, o primeiro tapiz de cultura que cubriu a nosa terra e viviu e vive da súa enerxía [...] e podemos imaxinar o horizonte humano da Galicia estritamente celta”<sup>16</sup>. Asemade, afirma Otero Pedrayo, os vellos castros —presentes en Pontedeume, como recolle a abundosa toponimia local<sup>17</sup>—, “cinguidos pola néboa das lendas [...], son perenne testemuño da íntima compenetración do celta coa terra que posúe e domina [...], están esculpidos no relevo xeográfico e na alma da raza”<sup>18</sup>.

Cre, así mesmo, Couceiro Freijomil que “a terra eumesa é de puro avoengo celta. A través dos tempos perduran sinais abundosas para soste que nela se estableceran, consolidaran e floreceran aquelas xentes que tan perennes pegadas deixaron na inconfundible maneira de ser do pobo galego”<sup>19</sup>. Roxín Roxal, talvez a máis sobranceira das lendas eumesas, amosa tamén estas presuntas raíces celtas nalgunhas das súas máis coñecidas versións. Benito Vicetto defende, na súa novela, que os celtas deixaran en Galicia pegadas da súa relixión e dos seus costumes e que os Cabaleiros da Agúa pretendían nomear rei de Galicia a Roxín Roxal para recuperar ese espírito; con el os galegos “sacudirán las

15. Tomado e traducido de OTERO PEDRAYO, R.: *Ensayo...*, op. cit., p. 7 e 8.

16. *Idem*, p. 12 e 13. Carré Alvarellos ve “na riquísima cantidade e variedade das lendas galegas [...] unha exuberante imaxinación que é a súa maior e máis prezada característica” e mostra “unha cultura [...] de tipo céltico”; cfr. CARRÉ ALVARELLOS, L.: *Las leyendas tradicionales gallegas*, Madrid, 1977, p. 35 e 33.

17. Véxanse O Castro, na parroquia de San Cosme de Nogueirosa; ou Os Castros, na de San Martiño de Andrade. Pola súa parte, o topónimo Castrelo, na parroquia de Santa María de Centroña, provén do diminutivo de castro. Unha información completa e rigorosa verbo deste tema pode verse en MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I.: *Toponimia del Concejo de Pontedeume y cartas reales de su puebla y alfoz*, A Coruña, 1987.

18. Tomado e traducido de OTERO PEDRAYO, R.: *Ensayo...*, op. cit., p. 14.

19. Cfr. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia de Pontedeume*, cuarta edición, Pontedeume, 1995, p. 17.

cadenas del esclavo, y la antigua Abobriga es [sic] la antigua Brigantium saldrán del caos de la abyección y del oprobio en que los sumió la tiranía del leonés y el despotismo del castellano [...], morireis como buenos luchando por la independencia de la tierra que os sustenta, de la tierra adorada que os vio nacer”<sup>20</sup>. Por outra banda, Cristóbal Lozano, na súa versión desta lenda recollida por José Bergua, xustifica, ben que con nulo rigor histórico, o nome do protagonista polo seu cabelo roxo e a súa pel branca, que son debidos ao seu pai normando, que deixara preñada unha doncela do señor de Pontedeume, Nuno Freire de Andrade, nunha das incursións destes pobos, no século XV, polo golfo Ártabro<sup>21</sup>.

Este celtismo radical dos vellos galeguistas fora tamén defendido por Manuel Murguía cando afirmaba, sen dúbida con moita esaxeración, que “as tribos celtas puxeron o pé en Galicia e se apoderaron do extenso territorio que compoñía a provincia galega, á que lle deron nome, lingua, relixión, costumes, nunha palabra, vida enteira, ese día rematou o poder dos homes inferiores no noso país [...]. O celta é o noso único, o noso verdadeiro antepasado”<sup>22</sup>. Xa que logo, Manuel Murguía considera que “os castros, os túmulos, pedras e fontes, sagrados aínda aos ollos do labrego, as virtudes das que se lles cre dotados, as lendas que a eles viven adheridas son outras tantas probas da orixe céltica, e mesmo puidera engadirse só céltica, das nosas xentes”<sup>23</sup>.

Así e todo, na actualidade, estudos máis desapaixonados poñen moitos matices e chegan mesmo a cuestionar a teoría da inxente presenza celta en Galicia con argumentos científicos moi sólidos e ben documentados<sup>24</sup>. González Reboredo destaca que o propio Vicente Risco recoñece, nos anos corenta, “que o home galego tamén é un *homo infimae latinitatis*, afirmación que cremos se aproxima un pouco máis a unha auténtica valoración da cultura galaica”<sup>25</sup>. Mais como ben di Ramón Piñeiro, “aínda no caso de que a investigación arqueolóxica chegase algún día a lle restar toda a importancia ó noso celtismo histórico, a historia da cultura galega terá que contar para sempre co feito do celtismo espiritual promovido polos nosos románticos e máximamente representado por estes dous homes: Murguía e Pondal”<sup>26</sup>. Tamén sostén Castelao que é “certo que nos sentimos celtas;

20. Cfr. VICETTO, B.: *Rogin Rojal. El page de cabellos de oro*. Novela histórica caballeresca del siglo XI, Madrid, 1857, p. 307-314.

21. Cfr. BERGUA, J. (ed.): *Cristóbal Lozano. Leyendas y tradiciones españolas*, Madrid, 1958, p. 198-208. As invasións de Galicia polos piratas normandos aconteceran entre os séculos IX e XII.

22. Tomado e traducido de MURGUÍA, M.: *Galicia*, t. I, Santiago de Compostela, 1985, p. 21 e 22

23. *Idem*, p. 112.

24. Véxanse, entre outros moitos, os matices que poñen á masiva presenza dos celtas en Galicia VILLARES PAZ, R.: *Historia de Galicia*, Madrid, 1986, p. 25-49; BERMEJO BARRERA, X.C.: *Los antepasados imaginarios en la historiografía gallega*, “Cuadernos de Estudios Gallegos”, 38, nº. 103, 1989, p. 73-91; BALBOA SALGADO, A.: *A Galicia celta*, Santiago de Compostela, 2007; ou os argumentos máis radicais de CALO LOURIDO, F.: *Os celtas. Unha (re)visión dende Galicia*, Xerais, Vigo, 2010, que ás veces cae no vicio que noutros critica, levar a auga ao rego do seu muíño.

25. GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: *Lendas galegas de tradición oral*, Galaxia, Vigo, 1995, p. 13.

26. PIÑEIRO LÓPEZ, R.: *Olladas no futuro*, Galaxia, Vigo, 1974, p. 52.

pero máis que pensar nos invasores que nos deron o pulo xenésico da nosa unidade espiritual, pensamos nas afinidades étnicas que nos asemellan a outros pobos atlánticos [...]: irlandeses, galeses, bretóns, etc.”<sup>27</sup>.

O propio Murguía é sabedor de que, froito da romanización, moitas lendas celtas, castrexas ou prerromanas foron cristianizadas ou viceversa, entre elas a que fai referencia á *translatio* do corpo morto de Santiago desde o porto de Jaffa ao de Iria Flavia polos seus discípulos Teodoro e mais Atanasio, para enterralo na terra onde predicara o Evanxeo; así conta como conducen os venerados restos nun carro ao que xonguen touros salvaxes, e no lugar onde estes paran, alí depositan o corpo inanimado do Apóstolo, e sinala “como unha proba máis do noso indeleble celtismo, que a lenda do apóstolo Santiago está por completo impregnada do vello espírito da nosa raza”<sup>28</sup>. Otero Pedrayo reconece igualmente que, coa romanización, “polo camiño chega e na cidade fala a Boa Nova, o Evanxeo de Cristo [...]. Galicia empápase, asemade, de Evanxeo e de latín. Sen deixar de ser celta, entra na familia dos pobos da cultura”<sup>29</sup>.



Vista da catedral, levantada no castro onde, segundo a lenda, se atoparon os restos do apóstolo Santiago, e do Pico Sacro ao fondo, onde os bois bravos que arrastraron o seu sartego foron atopados e amansados

27. Cfr. RODRÍGUEZ CASTELAO, A.D.: *Sempre...*, op. cit., Libro I, 3, t. I, p. 62.

28. “Hai na vida de Ronán ou Renán, apóstolo de Cournouailles [na antiga Bretaña francesa], trazos que semellan pertencer a unha tradición dada ou que ten un mesmo fondo histórico cós que se refiren á do Apóstolo [...]. Santiago, coma Ronán, é perseguido por unha muller que o aborrece, Keban na lenda armórica, a Lupa na de Galicia: a primeira reina no bosque sagrado, a segunda [...], na vasta comarca iriense. Cando morre Ronán, queda ao designio dos bois que conducen a carreta na que vai o cadáver a sinalización do lugar no que o santo quere ser enterrado [...]. Así tamén acontece na lenda de Santiago Zebedeo”; cfr. MURGUÍA, M.: *Galicia*, op. cit., p. 509. Véxanse tamén sobre a Raiña Lupa e a lenda xacobeá, LLINARES GARCÍA, M.: *Mouros, ánimas, demonios. El imaginario popular gallego*, Akal Universitaria, Madrid, 1990, p. 57-73 e 165-171; e LLINARES GARCÍA, M.: *La Reina Lupa entre la leyenda literaria y la tradición popular*, “Cuadernos de Estudios Gallegos”, 38, n.º. 103, 1989, p. 299-320.

29. Tomado e traducido de OTERO PEDRAYO, R.: *Ensayo...*, op. cit., p. 24-26.

A lenda da serea da illa de Sálvora mestura tamén elementos da chamada cultura celta ou da grega, como a mudez da serea<sup>30</sup>; de tradicións presuntamente celtas, como o salto do lume de San Xoán<sup>31</sup>; romanas e mesmo da épica xacobeá. Contan que un soldado romano chegou á illa de Sálvora malferido e que, unha vez que sandou, decidiu quedar alí a vivir; pero outras versións falan de que o protagonista da lenda foi Roldán, aquel cabaleiro, sobriño de Carlomagno, que lle axudara ao emperador, segundo o *Códice Calixtino*, a cumprir o mandato que o apóstolo Santiago lle encargara cando se lle apareceu nun soño<sup>32</sup>. Malia que o *Códice Calixtino* conta con detalle a morte e mesmo o enterro de Roldán<sup>33</sup>, como tamén o fai a *Chançon de Roland*, esta versión da lenda afirma que o cabaleiro non morreu, como aseguran estas fontes, na trágica batalla de Roncesvalles, senón que quedou malferido, e de alí fuxiu nun barco polo mar Cantábrico, chegou ao océano Atlántico e desembarcou na illa de Sálvora onde casou cunha serea muda, que logo recuperou a fala, coa que tivo descendencia e que quedou alí ata que este morreu. Din os vellos mariñeiros que, aínda hoxe, nos días en que o mar está máis embravecido, Roldán fai soar o seu olifante para os avisar do perigo.

Nesta mesma idea de mestizaxe insiste Vicente Risco cando afirma que “a cultura popular está constituída por elementos, deica certo punto, elaborados polo pobo e por elementos sedimentados do saber erudito de tempos antigos, conservados polo pobo. Componse igualmente de elementos «indíxenas» –enxebres– e de elementos alóxenos «aculturados», ou sexa, incorporados ó que nos é propio. De aquí vén o seu valor como fonte da historia, por atoparmos nela o que chaman supervivencias de tempos antigos, como se foran verdadeiros fósiles espirituais que o historiador pode estudar en vivo, porque, a diferenza doutros fósiles, son materia vivente e actuante [...]. O pobo [...] dálles a todas esas cousas un xeito de seu. A este fenómeno chaman algúns «aculturación». De aquí que na cultura popular se manifeste acusadamente o que soemos chamar o típico e,

30. O canto das sereas engaiolou moitos mariñeiros gregos, pero a tradición das lendas de sereas mudas tamén se pode atopar no conto do dinamarqués Hans Christian Andersen, *A sereíña*, en RODRÍGUEZ BAIXERAS, X. (trad.): *Contos de Andersen*, Xerais, Vigo, 1999, p. 35-67; ou nunha lenda de santo Ulises referida polo crego de Ítaca a Laertes en CUNQUEIRO, A.: *Las mocedades de Ulises*, Madrid, 2001, p. 31.

31. Para Risco, a noite de San Xoán “é en Galicia a noite dos milagres e dos encantos [...]”; cando os paisanos choutan ou fan choutar as súas bestas a traverso das flamas das fogueiras do San Xoán, practican o vello rito céltico”; cfr. RISCO, V.: *Etnografía*, op. cit., p. 640. Véxase tamén, noutro sentido, GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: *A festa de San Xoán*, Ir Indo, Vigo, 1989. Pontedeume non foi alleo a esta antiga tradición, for celta ou non; Ramiro Fonte, na súa novela *Os meus ollos*, describe os rapaces eumeses, “saltando o folión perante os meus ollos faiscantes [...]”, cumprian un rito esencial, transmitido de xeración en xeración, desde o fondo dos séculos. Baixo as mesmas estrelas impasibles, os ártabros prendían grandes fogueiras ó longo da costa para saudaren o solsticio de verán. Antigas deidades vixiaban a temerosa e escura soidade destas terras antes de que a vela do trirreme de Roma asomase polas Mirandas [...]. A pagá cerimonia do lume tiña a propiedade de protexernos das estrañas enfermidades do espírito”; cfr. FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, op. cit., p. 266 e 282.

32. “Fágoche saber que, así como o Señor te fixo o máis poderoso dos reis da terra, de igual maneira te elixiu entre todos para preparar o meu camiño e liberar a miña terra das mans dos sarracenos, e procurarche así unha coroa como recompensa eterna. O camiño de estrelas que viches no ceo significa que irás desde estas terras ata Galicia cun gran exército combater as perdas xentes pagás, e liberar o meu camiño e a miña terra, e visitar a miña basílica e sepulcro”; cfr. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *Códice Calixtino. O Codex Calixtinus en galego*, Santiago de Compostela, 2009, p. 396.

33. Cfr. *idem*, p. 433-449.

entre nós, enxebre, o que singulariza a cada raza, nación, rexión, comarca, agrupación pequena, por fronte ás demais, e o que a diferencia dentro do círculo e da zona cultural á que pertence”<sup>34</sup>.

## CLASIFICACIÓN DAS LENDAS, SEGUNDO VICENTE RISCO

No seu tratado sobre Etnografía, dedícalle Vicente Risco unha parte á Literatura<sup>35</sup>. Considera o mestre que as características máis destacables da literatura popular son que é oral, anónima, tradicional e natural, mais, como el di, cómpre matizar un pouco estas afirmacións. “O ser oral non quere dicir que non poida chegar a nós a través dunha fonte escrita, por ter sido recollida posteriormente”<sup>36</sup>; isto xustifica o feito de que moitas veces aparezan por escrito diferentes versións dunha mesma lenda, que pode ser adaptada a diversos tempos e lugares ou ter como protagonistas a distintos personaxes; véxanse por exemplo as devanditas de Ronán e o apóstolo Santiago, ou a da serea da illa de Sálvora, que ben ten como heroe un soldado romano ou ben a Roldán; noutras lendas as variantes presentan diversos matices, como na que máis adiante veremos sobre san Rosendo, que guindou o seu anel ao río Eume ou a chave do seu cilicio<sup>37</sup>, e pediu que non aparecese ata que Deus lle perdoase; ou nesta mesma lenda, cando se afirma que o peixe que recuperou a chave ou o anel portaba este obxecto quer no bico quer no seu estómago. “O ser anónima non quere dicir que non teña un autor individual determinado [...]. O que acontece é que os autores aldeáns son axiña esquecidos, sen que eles se preocupen da propiedade literaria, e contos, cantigas, romances, etcétera”<sup>38</sup> recítanos e cántanos como cousa de todos, «da xente», sen que importe a ninguén saber quen o fixo”<sup>39</sup>; o anonimato está fortemente ligado ao feito de que as lendas foran transmitidas por vía oral, moitas delas desde os tempos inmemoriais dos nosos devanceiros prerromanos, polo que se consideran propiedade do pobo, que mesmo ten dereito a modificalas e adaptalas á súa realidade particular. “O ser tradicional quere dicir que se acomoda a formas herdadas dos antergos, que non se sabe de onde viñeron nin o tempo que teñen, somentes que así é como se fai porque así están impresas na memoria hereditaria do pobo e porque así se veñen repetindo dende sempre”<sup>40</sup>; a tradición afirma que os nosos antepasados lles rendían culto e lles presentaban sacrificios aos elementos da natureza, e así é recollido na lenda que tamén veremos sobre o nacemento do río Eume, na que se afirma que o río ten dereito a recibir como

34. Cfr. RISCO, V.: *Etnografía*, op. cit., p. 10 e 11.

35. *Idem*, p. 663-709.

36. *Idem*, p. 664.

37. Cfr. LÓPEZ CARBALLEIRA, A.: *San Rosendo (siglo X)*, Santiago de Compostela, 1909, p. 89 e 90.

38. Neste etcétera están sen dúbida incluídas as lendas.

39. RISCO, V.: *Etnografía*, op. cit., p. 664.

40. *Idem*, p. 664 e 665.

ofrenda unha vida humana cada ano como recompensa por lles gañar a batalla ao Landro e mais ao Sor. “O ser natural indica que non están refeitas asegún modelos deprendidos na escola, nin dependen da moda, nin do ensino, nin do artificio”<sup>41</sup>; a súa pureza e fidelidade aos modelos dos devanceiros é debida a que son transmitidas de pais a fillos, de xeración en xeración; así o refire con tenrura Ramiro Fonte, evocando a súa infancia en Pontedeume: “—Cóntame o conto de Rojín Rojal —pedíalle eu á miña nai, intentando vencer o aburrimiento dunha tarde de xoves chuviñenta como a da semana anterior. Se ela estaba inspirada, erguíase da mesa na que cosía nas medias, baixaba o volume da radio e amosaba con desenvoltura as súas virtudes de narradora oral”<sup>42</sup>.

Dentro da literatura popular inclúe Vicente Risco a épica narrativa, na que distingue dúas seccións, a lenda e o conto. A diferenza principal entre elas é que a primeira trata sobre feitos acontecidos nun lugar e nun tempo determinados, mentres que o *locus* e o *tempus* do conto son imprecisos. “A lenda refírese para que a crean os que a escoitan, quere ser a narración dun feito que aconteceu de certo: é a forma popular da historia. De feito, ten moitas veces un fundamento real, está baseada nun feito verdadeiro, máis ou menos alterado ou mesturado con outros [...]. Con seguranza, a memoria popular é imprecisa, neboenta, nela os detalles miúdos esquécense, mais, por outra banda, pasma moitas veces ós investigadores o duradeiro dos recordos que chegan ós milleiros de anos. Ora no pobo como nos individuos, a lembranza é máis fiel canto de cousas máis antigas se trata, e o que se pense máis no esquecemento é o máis recente. Hai que ter en conta, ademais, os fenómenos de contaminación, falsa interpretación, lagoas, interpolacións, envellecemento, anovamento, incorporación”<sup>43</sup>. Pola súa parte, “o conto preséntase como pura creación literaria, como historia discorrida, que non ocorreu endexamais, senón que se conta por divertimento”<sup>44</sup>.

Malia que non hai unha clasificación das lendas aceptada por todos os investigadores, Vicente Risco pensa que se pode falar de tres tipos principais: as lendas etiolóxicas, as haxiográficas e as históricas<sup>45</sup>.

As lendas etiolóxicas “son as que foron inventadas para explicar un feito do que a xente non coñece a razón ou a orixe [...], sen ter un carácter mítico”<sup>46</sup>. No tocante aos ríos,

41. *Idem*, p. 665.

42. Cfr. FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, op. cit., p. 76.

43. RISCO, V.: *Etnografía*, op. cit., p. 667.

44. *Ibidem*.

45. Carré Alvarellos distingue entre lendas populares, relixiosas, fantásticas e de encantamentos, históricas e novelescas; cfr. CARRÉ ALVARELLOS, L.: *Las leyendas...*, op. cit., p. 24-28; entre as novelescas, narra as do castelo da fame, Roxín Roxal e a de Rui o paxe escudeiro, que aconteceran en Pontedeume; cfr. *idem*, p. 206-212 e 263-265. Véxanse tamén GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: *Lendas...*, op. cit., p. 11-14; ou a introdución que fai este autor en PÉREZ NEGREIRA, A. (dir.): *Galicia de lenda*, A Coruña, 1999, p. 4-25.

46. RISCO, V.: *Etnografía*, op. cit., p. 668.

a lenda de Roxín Roxal explica a orixe do topónimo Ponte do Porco polo feito de que este doncel eumés matara na ponte sobre o río Lambre o xabarl que asasinara a súa amada Tareixa; ademais, outra lenda fala da posible orixe do topónimo Pontedeume e afirma que vén dunha deformación de Ponte do Demo, pois lle atribúe a construción da ponte sobre o río ao Diaño; finalmente, a lenda do nacemento do río Eume incorpora así mesmo aspectos etiolóxicos cando xustifica que desemboca no océano Atlántico e non no mar Cantábrico, como as outras dúas fontes que o acompañaban, para non coincidir con elas pola súa traizón. Por outra banda, a lenda de Pepa a Loba xustifica o alcume da protagonista porque lle fixo fronte a un lobo que atacou o rabaño que coidaba e o matou coa axuda do seu can. Pola súa parte, unha análise da toponimia menor do concello de Pontedeume xustifica o nome da Pena do Soldado da praia eumesa de Sopazos pola misteriosa e lendaria morte dun militar destinado en Ferrol que alí afogara.

As lendas haxiográficas “refírense ás vidas dos santos: milagres, penitencias, fundacións, ditos e sentencias”<sup>47</sup>; un pouco de todo isto temos na xa devandita lenda de san Rosendo na que o santo guinda o seu anel ou a chave do seu cilicio de penitente ao río Eume por un pecado de soberbia e lle pide a Deus que non llo devolva ata que sexa merecente do seu perdón; o anel, ou consonte outras versións a chave, recupérase, o que é considerado por todos como un milagre<sup>48</sup>; segundo Manuel Alberro, “este costume de arrebolear obxectos como ofrendas á auga é realmente antigo e estendido: valiosas e delicadas xoias e obxectos metálicos foron recuperados de ríos, lagos e estanques en varias partes de Europa, en especial das rexións habitadas polos antigos pobos celtas”<sup>49</sup>. Tamén se poden ver elementos haxiográficos nas intervencións de san Miguel contra o Demo nas lendas sobre a construción da ponte medieval do Eume, nos tempos de Fernán Pérez de Andrade o Bo, que incorporaban, ademais, datos históricos, mitolóxicos e, como xa vimos, etiolóxicos.

As lendas históricas “son referentes a feitos históricos, xeralmente batallas, fazañas e accións heroicas. Puidérase facer unha historia lendaria de Galicia pondo por orde as lendas recollidas”<sup>50</sup>. Algúns feitos históricos con tinguiduras lendarias son a famosa

47. *Idem*, p. 669.

48. Unha completa e moi interesante información sobre a vida de san Rosendo, as lendas a el referidas e a súa influencia na Galicia do seu tempo pode verse en LÓPEZ CARBALLEIRA, A.: *San Rosendo...*, op. cit.; SINGUL LORENZO, F. (dir.): *Rudesindus. A terra e o templo*, Santiago de Compostela, 2007, e en concreto, no tocante ao mosteiro de Caaveiro, o traballo de CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: “San Rosendo, fundador de mosteiros. O caso de San Xoán de Caaveiro”, p. 294-315; SINGUL LORENZO, F. (dir.): *Rudesindus. A cultura europea do século X*, Santiago de Compostela, 2007; e SINGUL LORENZO, F. (dir.): *Rudesindus. O legado do santo*, Santiago de Compostela, 2007; ou, entre outros, nos traballos de PÉREZ LÓPEZ, S.L.: *San Rosendo e Mondoñedo. Razóns dun Centenario (907-2007)*, Mondoñedo, 2006; CASTRO ÁLVAREZ, C. DE, FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, J.I. e GONZÁLEZ BALASCH, M.T.: *El monasterio de San Juan de Caaveiro*, A Coruña, 1999; o volume monográfico sobre Caaveiro da revista “Cátedra”, 3, Pontedeume, 1996; e o artigo de HERNÁNDEZ FIGUEIREDO, J.R.: *San Rosendo e Caaveiro, entre o mito e a realidade*, “Cátedra”, 16, Pontedeume, 2009, p. 37-57.

49. Tomado e traducido de ALBERRO, M.: *El agua, los árboles, los montes y las piedras en el culto, creencias y mitología de Galicia y las regiones célticas del Noroeste Atlántico europeo*, “Anuario Brigantino”, 25, Betanzos, 2002, p. 15.

50. Cfr. RISCO, V.: *Etnografía*, op. cit., p. 669.

frase de “eu non quito nin poño rei, mais axudo ao meu señor”, atribuída a Fernán Pérez de Andrade por Bartolomé Sagrario de Molina, na súa *Descripción del Reino de Galicia*<sup>51</sup>; ou a toma do castelo de Andrade polos irmandiños, comandados por Roi Xordo en tempos de Nuno Freire de Andrade, como recolle a *Crónica del serenissimo rey don Juan el segundo deste nombre*<sup>52</sup>, ou conta Vaamonde Lores<sup>53</sup>. Pola súa parte, a historia de Roxín Roxal entra de cheo na lenda; como afirma Ramiro Fonte, “unha cousa era a antigüidade e outra antigamente. Os maiores empregaban moito a expresión antigamente. Con ela facíanse verosímiles as historias de Rojín Rojal, aquel paxe do conde de Andrade que non era tan bo coma o outro [...] e deste xeito triunfaba a lenda sobre a historia”<sup>54</sup>. Tamén podemos considerar como lendas históricas relacionadas co río Eume ou a súa fraga a do castelo da fame, a da gavela de Pepa a Loba ou a das sete pontes, sete igrexas, sete mosteiros e sete hospitais referida ao Bo.

Nós engadirémoslle a esta clasificación de Vicente Risco as lendas mitolóxicas, malia que o mestre non as considere como verdadeiras lendas porque, aínda que son historias que a xente cre como se fosen certas, fan referencia a seres sobrenaturais, mentres que as lendas sempre teñen como protagonistas os seres humanos ou as criaturas da natureza. Entre elas, están a do nacemento do río Eume, a da luciña de Soaserra, a do cabalo unicornio da Fraga do Eume ou a da cidade asolagada. Segundo o propio Risco reconece, “moitas lendas, tradicións, contos e apólogos foron na súa orixe mitos que logo viñeron dexenerando ata convertérense en cousa puramente literaria. Moitos mitos antigos atopámoslos hoxe deguisados baixo desas outras formas”<sup>55</sup>.

51. Conta Molina que Fernán Pérez de Andrade o Bo volteou ao rei Pedro I o Cruel (1350-1369) para que o irmán deste, Henrique o Bastardo, o matase e se fíxese así co trono; como premio pola súa axuda, o novo rei Henrique II (1369-1379), tamén alcumado o das Mercedes, concedeuille, entre outros, en 1371, o señorío de Pontedeume; cfr. PARRILLA, J.A. (ed.): *Descripción del Reino de Galicia por el licenciado Molina*, Santiago de Compostela, 1998, p. 150.

52. “Entre los otros negocios que el rey había de despachar antes que para la guerra partiese [1431], era uno que pendía entre Nuño Freyre de Andrade y sus vasallos de la Puente de Heume y Ferror y Villalva, que eran suyas [...], que se habían todos levantado contra él, diciendo que era señor muy fuerte y duro y que no lo podían comportar, y hacíanle guerra tres mil hombres y más [...] y con estos se habían juntado otros muchos [...], que serían bien diez mil hombres y más, y habían tomado por capitán un Fidalgo que se llamaba Ruy Sordo [...], y como Nuño Freyle había recibido tan grandes daños desta gente, juntose con Gómez García de Hoyos [...] y fueron a Puente de Heume, que era deste Nuño Freyle, y tenían ende cercado un castillo suyo donde estaban su mujer y sus hijos. Cuatrocientos hombres y más destes que se llamaban Hermanos pelearon con ellos, y descercaron el castillo, y murieron ai algunos de los Hermanos, y otros fueron presos y enforcados, y así se apaciguó este caso de Galicia”; a transcripción desta crónica de Xoán II está recollida de COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia...*, op. cit., p. 181 e 182.

53. “Acometéndooos furiosamente, desbaratounos de tal forma que a meirande parte dos que non morreron na batalla pereceron na súa fuxida afogados na mansa corrente do Eume”; tomado e traducido de VAAMONDE LORES, C.: *Nuño Freire de Andrade*, “Almanaque Gallego 1916”, Bos Aires, 1916, p. 47.

54. FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, op. cit., p. 282.

55. Cfr. RISCO, V.: *Etnografía*, op. cit., p. 28.

## AS LENDAS E A IDIOSINCRASIA DOS EUMESSES

Tal vez o poeta e escritor máis sobranceiro que deu Pontedeume foi o tristemente falecido e sempre lembrado Ramiro Fonte. O noso bardo, na novela *Os meus ollos*, primeira da súa triloxía *Vidas de infancia*<sup>56</sup>, na que reflicte a alma da vila desde os ollos dun neno e a destreza e finura literaria dun excelente novelista, asegura que “Pontedeume é memoriosa de seu. Orgullosa e opinante, o eumés cultiva o vicio da memoria, unha discreta perdición que non se pode comparar con ningún dos pecados capitais [...]. Máis que nos vicios, a memoria intégrase nas nosas virtudes. O eumés é memorioso, irónico e sentimental<sup>57</sup>. Ese é o seu xeito de sentirse a gusto na vida”<sup>58</sup>.

Pero a memoria eumesa mestura, sen marcar unha fronteira diáfana, a historia coa lenda. Mesmo o primeiro señor da vila por mor do privilexio asinado en Burgos polo rei Henrique II o Bastardo (1369-1379) o dezanove de decembro de 1371, Fernán Pérez de Andrade, alcumado o Bo, mandáralle traducir ao galego ao seu capelán Fernán Martins a *Crónica Troiana*, na que a historia e a lenda da Guerra de Troia aparecen mesturadas, coa presenza de personaxes reais e lendarios<sup>59</sup>. Como Ramiro Fonte afirma, “nós eramos descendentes dos Andrade, unha das máis poderosas casas da Galicia medieval. Donos de vidas e facendas, señores de forza e coitelo, pero tamén cultos”<sup>60</sup>.

Así e todo, destaca o noso novelista e ademais gran poeta que “o pobo dos eumeses vía as cousas desde outra perspectiva. Inevitabilmente retranqueiro, opinaba que todos nós descendíamos dos bastardos daqueles señores. Un dos condes, posiblemente o Mao<sup>61</sup>,

56. FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, op. cit.; FONTE CRESPO, R.: *Os ollos da ponte*, Xerais, Vigo, 2004; e FONTE CRESPO, R.: *As pontes no ceo*, Xerais, Vigo, 2007.

57. Tres calidades que definen con rigor, malia que, como en todo, hai excepcións, o noso carácter propio e que o autor cultiva decote nas novelas que forman a devandita triloxía.

58. FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, op. cit., p. 72 e 73.

59. Estas lendas troianas, apoiadas nunha longa tradición oral, foran tratadas xa por Homero, na *Iliada* e na *Odisea*, no século VIII antes de Cristo, e sete centurias máis tarde, por Virxilio na *Eneida* e por Ovidio nas *Metamorfoses*. Segundo o filólogo Ramón Lorenzo, as fontes dos autores medievais que transmitiron ás linguas románicas estas lendas serán as versións latinas dos textos en prosa escritos “por dous supostos autores contemporáneos da destrución, os chamados Dictis e Dares, ou, como se di na *Crónica Troiana* galega, Dites e Daires”; cfr. LORENZO VÁZQUEZ, R. (ed.): *Crónica Troiana*, A Coruña, 1985, p. 8. A versión en francés destas lendas foi recollida en octosílabos por Benoît de Sainte-Maure no século XII en *Roman de Troie*. No século XIV, o rei Afonso I (1312-1350) encargou facer a versión en castelán; esta, posteriormente, foi mandada traducir ao galego por Fernán Pérez de Andrade o Bo, e Fernán Martins, o seu principal tradutor, rematou o traballo en 1373. Unha visión máis completa sobre a orixe destas lendas troianas e as súas traducións pode verse na espléndida introdución que presenta o profesor Ramón Lorenzo Vázquez na devandita edición que realizou da *Crónica Troiana*; cfr. *idem*, p. 5-211.

60. FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, op. cit., p. 74.

61. Refírese a Nuno Freire de Andrade, terceiro señor de Pontedeume, malia que ben sabía Ramiro Fonte que non era conde, como as vellas lendas recollían e cren aínda moitos eumeses; pero el quere xogar aquí con esa mestura entre a historia e a lenda propia da memoria eumesa da que antes se falou. O primeiro conde de Andrade foi Fernando de Andrade e Pérez das Mariñas, oitavo señor de Pontedeume e capitán xeneral de Galicia, posto que compartiu co arcebispo compostelán Alonso de Fonseca III (1506-1524). O conde está enterrado no lado do Evanxeo do altar maior da igrexa parroquial de Santiago de Pontedeume, segundo consta na inscrición que se atopa enriba do seu sartego. Pola súa parte, Nuno Freire está soterrado no lado do Evanxeo do altar maior da igrexa do mosteiro de Santa María de Monfero.

obrigara a xacer con el á doncela dos cabelos louros. A mesmaíña que, segundo outra lenda, foi purificarse á fonte que manaba onde hoxe está o Pilón”<sup>62</sup>.

Este gusto dos eumeses por mesturar a historia coas lendas, desde os rapaciños ata os máis vellos, é constatado tamén por Ramiro Fonte cando di que “incluso calquera neno do Coliseo participa ó seu xeito das lendas que envolven os nosos monumentos históricos. Aí oín falar eu dun tesouro que alguén atopara no castelo de Andrade. Tamén dun pasadizo secreto que comunicaba o castelo co Torreón [...]. Ai, se tivésemos a sorte de que entre nós nacesse alguén coma o xenial William, aínda que non fose tan xenial coma aquel [...], abofé que non habería faltarlle materia literaria nas fazañas de guerra e nos xogos de poder da Casa de Andrade”<sup>63</sup>.

A atávica dicotomía entre o ben e o mal, que a tradición cristiá remonta á mesma orixe do home no *Libro da Xénese*<sup>64</sup>, é representada na idiosincrasia eumesa polas figuras lendarias do seu primeiro e terceiro señor, respectivamente Fernán Pérez de Andrade, denominado o Bo, e Nuno Freire de Andrade, coñecido polo alcume do Mao. Como afirma Ramiro Fonte, “houbera un conde chamado o Bo e outro chamado o Mao”<sup>65</sup>. Calquera podía así comprender a eterna loita entre o ben e o mal. Ser vasalo de Andrade o Bo ou ser vasalo de Andrade o Mao, eis a escolla que un debería facer na vida, porque non se pode servir a estes dous señores ó mesmo tempo”<sup>66</sup>. Pero o eumés, retranqueiro e irónico, sabe ben que isto é unha simplificación demasiado maniquea da vida, onde os grises adoitan prevalecer sobre os brancos e negros puros, e así, “levado polo espírito de contradición, hai quen pensa que o Bo non era mellor có Mao. O magnánimo Fernán Pérez de Andrade escollera o bando dun rei que matou outro rei, e así viuse recompensado con novos señoríos, como a nosa mesma vila. Ben pola contra, o malvado Nuno Freire de Andrade non era tan déspota, cruel e sanguinario como o pintou a historia”<sup>67</sup>. Esta esaxerada deformación é máis propia da lenda que da historia.

No apéndice da devandita *Crónica Troiana*, que recolle lendas enmarcadas na Antigüidade grega, o tradutor Fernán Martíns defende, como non podía ser doutro xeito, o seu mecenas e primeiro señor de Pontedeume, Fernán Pérez de Andrade o Bo<sup>68</sup>. Ben

62. FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, op. cit., p. 74.

63. *Idem*, p. 74 e 75.

64. Cando Deus lle dixo a Adán: “Podes comer de todas as árbores do xardín, mais da árbore da ciencia do ben e do mal non comerás en modo ningún, porque o día que comeres, certamente morrerás”; cfr. *Xénese*, 2, 9-24, especialmente, os versículos 16 e 17.

65. Xa se dixo, que estes dous señores non eran condes, malia que moitas lendas si lles atribuían este título.

66. FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, op. cit., p. 75.

67. *Ibidem*.

68. “Et sabede que este Fernán Pérez foy fillo de Rroy Freyre d’Andrade, e por mñ creede de certo que a este tenpo que este liuro foy escripto, que este Fernã Pérez era o mellor home que auía entõce en Galiza dos côdes ou rrico homes afora. Et sabede

dicía Carré Alvarellos que “a Historia está en boa parte urdida con lendas; xa que moitas veces os cronistas esaxeraban ou modificaban os sucesos reais, quer por gabar os méritos e fazañas de reis e personaxes a quen servían, quer por desprestixiar aqueles outros que eran contrarios aos seus persoais sentimentos ou ideas políticas”<sup>69</sup>.

Unha lenda atribúelle a Fernán Pérez de Andrade o alcume de Bo porque afirma que patrocinou e mandou construír ou rehabilitar nos territorios que se atopaban baixo o seu señorío importantes infraestruturas para o seu desenvolvemento económico, como sete pontes en sete ríos caudalosos, entre as que destacan as situadas no Camiño Inglés no Burgo –derruída por sir John Moore para deter o ataque das tropas francesas antes da lendaria batalla de Elviña, contra 1809–, en Xuvia –preto do lendario túnel secreto que seica hai debaixo do mar polo que talvez cruzaban a Neda os frades do mosteiro de San Martiño ou no que quizais se agacharan os fuxidos da Guerra Civil–, en Pontedeume –edificada, segundo varias lendas, polo Diaño, o que lle valeu o nome de Ponte do Demo–, na Ponte Baxoi, na Ponte do Porco –onde acontecera a terrible morte de Tareixa de Andrade e da que tomara pouco despois Roxín Roxal cumprida vinganza do xabarlil asasino– ou en Sigüeiro; sete igrexas, como a de Santa María do Azogue e a de Santiago, en Betanzos, as tres dos montes de Sor, a do Espírito Santo na ponte de Pontedeume ou a ermida de Chanteiro; sete mosteiros, entre eles os de San Francisco de Betanzos e de Ferrol, o de Santa Catarina de Montefaro, o de San Domingos da Coruña ou a súa actuación no de San Salvador de Bergondo; e sete hospitais, como o construído na ponte eumesa –que reservaba catro camas para os peregrinos xacobeos– ou o de San Bartolomeu de Betanzos. A referencia a este número máxico non quere dicir que fosen exactamente sete as pontes, igrexas, mosteiros e hospitais os realizados, senón que mandou facer un gran número de obras públicas que se traduciron en épocas de prosperidade para el, pero tamén para a xente que estaba baixo a súa xurisdición<sup>70</sup>.

Porén, Manuel Murguía afirma que o Bo, de quen di que a lenda se apoderou da súa vida e tendeu sobre ela a súa poética trama, recibiu este apelativo porque, sendo aínda moi novo, cando o futuro rei Henrique II o Bastardo (1369-1379) fuxía perseguido polo seu irmán Pedro I o Cruel (1350-1369), “atopou refuxio na torre de Andrade. De alí pasou a Francia levando na súa compañía a Fernán, a quen o seu pai lle dixo ao partiren: ¡Sé bo, que bo compañeiro levas!, e de aí que fose coñecido despois con aquel alcume”<sup>71</sup>.

que el a este tenpo era home de duzētos homes de caualo armados a todo punto. Et era señor da uila da Cruña et da uila de Betāços e da Pontedeume. Et Ferrol et a Pontedeume déralas el rrey por sua heredad. El outrossý tábén era señor de Neda et de Çedeyra et de Santa Marta et de Viueyro et de Uilalua”; cfr. LORENZO VÁZQUEZ, R. (ed.): *Crónica...*, op. cit., p. 747.

69. Tomado e traducido de CARRÉ ALVARELLOS, L.: *Las leyendas...*, op. cit., p. 18.

70. O propio Xesús Cristo utiliza este número máxico; cando Pedro lle pregunta se cómpre que lle perdoe a quen o ten ofendido ata sete veces, contesta: “Non che digo ata sete veces, senón ata setenta veces sete”, querendo explicarlle que tiña que perdoar sempre; cfr. *Mateo* 18, 21-22.

71. Tomado e traducido de MURGUÍA, M.: *Galicia*, op. cit., t. II, p. 1.160.



Ponte de Sigüeiro e escudo dos Andrade na ponte do Burgo

Así e todo, a suposta bondade do señor de Andrade foi cuestionada en 1550 polo licenciado Bartolomé Molina na *Descripción del Reino de Galicia*, unha obra que, malia o seu pretendido rigor histórico, presenta tamén na visión dalgúns dos episodios certa subxectividade. Pensaba Molina que, para “discernir as cousas deste Reino [...], a miña obra quedaba moi coxa e falta se non facía mención dos coñecidos solares e castes de Galicia [...], así por ver a antigüidade deste Reino como por notar a nobreza del, porque moitas veces vemos que, por falta de quen queira tomar traballo ou de quen o saiba facer, queda esquecido o que pode con razón estar na memoria de todos, e así quixen eu gañar honra cos naturais en escribir o que eles esquecen, xa que máis lle conviña isto a un estranxeiro, que debería ter mellor xuízo, porque non se lle botasen outros sobre el”<sup>72</sup>. Algúns destes acontecementos gardados na memoria de todos atopábanse dacabalo entre a historia e a lenda. Entre os relatos históricos salferidos con matices lendarios<sup>73</sup> que describe Molina está o da atribución a Fernán Pérez de Andrade do asasinato en Montiel do rei Pedro I o Cruel (1350-1369). A oitava en versos dodecasílabos introduce coma sempre os feitos: “La Casa de Andrade también os la digo / porque su hecho también se publique, / que un muy privado del rey don Enrique / contra don Pedro su hermano y abrigo, / en una batalla le fue tal amigo / que viéndole estar caído le quiso / dar tal ayuda, socorro y aviso / que dando la vuelta mató su enemigo”<sup>74</sup>. A continuación, un parágrafo en prosa, como acotío, explica máis polo miúdo o que aconteceu: “Esta liñaxe dos Andrade é das honradas deste reino, e entre eles houbo aquel bo cabaleiro que chamaron Fernán Pérez de Andrade o Bo, que, sendo moi privado do rei don Henrique o Bastardo, nunha batalla e desafío que persoa por persoa tivo este rei don Henrique co rei don Pedro, o seu irmán, estando caído en

72. Tomado e traducido de PARRILLA, J.A. (ed.): *Descripción...*, *op. cit.*, p. 144. O editor, José Antonio Parrilla, non transcribe literalmente o texto de Bartolomé Molina, senón que o adapta ao castelán actual, xa que logo, nós traducimos ao galego os textos en prosa, pero respectamos a versión en castelán dos versos, para non desvirtuar a súa rima e o seu cómputo silábico, malia que tampouco son transcritos fielmente do orixinal, senón que teñen leves adaptacións ao castelán de hoxe.

73. Relatos de feitos que poden ter un fondo histórico pero deformados e esaxerados co paso dos anos.

74. Cfr. PARRILLA, J.A. (ed.): *Descripción...*, *op. cit.*, p. 150.

terra o don Henrique e don Pedro encima del xa para o matar, atopouse alí este Fernán Pérez, o cal, dicindo: —Eu non quito rei nin poño rei, mais axudo ao meu señor, colleu do brazo ao rei don Henrique, que, dando a volta sobre o seu inimigo e irmán o rei don Pedro, o matou. E por este tan bo feito deulle o rei don Henrique as vilas de Pontedeume e Ferrol e outras moitas terras deste Reino”<sup>75</sup>.

Couceiro Freijomil, se cadra algo cego de patriotismo eumés e de paixón polo primeiro señor da vila, perde tamén un pouco a súa obxectividade cando sostén que esta afirmación é “de todo gratuíta [...]. Non se pode admiti-lo afirmado por Molina, porque, en primeiro termo, a fazaña de Montiel non cadra co carácter nobre e cabaleiroso que unanimemente se lle reconece ao noso heroe, e mais porque, en segundo termo, mentres os cronistas contemporáneos nada consignan que poida lixa-la honra do de Andrade, pasan preto de douscentos anos ata que, por primeira vez, se lle considera autor da fazaña [...]. Case tódolos historiadores españois, e mesmo os estranxeiros, están de acordo en indicar como autor da axuda dada a don Henrique, aínda que non o afirmen tallantemente, agás o señor Lafuente, ó aventureiro francés Beltrán du Guesclin”<sup>76</sup>. Así e todo, Murguía pensa que estas palabras máis “semellan propias nos seus labios”<sup>77</sup> que nos do bretón<sup>78</sup>, quen non podía con tanta exactitude como el chamarse vasalo de don Henrique”<sup>79</sup>.

Pola súa parte, Correa Arias considera que o feito de non aparecer testemuño escrito ningún destes sucesos foi debido á censura dos Trastámara, que, porén, non conseguiron impedir que se transmitisen por vía oral; para el non hai dúbida de que “o de Andrade, efectivamente tivo algo que ver coa morte de don Pedro I, e que esta morte se produciu de forma nada cabaleiresca, xa que incluso se chega a afirmar que lle cortaron a cabeza e o seu corpo foi exposto para ser escarnecido”<sup>80</sup>. Avala esta tese, segundo o propio Correa Arias, entre outras cousas, o feito de que “non serían, por outra parte, normais as enormes concesións realizadas por Henrique II ó de Andrade, se non houbese algo moi importante que o xustificase”<sup>81</sup>. Talvez o agasallo real máis importante fose a concesión ao Bo das vilas de Pontedeume e Ferrol, pola Carta Privilexio asinada en Burgos o dezanove de decembro de 1371<sup>82</sup>.

75. Tomado e traducido de *ibidem*.

76. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia...*, op. cit., p. 121 e 122.

77. Refírese a Fernán Pérez de Andrade.

78. Fala agora de Beltrán du Guesclin.

79. Tomado e traducido de MURGUÍA, M.: *Galicia*, op. cit., t. II, p. 1.160.

80. CORREA ARIAS, J.F.: *Fernán Pérez de Andrade, o Bóo, Noia (A Coruña)*, 2004, p. 118. Talvez esta versión teña tamén un aquel de lendario, debido quizais á súa transmisión oral —que o propio Correa Arias reconece— e xa que logo pouco fidedigna, e aos séculos transcorridos.

81. CORREA ARIAS, J.F.: *Fernán...*, op. cit., p. 118.

82. Por “quanta lealtad en vos fallamos de fianza que en vos fizimos e por quanto afan ovistes e aueys tomado por nuestro ser-

Ademais, outros comportamentos como o que tivo cos monxes de Sobrado, propietarios das terras onde levantou o castelo de Andrade, poñen tamén en cuestión o axeiado do alcume de Bo. Segundo Correa Arias, só tres meses despois do magnicidio de Montiel, antes mesmo da concesión do señorío de Pontedeume polo rei en 1371, Fernán Pérez de Andrade quixo construír na pena de Leboreiro unha fortaleza, coa oposición dos devanditos monxes de Sobrado<sup>83</sup>.

A lenda do castelo da fame conta tamén un comportamento cando menos pouco dilixente do Bo nesta fortaleza a finais do ano 1389, oito antes do seu pasamento. Así e todo, Correa Arias sitúa a lenda bastantes anos despois, nos tempos de Nuno Freire de Andrade o Mao<sup>84</sup>, que engade así outra páxina negra –esta vez máis preto da lenda que da historia– que xustifica o seu alcume.

Contan en Pontedeume que, sendo señor da vila Fernán Pérez de Andrade –ou Nuno Freire de Andrade, segundo Correa Arias–, o alcaide do seu castelo, Pero Lopes, famoso pola súa crueldade e despotismo, namorouse dunha rapaza chamada Elvira, ama de compañía da señora de Andrade, pero ela rexeitou os seus amores porque xa era noiva de Mauro, o paxe favorito de don Fernán –o dixomedíxome afirma que era o seu fillo ilegítimo–. O alcaide non podía aturar que a doncela preferise a Mauro antes ca el e mandoulle ao único servente no que confiaba que secuestrase os amantes e que os encerrase nunha dependencia da torre do castelo á que ninguén máis podía acceder.

Os señores de Pontedeume, alarmados pola desaparición dos seus queridos Mauro e Elvira, estiveron varios días na súa procura, pero todos os seus intentos por os atopar acabaron en fracaso. O alcaide convenceu a don Fernán de que tiña datos que lle permitían asegurar que os dous namorados fuxiran xuntos por temor a que el ou a súa dona non autorizasen o seu matrimonio, xa que aínda eran moi novos. Os señores de Andrade levaron unha boa decepción, consideráronnos uns desagradecidos e xa non se volveron ocupar máis do tema.

viço e por vos dar gallardon dello, e por bos fazer bien e merçed por muchos e buenos e leales e muy grandes serbiços que nos fazedes e fezistes de cada dia, porque vos e los de vuestro linage valgades mas e seades mas honrrados e ayades con que nos podades mejor serbir, e finque en remembrança para otros que lo supeieren e oyeren, auiedo voluntad de vos heredar en los nuestros regnos, damosvos por juro de heredad para agora e para siempre jamas, para vos e para vuestros herederos e para los que de vos vinieren los lugares de la Puente d'Ume e Ferrol, que son en Galicia"; tomado de *idem*, p. 242.

83. Nun escrito presentado diante do arcebispo de Santiago, Rodrigo de Moscoso (1368-1382), en 1369, o prior do mosteiro de Sobrado dos Monxes alegaba que “Fernan Perez de Andrade escudero queria facer hum castelo et torres ena pena que chaman do leboredo que he no couto de Nogueyroza acerca da Pontedeume, a qual pena, e couto, e lugares, e heredades, e señorío, era do dito mosteiro de Sobrado, et que o dito Fernan Perez de Andrade non temendo a deus e en gran dano e perjuicio de sua alama, por força e contra bontade do dito combento, e homes boos do dito moensteiro queria facer o dito castelo en a dita pena do Leboredo e en o dito couto, da qual cousa o dito Prior e combento decia que habian gran medo e temo de seles seguir dano e perda do dito Mosteiro e de seus lugares e bees et que o dito prior e combento abian medo a gran pabor do dito Fernan Perez e de seus homes”; tomado de *idem*, p. 120.

84. Véxase CORREA ARIAS, J.F.: *Nuno Freire de Andrade, o Malo, e a Irmandade de 1431*, “Cadernos do Ateneo Eumés”, 2, Pontedeume, 2004, p. 9.



Castelo de Andrade

Os dous rapaces permaneceron longos meses encadeados na escura e solitaria cela na que os encerraran e o servente do alcaide, que era mudo, leváballes comida a diario. O único consolo para os amantes era que estaban xuntos. Un día, cando o fiel servo do alcaide lles levou o xantar, o valente Mauro aproveitou que se inclinaba para deixar o prato no chan e golpeouno con tanta forza cos elos da súa cadea que o deixou ferido de morte. Conseguiu arrebatarlle as chaves dos grillóns e soltarse, pero, mentres foi liberar a Elvira, o carcereiro fuxiu coas chaves da cela e quedaron os namorados alí encerrados. O servo foi quen de chegar ata os aposentos do alcaide e de lle contar por acenos, que era como se entendían, o que acontecera e, cando rematou o seu relato, expirou. O alcaide decidiu, como vinganza pola morte do seu servo, deixar morrer de fame a Mauro e mais a Elvira.

Así e todo, pasados varios meses e no seu leito de morte, confesoulle ao señor de Pontedeume o que urdira contra os dous amantes. Cando chegaron á cela funesta do castelo de Andrade, atoparon os seus cadáveres abrazados. Don Fernán, para alivio dos eumeses, nomeou un alcaide máis xusto para o castelo e considerouse responsable, por negligencia, da morte de Mauro e mais de Elvira<sup>85</sup>.

No tocante a Nuno Freire de Andrade o Mao, as pobres colleitas e os elevados gastos que se lle presentaron fixeron que subise de xeito case insostible os impostos das xentes que estaban baixo o seu señorío, o que desembocou en 1431 na coñecida revolta irmandiña encabezada por Roi Xordo. Ademais do relato xa citado da *Crónica del serenissimo rey don Juan el segundo deste nombre*, onde se informa do descontento da xente que se rebela contra a súa crueldade, corroboran tamén, con tinguaduras algo lendarias, o seu comportamento despótico testemuños históricos que recollen unha ameaza que o seu pai dirixe contra o cóengo de Santiago Xoán López de Vilouzas, porque lle reclamaba para a Igrexa compostelá certos coutos e herdades, pola que lle advirte que, se non desistía dos seus propósitos, “faría al dicho su fijo Nuño Freire que le diese dos lanzadas por el vientre”, segundo contan Vaamonde Lores e Couceiro Freijomil<sup>86</sup>; a carta de contestación ao abade de Sobrado dos Monxes defendendo o seu dereito de facer obras no mosteiro<sup>87</sup>; ou mesmo en 1432, xa morto Nuno Freire, a querela presentada polo procurador do concello de Ferrol, Pedro Padrón, verbo das presuntas aldraxes que alí realizara<sup>88</sup>. Pola súa parte, unha lenda conta tamén que o Mao matou a Vasco o trobeiro porque o atopou roldando a súa filla no castelo de Moeche e que logo fixo outro tanto con ela por chorar desconsolada cando o viu morto<sup>89</sup>.

Así e todo, Vaamonde Lores admite que Nuno Freire non foi o Mao para todos os seus vasalos. Os frades do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro —aos que o Bo lles encargara o coidado do hospital construído na ponte sobre o río Eume no seu testamen-

85. CARRÉ ALVARELLOS, L.: *Las leyendas...*, op. cit., p. 206-208, recolle unha versión algo diferente.

86. Cfr. VAAMONDE LORES, C.: “Nuño...”, op. cit., p. 46; e COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia...*, op. cit., p. 177. Estas versións combinan tamén a lenda e a realidade.

87. “Os edificios labores que eu en lo dito lugar mandey fazer, feitos son en miña herdade e en meu señorío. Don abade se quera escusado ouver [...] fazer tal molestazon pois dereito non avia de a fazer. Fezo injuria, fezo exceso, protesto en [...] proseguir contre el meu dereito”; cfr. VAAMONDE LORES, C.: “Nuño...”, op. cit., p. 47; e COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia...*, op. cit., p. 180. Tamén se pode ver en CORREA ARIAS, J.F.: “Nuno...”, op. cit., p. 9.

88. Diante do pazo de don Xoán II en Zamora, Pedro Padrón denuncia, co apoio doutras testemuñas, “los muchos males e daños, cohechos, despechamientos e arranzonamientos e muertes de omes e presiones e despoblamientos de la dicha villa que de Nuno Freyre Dandrade e de su hijo Pero Fernández e de sus escuderos e omes por su mandado recibimos e avemos recibido fasta aquí, e agora, antes de los vesinos de la dicha villa seyeren proveydos de remedio de justicia cerca de los susodichos males e robos e daños e espechamientos e prisiones de omes e mugeres e fuerzas e desaguisados que les así fueron fechos según dicho es [...]. Testigos que en esto fueron presentes, Juan Sánchez de Vallid e Juan de los Santos pescador, vesinos de la villa de la Cruña e Pedro Lopes, vesino de la villa de la Ponte de ume e otros; e yo el dicho Álvaro Alfonso, escrivano”; tomado de CORREA ARIAS, J.F.: “Nuno...”, op. cit., p. 10. Tamén se pode ver en VAAMONDE LORES, C.: “Nuño...”, op. cit., p. 48.

89. Pode verse en CARRÉ ALVARELLOS, L.: *Las leyendas...*, op. cit., p. 293-295.

to—, nun litixio contra un tal Pedro Vello pola propiedade da finca dos Queimados, que lindaba co adro da igrexa parroquial de San Martiño do Porto, falaban do “señor Nuño Freire, de boa memoria”<sup>90</sup>, malia que presuntamente o facían para “adular o seu fillo Fernán Pérez, de quen pretendían e agardaban que, ao ditar sentenza, confirmase o seu convento na posesión da finca con tanto empeño disputada”<sup>91</sup>. Tamén contou coa opinión favorable dos monxes de Santa María de Monfero, aos que favoreceu con abondosas doazóns e en cuxo convento recibiu sepultura<sup>92</sup>, “vestido e calzado coas súas botas e esporas douradas”<sup>93</sup>. Con todo, considera Vaamonde Lores que “a Historia non rectificará o seu fallo e diante dela aparecerá sempre Nuno Freire como un dos homes de máis execrable memoria que existiron en Galicia”<sup>94</sup>.

Do mesmo xeito, malia o pouco cariño que Couceiro Freijomil lle profesa a Nuno Freire, ao que define como “un dos déspotas máis implacables de Galicia nos primeiros anos do século XV”<sup>95</sup>, reconece o noso historiador que no seu sepulcro figura a lenda que o sinala como CAUALEIRO DE UERDADE e UN DOS DO CONSELLO DO REI, e que “non escasean os testemuños de familiares e favorecidos cualificando de boa a súa memoria, mais así e todo, a historia permaneceu, insistentemente, sen rectifica-lo seu fallo”<sup>96</sup>. Entre os que o defenderon estaba o rei Xoán II (1406-1454), agradecido polos agasallos que lle prestou ao infante don Henrique de Aragón cando peregrinara a Santiago de Compostela con outros cabaleiros en 1428, que “le hizo mucho servicio e dio todas las viandas que hubieron menester, tanto quando ende estuvieron”<sup>97</sup>, e porque loitou nas súas hostes na guerra entre Castela e Aragón en 1429; isto fixo que o apoiase fronte á revolta encabezada por Roi Xordo e o nomease membro do seu Consello, como xa vimos, ademais de confirmalo como señor das vilas que Henrique II o Bastardo (1369-1379) lle concedera ao Bo.

No tocante ás obras encomendadas polo Bo e mais o Mao, a diferenza é abismal. Como xa se dixo, Fernán Pérez de Andrade impulsou infraestruturas imprescindibles para a prosperidade dos seus territorios, sobre todo as pontes, e potenciou os servizos sociais,

90. Tomado e traducido de VAAMONDE LORES, C.: “Nuño...”, *op. cit.*, p. 49.

91. *Idem*, p. 50.

92. Cfr. *ibidem*. Tamén se pode ver en LÓPEZ SANGIL, J.L.: *Historia del monasterio de Santa María de Monfero*, A Coruña, 1999, p. 69, 70, 109 e 110.

93. Tomado e traducido de VAAMONDE LORES, C.: “Nuño...”, *op. cit.*, p. 51.

94. *Idem*, p. 50.

95. Cfr. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia...*, *op. cit.*, p. 177, que comparte así enteiramente a opinión de VAAMONDE LORES, C.: “Nuño...”, *op. cit.*, p. 46.

96. Cfr. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia...*, *op. cit.*, p. 178.

97. Véxase o fragmento da *Crónica del serenissimo rey don Juan el segundo deste nombre*, recollido por COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia...*, *op. cit.*, p. 181 e 182.

coa edificación de hospitais e o apoio ás institucións monásticas que desenvolvían unha misión asistencial no Medievo, así como a construción de elementos militares, como os castelos, para a defensa das vilas que estaban baixo o seu señorío. Pola contra, non se coñecen grandes investimentos no tempo no que Nuno Freire foi señor de Pontedeume e das demais vilas e terras herdadas do seu tío e mais do seu pai. Talvez a obra máis sobranceira que mandou construír foi a antiga capela das Virtudes, segundo consta na inscrición gravada xunto a unha imaxe pétreo en baixo relevo da Virxe, que hoxe acolle a parede norte da actual capela, reedificada co patrocinio de Andrés Copeiro e Parga no século XVII; a devandita inscrición, transcrita por Antonio de la Iglesia di: ESTA IREGA MANDOU FAZER NUNO FREIRE / DANDRADE A ONRA DE SANTA M. [MARIA] / ERA DE MILL E CCCC E X [CATRO CENTOS E DEZA] / SEIS ANOS<sup>98</sup>. Malia que Couceiro Freijomil dubida de que o ano que recolle a inscrición correspondese cos tempos nos que era señor de Pontedeume Nuno Freire de Andrade, todo parece indicar que cómpre contar a devandita data pola era cristiá e non pola hispánica, polo que o ano referido debe ser 1416 e o señor da vila Nuno Freire de Andrade, tal e como alí figura gravado, e non o 1378, trinta e oito antes, cando aínda o era o seu tío Fernán Pérez de Andrade, como Couceiro Freijomil albiscaba<sup>99</sup>.



Inscrición na igrexa das Virtudes

98. Véxase IGLESIA, A. DE LA: *El idioma gallego, su antigüedad y vida*, t. II, A Coruña, 1886, p. 71.

99. Cfr. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia..., op. cit.*, p. 417 e 418.

Con todo, talvez Nuno Freire non era tan mao nin Fernán Pérez tan bo consonte os seus alcumes indicaban. Como Ramiro Fonte di que deu en vulgar o erudito local, con ese estilo retranqueiro tan eumés, “efectivamente, se existira un conde de Andrade chamado o Bo tiña que existir outro chamado o Mao... Non lle deamos máis voltas. Esa era a razón do alcume que condenaba, fronte á historia, a Nuno Freire”<sup>100</sup>.

Non mereceu alcume ningún Fernando de Andrade e Pérez das Mariñas, pero, malia, como lamenta Couceiro Freijomil, “o inexplicable esquecemento no que os galegos tivemos-la súa memoria”<sup>101</sup>, o oitavo señor de Pontedeume, primeiro conde de Andrade e segundo de Vilalba “é unha das figuras de máis extraordinario relevo na historia de Galicia”<sup>102</sup>. Non mandou construír, sen dúbida, as sete pontes, as sete igrexas, os sete hospitais e os sete mosteiros que a lenda lle atribúe ao seu devanceiro o Bo, pero non convén desprezar o valor dunha obra tan importante para Pontedeume como a capela maior da súa igrexa parroquial, executada, segundo De Castro Álvarez e Vázquez Arias, na década de 1520<sup>103</sup>, ou outra de carácter social como o convento agostiño de Nosa Señora de Graza<sup>104</sup>, cuxa escritura de fundación foi outorgada o vinte e cinco de setembro de 1538, aínda que a de dotación do convento non se realizase ata o vinte e oito de marzo de 1540<sup>105</sup>. Pola contra, non estivo acusado, coma o Bo, dun delito tan grave como a implicación directa no fratricidio de Montiel. Por outra parte, non escoitou as acusacións de despotismo dos seus vasalos, que culminaron coas revoltas irmandiñas no tempo do Mao, pero tamén é verdade que este movemento estaba xa derrotado, segundo López Carreira, en 1469<sup>106</sup>.

100. FONTE CRESPO, R.: *Os ollos da ponte*, op. cit., p. 66. O erudito local é un dos poucos personaxes da triloxía *Vidas de infancia* que non está identificado cunha persoa real da vila.

101. Véxase COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia...*, op. cit., p. 241.

102. *Ibidem*. Véxase tamén sobre a figura de Fernando de Andrade o traballo de LÓPEZ CALVO, X.A.: *Fernando de Andrade e a súa participación nas batallas de Italia do século XVI*, “Cátedra”, 11, Pontedeume, 2004, p. 71-88.

103. Véxase CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e VÁZQUEZ ARIAS, J.C.: *La iglesia de Santiago de Pontedeume. Historia y patrimonio artístico*, A Coruña, 2003, p. 43 e 44.

104. Segundo López Calvo, a ansia da salvación “motivou quer a señores quer a vasalos a dotar de recursos económicos a igrexas e mosteiros para que efectuasen o necesario auxilio aos indixentes e peregrinos [...]”. O monxe tiña como deber a atención aos hóspedes, peregrinos e enfermos que chegasen ao cenobio [...]. Enfermos e peregrinos [...] eran atendidos nos mosteiros. En todos os estudos sobre este tema hai consenso para afirmar que, ademais de hospitais e albergues, os mosteiros eran case os únicos centros que podían garantir na Galicia dos séculos centrais da Idade Media, algún tipo de atención médica”; tomado e traducido de LÓPEZ CALVO, J.A.: *El convento agustino de Pontedeume. Estudio Histórico y Colección Documental*, Pontedeume, 2006, p. 79 e 80. Por outra parte, o capítulo XXXVI da Regra Beneditina pola que se rexían os frades agostiños dicía que “ante todo e sobre todo cómpre atender os irmáns enfermos, servíndoos como a Cristo en persoa”.

105. Cfr. LÓPEZ CALVO, J.A.: *El convento...*, op. cit., p. 37 e 38.

106. Véxase LÓPEZ CARREIRA, A.: “Historia social do movemento irmandiño”, en SINGUL LORENZO, F. (dir.): *Os Capítulos da Irmandade. Peregrinación e conflito social na Galicia do século XV*, Santiago de Compostela, 2006, p. 356-367. En opinión do historiador español do século XVI Jerónimo Zurita y Castro, no tempo dos Reis Católicos (1474-1504), “se comenzó a domar aquella tierra de Galicia, porque no sólo señores y caballeros della pero todas las gentes de aquella nación estaban unos contra otros muy arriscados y guerreros, y viendo lo que pasaba por el conde [de Lemos] –que era gran señor en aquel reino– se fueron allanando y reduciendo a las leyes de la justicia con rigor del castigo”; cfr. ZURITA Y CASTRO, J.: *Anales de Aragón*, edición dixital, <http://www.ifc.dpz.es>, publicación 2.473, Libro XX, capítulo LXIX, p. 257. Dúas interpretacións ben diferentes destas palabras son as de Castelao, que afirma que Zurita se refire á “doma e castración” –Zurita non cita este segundo substantivo– de Galicia que supuxo a política dos Reis Católicos, cfr. RODRÍGUEZ CASTELAO, A.D.: *Sempre...*, op.

As relacións de Fernando de Andrade cos reis de Castela e de Galicia non sempre foron boas; sufriu varios desterros, entre eles cando nas cortes celebradas en Santiago en 1520 reclamou voz e cadeira propias para os procuradores galegos, pero tamén encabezou expedicións militares reais en terras italianas como a que culminou, en 1503, coa lendaria batalla de Seminara, onde obtivo as dezaioito bandeiras dos franceses, que campan no seu escudo, ou a que lle valeu, en 1522, segundo De la Gándara –que lles engade tamén aos seus relatos certos adobios lendarios–, o título de príncipe de Caserta, que abandonou un ano máis tarde<sup>107</sup>; ademais, na súa terra obtivo o título de conde de Andrade, en data non moi segura, e chegou a ser capitán xeneral de Galicia.

Porén resulta paradoxal que o máis internacional dos señores de Pontedeume sexa considerado como o máis noso de todos eles, xa que foi o único que mandou ser enterrado na vila, consonte reza o seu testamento outorgado o trinta de agosto de 1540, “quando Dios Nuestro Señor fuere servido de me llevar desta presente vida, que mi cuerpo sea sepultado en la Yglesia de Santiago de la mi villa de la Puente deume, en la mi Capilla Mayor de la dicha Yglesia”<sup>108</sup>. Como lle fai dicir Ramiro Fonte ao barbeiro Uxío Cuiñas, “a historia sentimental da nosa vila é tan contraditoria como a dos seres humanos”<sup>109</sup>.

Ademais, tamén é curioso que unha reliquia dun santo estranxeiro como san Nicolás de Tolentino<sup>110</sup>, traída por don Fernando desde Italia, fose a que salvase a Pontedeume do seu lendario incendio de 1607. Conta a tradición que, no momento de maior intensidade do incendio, os frades do convento agostiño lle guindaron ao lume unha reliquia de san Nicolás traída de Italia por don Fernando de Andrade, fundador do cenobio, e que, a partir dese momento, as chamas comezaron a remitir. Como sinal de agradecemento, a Corporación Municipal, en sesión de dezanove de xuño de 1621, decidiu que “desde el presente día en adelante, para todo tiempo de siempre jamás, habremos y tendremos, y esta Villa habrá y tendrá por protector y abogado suyo al glorioso San Nicolás de Tolentino, con el Santo Apóstol Señor Santiago, patrono principal de ella y de toda

*cit.*, Libro I, 7, t. I, p. 78, e afirma que non é certo que os monarcas “buscasen o sosego e benestar da plebe, abatendo a tiranía dos señores coa piadosa intención de aseguraren a paz para Galicia, porque a paz que os servos necesitaban sóo podía chegarlles por camiños de liberdade”; cfr. RODRÍGUEZ CASTELAO, A.D.: *Sempre...*, *op. cit.*, Libro III, 25, t. II, p. 174; ou a de Pardo de Guevara, fervoroso partidario das súas católicas maxestades, que sostén que Zurita non fala de castración e si da necesaria pacificación –malia que imposta, segundo o propio Zurita reconece, pola forza– cando se refire á intención dos monarcas de “domar aquella tierra de Galicia”; cfr. PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, E.: “A pacificación de Galicia polos Reis Católicos. «O feito que Zurita chamou a ‘doma e castración’ do Reino de Galicia»”, en SINGUL LORENZO, F. (dir.): *Os Capítulos...*, *op. cit.*, p. 438-465. For polo que di Castelao, for polo que afirma Pardo de Guevara, o certo é que as revoltas irmandiñas cesaran.

107. Véxase GÁNDARA, Fr. F. DE LA: *Armas i triunfos. Hechos heroicos de los hijos de Galicia*, Madrid, 1662, p. 442 e 443.

108. CASTRO ÁLVAREZ, C. DE E VÁZQUEZ ARIAS, J.C.: *La iglesia...*, *op. cit.*, p. 137 e 138.

109. Personifica Ramiro Fonte, neste caso, o paradoxo contraponendo a real ou lendaria habelencia do xa mítico xardineiro eumén, alcumado o Pescozón de Vilar, no uso das tesoiras para coidar con mimo as flores do xardín e a súa afección a arrebolalas con ira contra os cativos que alí xogaban; cfr. FONTE CRESPO, R.: *Os ollos da ponte*, *op. cit.*, p. 234.

110. O san Nicolás máis venerado en Galicia era o de Bari, que se acolle tamén na igrexa de Pontedeume.

España”<sup>111</sup>. Desde aquela, cada ano, o día dez de setembro Pontedeume celebra o voto a san Nicolás e alí se reparten uns boliños benditos que os eumeses usamos como reliquias que nos serven de protección contra o lume. Un vicario corre cos gastos da celebración e, se non hai ningún, asume o encargo o Concello.



Sepulcro de Fernando de Andrade e escudo coas dezoito bandeiras da batalla de Seminara

Pero, malia designar Fernando de Andrade a Pontedeume como a súa derradeira morada, o seu neto e sucesor, herdeiro dos condados de Andrade e Vilalba, Pedro Ruíz de Castro e Andrade, alcumado o Vello, fillo de Tareixa de Andrade Zúñiga e Ulloa e Fernando Ruíz de Castro Osorio e Portugal<sup>112</sup>, foise afastando dos asuntos da vila, sobre todo cando herdou en 1576, polo pasamento do seu pai, o condado de Lemos e fundiu na súa figura as casas de Lemos e de Andrade e os seus respectivos condados. Desde aquela, como reconece Couceiro Freijomil, “a historia de Pontedeume é preferentemente interna e local. Tomando os novos señores asento noutro lugar, a vida da bisbarra experimen-

111. Cfr. FILGUEIRAS FERNÁNDEZ, J.: “San Nicolás de Tolentino y Pontedeume”, en *San Nicolás de Tolentino. Co-patrono de la Villa de Pontedeume*, Pontedeume, 1997, p. 35.

112. Tareixa de Andrade Zúñiga e Ulloa, que casara co conde de Lemos –Fernando Ruíz de Castro Osorio e Portugal–, morreu antes do pasamento do seu pai, o primeiro conde de Andrade e segundo de Vilalba –Fernando de Andrade e Pérez das Mariñas–, polo que ao falecer este, o fillo de Tareixa de Andrade e o conde de Lemos –Pedro Ruíz de Castro e Andrade– pasou a ser o segundo conde de Andrade e terceiro de Vilalba; co pasamento do seu pai, Pedro Ruíz de Castro e Andrade engadiu a estes títulos o de quinto conde de Lemos e segundo marqués de Sarria.

tara unha radical transformación; perdidos os factores de prosperidade que os Andrade lles subministraban, limitábase en adiante a vivir a conta dela propia, perdendo bastante da súa antiga sona e do seu esplendor”<sup>113</sup>. Non comparte, porén, esta boa opinión dos tempos dos Andrade o mercedario e fillo predilecto da vila frei Gumersindo Placer; “orgulloso, opínante [...], memorioso, irónico e sentimental”<sup>114</sup>, como bo eumés, ou pontedeumeño, como el adoitaba dicir, sostén que “Pontedeume naceu para ser libre; pero a súa liberdade duroulle ben pouco, desde 1270 a 1371 [...]. Ademais da paisaxe, presidiu na súa fundación unha idea de comercio [...]. Os fundadores de Pontedeume tiveron visión e misión; visión da realidade e misión do destino [...]. A independencia de Pontedeume foi unha epopea [...]. Un Rei Sabio<sup>115</sup> déranos foros e un rei fraticida<sup>116</sup> quitóunoslos. O día dezanove de decembro de 1371, o señorío de Pontedeume coas súas aldeas, termos e xurisdicións, pasou a pertencerlle á Casa de Andrade [...]. Fernán Pérez o Bo foi home de rapina e Pontedeume, a súa boa presa. Concedamos que baixo o seu feudalismo, e o dos outros condes, a vila vivira a súa época brillante, da que nos quedaron vestixios históricos de importancia. Todo foi regueiro de luz de estrela fugaz”<sup>117</sup>.

Malia que a visión positiva da influencia na vila da Casa dos Andrade que nos dá Couceiro e a tamén idílica do período anterior ao dominio destes señores que propón o padre Placer teñen un aquel de lendarias, o certo é que a fusión coa Casa de Lemos non foi boa para Pontedeume, que viviu, parafraseando a Celso Emilio Ferreiro, a súa particular “longa noite de pedra” no tocante aos investimentos necesarios para o seu progreso, ata os tempos do pontificado do eumés Bartolomé Rajoy (1751-1772), que desde a arquidiocese compostelá reedificou na vila a igrexa parroquial e patrocinou obras de interese social como a construción dos almacéns do peirao para os mariñeiros ou a fundación dunha escola para nenos e outra para nenas. O seu corpo está enterrado na capela da Comunión da catedral de Santiago de Compostela, pero conta unha lenda, alimentada por unha noticia publicada polo xornal *Dependiente de Comercio* e recollida polo cóengo López Ferreiro, que “los intestinos quiso que se enterrasen en S. Fructuoso y el corazon en una yglesia que havia fundado en Puente deume”<sup>118</sup>.

113. Cfr. COUCEIRO FREJOMIL, A.: *Historia...*, op. cit., p. 271.

114. Así definía, como xa vimos, os eumeses Ramiro Fonte; cfr. FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, op. cit., p. 72 e 73.

115. Refírese a Afonso X (1252-1284).

116. Alude a Henrique II de Trastámara (1367-1379).

117. Tomado e traducido de PLACER LÓPEZ, G.: “Condal, y no por su voluntad (1951)”, en PLACER LÓPEZ, G.: *Crónicas de mi rincón natal*, Pontedeume, 1977, p. 51 e 52.

118. Cfr. LÓPEZ FERREIRO, A.: *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, t. X, Santiago de Compostela, 1908, p. 154; ou LÓPEZ FERREIRO, A.: “Historia de la Iglesia de Galicia. A. López Ferreiro. Tomo X. Capítulos IV y V”, en *III Centenario del Nacimiento de Bartolomé Rajoy y Losada. Arzobispo de Santiago. Pontedeume, 1690-1990*, Pontedeume, 1990, p. 128. Sexa como for, é indiscutible que “o corazón de Bartolomé Rajoy quedou moralmente en Pontedeume, onde a súa persoa estivera radicada toda a vida”; tomado e traducido de GARCÍA CORTÉS, C.: *Bartolomé Rajoy y Losada (1690-1772). Un arzobispo edificador y filántropo en la Galicia ilustrada*, Pontedeume, 2011, p. 45.



Sepulcro do arcebispo  
Rajoy (1751-1772) na  
catedral compostelá

Así pois, as lendas forman parte da maneira de entender a vida que temos os eumeses. Ramiro Fonte, despois dunha reflexión chea de ironía, remata os seus argumentos cunha conclusión que non podemos deixar de compartir: “A memoria herdada é tan importante coma os propios recordos. Non tardei en saber que na miña imaxinación se renovaban as antigas lendas de Pontedeume, como se debaixo das rúas reais seguísen existindo os camiños do medievo. Había un tempo secular que os maiores denominaban antigamente. Neste sucederan historias que, dun ou doutro xeito, aínda tiñan que ver con nós”<sup>119</sup>.

## A NOSA ESCOLMA

Este traballo recompila algunhas das lendas relacionadas co río Eume e a súa contorna, ordenadas consonte o percorrido fluvial, comezando polas referidas ao seu nacemento na Serra do Xistral, continuando polas que sucederon na fraga e rematando polas que aconteceron na súa desembocadura en Pontedeume, na boca da ría de Ares.

Os relatos, moitos deles inéditos, están tomados do pobo, aínda que a meirande parte foron manipulados e adaptados a un estilo narrativo algo máis coidado; ademais, tamén se recollen algunhas versións xa publicadas de distintos autores.

Por outra banda, os feitos, transmitidos de xeración en xeración polo pobo, non aconteceron na época actual; reflicten, como diría González Reboredo, a “lembianza dun universo popular doutro tempo. Son, ante todo e sobre todo, historia”<sup>120</sup>.

## O NACEMENTO DO RÍO EUME

Na súa *Teogonía*, Hesíodo, no século VIII antes de Cristo, afirma que, na mitoloxía grega, os primixenios deuses Xea e Urano lles deron a vida a todos os demais, “manancial de bens [...]. De Tetis e de Océano naceron estas ninfas, as maiores de todas, pois quedan outras moitas. E hai, en efecto, tres mil fillas rápidas de Océano dispersas pola terra e nos lagos profundos [...] e hai outros tantos ríos de corrente tronante, fillos de Océano, paridos pola venerable Tetis”<sup>121</sup>.

Herdeiro destas tradicións, como di Murguía, “o celta galego, coma todos os seus demais irmáns, aparece, en cuestión de crenzas relixiosas, apegado ao extremo naturalis-

119. FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, op. cit., p. 75.

120. Cfr. a introdución de González Reboredo en PÉREZ NEGREIRA, A. (dir.): *Galicia...*, op. cit., p. 12.

121. Tomado e traducido de HESÍODO: *La Teogonía*, en <http://www.librodot.com>. O número cabalístico tres, multiplicado por mil, significa que eran moitos e incontables.

mo, que é coma o seu selo indeleble. O sol, a lúa, as múltiples estrelas [...], o mar, os ríos, as fontes, igual cá fraga e a montaña [...], todo, todo ten para el voces e misterios, todo encerra un algo do espírito divino co que os dotou”<sup>122</sup>.

Ademais, os ríos, fontes, regatos, mananciais ou mesmo os océanos teñen como atributos ancestrais as capacidades de fecundar, sandar e purificar. Segundo Manuel Alberro, “para os antigos celtas e outros pobos da antigüidade, as fontes da vida estaban probablemente asociadas coa Natureza e coa muller. E en todos os momentos importantes, quer de gozo quer de dor, dirixíanse á gran Deusa-Madre-Terra á que honraban en calquera das súas diversas formas [...]. Na Península Ibérica, as Matres, divindades que representaban a fecundidade da Madre-Terra e os seus lugares sagrados acuáticos –mananciais, regatos, ríos, lagos– formaban tamén unha parte importante da relixión dos celtiberos”<sup>123</sup>. Aínda hoxe, na romaría de San Ramón de Sillobre<sup>124</sup>, topónimo de clara ascendencia celta, acoden as romeiras á fonte do santo que hai preto da igrexa parroquial de Santa Mariña para beber a súa auga milagreira e tocar a imaxe de san Ramón Nonato na procura de fertilidade, descendencia e un bo parto, e logo seguen o ancestral rito da deambulación, dando tres voltas arredor da capela, como se fai tamén, segundo despois veremos, na romaría de San Miguel de Breamo en Pontedeume. Afirmar, así mesmo, Alberro que “existen testemuños do período de ocupación romana que indican claramente que os lugares ou cursos de auga eran especialmente sagrados para os celtas, que os tiñan como espazos liminares, que conectaban o mundo terreal co sobrenatural. Mananciais, regatos e ríos estaban considerados como fontes de benestar e de vida, e neles reinaba un espírito divino xeralmente feminino. De aí o gran número de ríos europeos con nomes célticos de deusas ou ninfas das augas”<sup>125</sup>. Contan Piñeiro de San Miguel e Gómez Blanco que, cando unha muller tiña problemas no seu embarazo, debía ir en silencio e acompañada de familiares ata unha ponte sobre un río no que moesen sete muíños antes das doce na noite de San Xoán e alí verter a auga purificadora sobre o ventre da nai; non podía pasar pola ponte animal ningún para que o rito ancestral dese o seu resultado e, se non estaba próxima a noite de San Xoán, cumpría facelo nunha de lúa chea<sup>126</sup>.

Tamén destaca Alonso Romero que a cultura celta lle atribúe ao río poderes augurais e asegura que “a hidromancia que se practicaba na Antigüidade consistía na observa-

122. Tomado e traducido de MURGUÍA, M.: *Galicia, op. cit.*, t. I, p. 139.

123. Tomado e traducido de ALBERRO, M.: *Las tres leyendas célticas de Macha: reflejos de la transición hacia una sociedad patriarcal*, “Anuario Brigantino”, 23, Betanzos, 2000, p. 57 e 58.

124. A parroquia de “sancta Marina de Selloure” estaba entre as que lle solicitaron o privilexio a Afonso X o Sabio (1252-1284) para poboa o lugar chamado Pontedeume e formar alí unha vila; este privilexio foi asinado polo monarca no ano 1270; cfr. MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I.: *Toponimia...*, *op. cit.*, p. 190-194.

125. Tomado e traducido de ALBERRO, M.: *La diosa céltica Coventia en las Islas Británicas, las Galias y Galicia*, “Anuario Brigantino”, 27, Betanzos, 2004, p. 74.

126. Véxase PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, E. e GÓMEZ BLANCO, A.: *De lenda en lenda. Camiños máxicos polo Noroeste de Galicia*, Ferrol, 1999, p. 111.

ción do movemento ou doutros sinais das augas co propósito de adiviñar algo [...]. Unha das prácticas de hidromancia que aínda no século XX se realizaban en Galicia e en Gales consistía en depositar sobre a auga da fonte santa unha prenda do enfermo, se esta flotaba era sinal de que se curaría”<sup>127</sup>. Así e todo, estas prácticas tamén se daban noutras culturas antigas como a grega, a romana e mesmo a castrexa.

O cristianismo tentou eliminar estas vellas crenzas propias dunha relixión pagá, pero, como non sempre o conseguiu, en Galicia o bispo san Martiño Dumiense (556-580)<sup>128</sup> e na Igrexa Universal os papas Gregorio I (590-604)<sup>129</sup> e máis tarde Gregorio II (715-731)<sup>130</sup> o que fixeron foi adaptar estas prácticas á nova fe. Como a meirande parte dos ríos, regatos fontes e mananciais estaban dedicados a deidades femininas, na cristianización destas prácticas, acotío a Virxe María reina sobre as augas que antes estaban ao coidado das vellas deusas ou ninfas doutros tempos. A presenza da Virxe María e das figuras femininas pagás nos lugares relacionados coa auga é debida a que na Antigüidade eran considerados como fontes de vida e fecundidade.

Así e todo, xa nos primeiros tempos do cristianismo, Xoán, o Precursor, realizaba o bautismo purificador nas augas do río Xordán e mesmo chegou a practicar este rito co propio Xesús Cristo<sup>131</sup>. Pola súa banda, o Eume pódese considerar tamén como o río sagrado dos eumeses, xa que a meirande parte recibimos o bautismo purificador coas súas augas.

Así mesmo, no río “Lauamentula” do *Codex Calixtinus*, a “dúas millas da cidade de Santiago, por unha zona frondosa [...], os peregrinos franceses que se dirixían a Santiago adoitaban lavar nel, por amor ao Apóstolo, non só as súas partes, senón tamén, despois de quitarse a roupa, as sucidades de todo o corpo”<sup>132</sup>; este rito purificador e escatolóxico ben puido ser a orixe do topónimo A Lavacolla.

As lendas contaron tamén a presenza milagreira da Virxe María nos ríos. Vicente Risco recolle algunhas delas, das que destacaremos a que asegura que “no río Miño, preto do pozo Meimón, hai un penedo onde unha vez pousou a Virxe co Neno e queríao adormentar mais as augas metían un balbordo tan grande naquel remuíño que o Neno non se durmía. Entón a Virxe dixo: –Río Miño / vai caladiño / non me despertes / o meu Meniño. E axiña o balbor acalmou e dende aquela o río Miño vai sempre manso e non fai ruído

127. Tomado e traducido de ALONSO ROMERO, F.: *La flor del agua, el saúco y el rocío en las tradiciones hídras de la Europa céltica*, “Anuario Brigantino”, 29, Betanzos, 2006, p. 69 e 70.

128. Véxase MURGUÍA, M.: *Galicia, op. cit.*, t. I, p. 167.

129. Véxase o traballo de ALBERRO, M.: “La diosa céltica...”, *op. cit.*, p. 72.

130. Véxase MURGUÍA, M.: *Galicia, op. cit.*, t. I, p. 85.

131. Cfr. *Mateo*, 3, 1-17; *Marcos*, 1, 1-13; *Lucas*, 3, 1-22; ou *Xoán*, 1, 1-34.

132. Cfr. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *Códice Calixtino...*, *op. cit.*, p. 476.

ningún, e case non se sente correr”<sup>133</sup>. Así mesmo, ben preto da marxe dereita do río Eume, a carón do santuario da Nosa Señora das Neves, no actual concello da Capela, conta unha lenda que se atopa a chamada Fonte Santa e que, cando a Virxe andaba polo mundo, ía beber e coller auga nela; aínda despois da súa asunción ao ceo, hai quen di que o día cinco de agosto de cada ano, no que se celebra a súa festa, volve ao lugar e o seu rostro aparece fugazmente reflectido nas augas; seica é moi milagreira a auga desta fonte e que sanda as dores de moas, pero para que o remedio sexa efectivo non basta con beber dela, cómpre tamén rañar as pedras coas uñas das mans.

Pero non sempre os ríos son fonte de vida e mansedume. Segundo Vicente Risco, “semella ás veces como se fosen considerados como seres vivos, poderosos, ós que botan ofrendas e cos que falan pedíndolles cousas. Os ríos queren vítimas humanas”<sup>134</sup>. Na súa versión da lenda do nacemento do río Eume, afirma o mestre que foi vítima da traizón dos seus compañeiros Sor e Landro<sup>135</sup> e que por iso “tódolos anos ten de renda unha persoa que lle dá o mar e por iso brúa tanto e é tan falso”<sup>136</sup>.

Antigamente, como cómpre chamarlles, segundo Ramiro Fonte<sup>137</sup>, aos tempos nos que as vellas lendas acontecían, naceron tres fontes<sup>138</sup> na Serra do Xistral e sentiron asema-de a chamada do mar, que lles prometeu que a primeira que chegase onda el recibiría cada ano como recompensa a inmolação dunha persoa na súa honra. Así pois, as tres fontes comezaron xuntas o seu camiño cara ao mar e convertéronse nos ríos Sor, Landro e Eume.

Cando xa levaban baixado un bo treito, sentiron que as forzas lles faltaban e pactaron que botarían unha pequena soneca antes de retomar a súa andaina e que a primeira que espertase avisaría ás outras dúas para seguir a súa viaxe cara ao mar. Pero Antubel, segundo Manuel Murguía a deusa celta das augas durmidas, das sombras e da noite, a quen as lendas cristiás lle atribúen un carácter demoníaco<sup>139</sup>, espertou ao Sor caladiñamen-

133. RISCO, V.: *Etnografía*, op. cit., p. 130.

134. *Idem*, p. 36.

135. Risco refírese a el como o río Landrove; cfr. *ibidem*.

136. *Ibidem*.

137. Véxase FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, op. cit., p. 282.

138. O tres é o primeiro número impar, chegou a ser considerado como o máis sagrado dos números e de aí o seu valor cabalístico. A fecundidade da terra manifestábase polo poder de tres elementos, a auga, o aire e o sol. Por outra banda, é tido como símbolo da divindade e do Ser Supremo, e o mesmo Deus dos cristiáns é representado polas tres persoas que forman a Santísima Trindade. Ademais, segundo a lenda de Mariña, a santa galega do século II, cando foi decapitada no castro onde vivía, na actual provincia de Ourense, pola defensa da súa fe e por se negar a manter relacións amorosas co prefecto romano Olibrio, a súa cabeza deu tres chimpos no chan e, mentres pronunciaba tres veces a palabra creo, negándose a renunciar á súa fe, abrollaron tres fontes en cadanseu lugar onde caeu a súa santa cabeza; como recolle o licenciado Molina: “Es cosa sabida, si bien paro mientes, / que junto a la casa do está sepultada, / siendo su santa cabeza cortada, / dando tres saltos, nacieron tres fuentes”; cfr. PARRILLA, J.A. (ed.): *Descripción...*, op. cit., p. 67.

139. Pode verse en MURGUÍA, M.: *Galicia*, op. cit., t. I, p. 152; tamén foi relacionada co nacemento da lagoa de Antela e as cidades asolagadas como castigo divino polo vil comportamento dos seus moradores.

te e tentouno para que rompese o pacto e fuxise só e sen tardanza cara ao mar Cantábrico. O Sor, cegado pola avaricia de chegar á meta o primeiro, marchou sen demora e no seu camiño recibiu, entre outras, as augas amigas do Solloso, Santar, Cabanas ou Riobarba, nos seus corenta e nove quilómetros de percorrido ata a súa desembocadura na ría do Barqueiro, onde se funde co mar Cantábrico e se separan os concellos do Vicedo e de Mañón e as provincias de Lugo e da Coruña. Así fixo despois tamén Antubel co río Landro ou Landrove, que caeu igualmente na tentación da demoníaca deusa celta e marchou silandeiro a se fundir co ansiado mar Cantábrico. Atravesou o máis rapidamente que puido os seus corenta e dous quilómetros de percorrido, onde se lle uniron, entre outros, os ríos A Eirexa, Ribeira, Torres Vellas, Barocas, Besteburiz, Balsadas, Grandal, Boimente, Louro, Loureiro, Balsa ou Fontecova, para desembocar con el na ría de Viveiro, na Mariña Lucense.

Cando acordou o Eume e viu que os outros ríos o enganaran, recibiu a chamada de Endovéllico, o deus ancestral do lume e da luz e o soberano máis antigo dos celtas, a quen lle estaba consagrado, segundo Murguía, o templo sobre o que os romanos levantaron logo a torre de Hércules<sup>140</sup>. As vellas lendas contan que Breogán, o patriarca da Celtia galega cantado por Pondal nos versos do himno de Galicia, construíra unha torre tan alta neste templo sagrado para que os seus fillos puidesen ver, desde a súa atalaia, Irlanda, e un día o seu fillo Ith marchou por mar a conquistala. Na aventura, Ith perdeu a vida e o seu corpo foi traído polo Atlántico ao golfo Ártabro, en terras de Galicia, onda seu pai. Manuel Alberro afirma tamén que “os mapas e os xeógrafos da Antigüidade situaban a Irlanda e mais a España case contiguas; por iso non é nada raro o feito de que nas lendas e antigos contos folclóricos, Irlanda sexa visible desde España e viceversa. E tampouco é estraño que Orosio<sup>141</sup> diga que o alto faro que había en Brigantia –¿a Torre de Breogán?– podería ser visto desde o río Scena –hoxe Shannon– no Sueste de Irlanda”<sup>142</sup>.

Pero volvamos ao conto. O Eume, enfurecido, seguiu decontado o luceiro de Endovéllico cara ao golfo Ártabro, veloz e sen descanso durante oitenta quilómetros, saltando por riba de todo o que se lle puxo diante e, despois de acoller como compañeiras de viaxe as augas, entre outros, do Rebordelos, Bo, Casal, Montouto, Reboiras, Sarrión, Ferreiras, Ponte da Pedra, Maciñeira, Pena de Traste, Cibeiro, Calvella, Sesín ou o Covés, chegou o primeiro a Pontedeume e Cabanas, onde separa os arciprestados de Pruzos e Bezoucos, e entregouse aos brazos agarimosos da ría de Ares que o levaron en presenza

140. O deus celta Endovéllico é chamado por Murguía Endobellico, e afirma este autor que “compartía co Hércules fenicio o seu carácter de deidade eficazísima para o comerciante, malia que este último se entendería mellor co Hércules marítimo, pois daquel a quen tiñan por heroe do sol e mais da luz, dicían que dominaba as ondas e, xa que logo, protexía o comercio que se facía polo mar”; cfr. *idem*, p. 149-160, especialmente a 157, de onde está tomada e traducida a cita.

141. Refírese ás *Historiae Adversus Paganos*, recollidas por Paulus Orosius no século V.

142. Tomado e traducido de ALBERRO, M.: *Contactos entre Galicia e Irlanda en la época pre-cristiana según los antiguos relatos orales recogidos en los manuscritos céltico-irlandeses*, “Anuario Brigantino”, 21, Betanzos, 1998, p. 74.



Encontro do río Eume coas augas salgadas

de Endovélico, no devandito templo a el dedicado nas augas salgadas do océano Atlántico. Desde aquel día, de cando en vez, baixa embravecido, lembrando a traizón dos seus compañeiros, e a súa furia xa roubou algunha vida.

Conta unha vella lenda galega, recollida por Carré Alvarellos<sup>143</sup>, que todas as augas da terra, desde a Creación, eran doces. Un bo home que vivía nunha vila mariñeira de Galicia, que ben podería ser Pontedeume, chegou un día co seu barco á illa do Sal e, cando bicou as súas raras areas, comprobou que eran moi saborosas. Encheu o seu barco desa salgada area, foina vender polo mundo e fíxose rico co seu comercio. Cando volveu á súa terra, casou coa moza máis garrida da vila. O home marchou no seu barco para continuar a súa actividade comercial e a súa muller quedou na casa, pero foi aldraxada e secuestrada no seu castelo polo malvado señor da vila, que exerceu sobre ela un inaceptable e arrepiante dereito de pernada, en ausencia do esposo. A refulxente lúa desa noite foi borrada, de socato, por unha tempestade que provocou unhas insólitas e feras ondas que derrubaron a estanza do castelo onde se atopaba o señor e lle causaron a morte. Cando regresou o home e lle contaron como fora liberada a súa amada muller, decidiu, como recompensa, verter todo o sal da súa illa nas augas máis profundas e abertas, para que tivesen mellor sabor, por iso o mar é salgado, e quedar xa para sempre na vila coa súa esposa.

Por outra banda, talvez tamén desde o cumio do monte Breamo, o deus pagán ao que alí se lle rendía culto neses tempos contemplara desde a súa privilexiada atalaia o encontro do río Eume co océano Atlántico no golfo Ártabro. A vila de Pontedeume aparece protexida pola ampla sombra do monte de Breamo e desde o seu cumio se poden ver as rías ártabras. O orónimo celta era Brigamo, que se compón da forma brig, que significa monte ou lugar elevado, e o sufixo superlativo –amo, que equivale a supremo –monte supremo ou lugar moi elevado, xa que logo–. A antiga tradición de render cultos pagáns nos montes máis altos do territorio –porque así se sentían máis preto dos deuses–, os restos etnográficos e as pegadas deixadas na toponimia da comarca fanlle pensar ao conde de Quirós na moi alta probabilidade de que no cumio do monte de Breamo houbese algún monumento deste tipo, substituído en 1187 polo actual templo románico<sup>144</sup>. Apoia esta teo-

143. Cfr. CARRÉ ALVARELLOS, L.: *Las leyendas...*, op. cit., p. 150-153.

144. Cfr. MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I.: *Toponimia...*, op. cit., p. 117-126.

ría a persistencia aínda hoxe, nas romarías celebradas cada ano no coto na honra do santo —“por se non abondase con unha, ofrecémoslle dúas festividades ó san Miguel. Abofé que o Arcanxo nolo merece”<sup>145</sup>, afirma retranqueiro Ramiro Fonte—, do ancestral rito deambulatorio para pedir a protección da divindade. “Os católicos de Pontedeume manifestámonlle unha devoción esencialmente pagá [...]. O verdadeiro rito consiste, non obstante, en dar un número de voltas arredor do monumento. Como se os eumeses non estivésenos a adorar a imaxe do santo arcanxo, pequeneira e case invisible na penumbra da ousia, e si a unha deidade apócrifa do tempo dos ártabros”<sup>146</sup>. Segundo unha cantiga de Pepe Fonte, tenaz practicante deste rito ancestral ata o seu derradeiro San Miguel, os romeiros teñen que “dar as tres voltas acompañadas dun trago”<sup>147</sup>, no sentido contrario das agullas do reloxo, arredor da capela —algúns afirman que son nove<sup>148</sup>—, e “logo roer o cravo”<sup>149</sup>. Estas dúas prácticas tamén foron recollidas polo estudo do conde de Quirós que asegura que foi informado de que “xente que ten ferida de ollo —mal de ollo— ou que ao mellor están enfermos ou deprimidos, dan nove voltas arredor da igrexa e logo teñen que morder cos dentes no cravo que está na porta”<sup>150</sup>, para escorrentar un maleficio. O ancestral rito deambulatorio é practicado pola meirande parte dos romeiros de San Miguel, pero o de roer o



Capela románica de San Miguel de Breame e cruz celta coa que se pon o santo

145. Cfr. FONTE CRESPO, R.: *Os ollos da ponte*, *op. cit.*, p. 66.

146. Cfr. *idem*, p. 71 e 72.

147. Cfr. PAZ FERNÁNDEZ, X.: *Cancioneiro Popular Eumés*, Pontedeume, 1994, p. 127.

148. Segundo Murguía, “o número nove tiña a virtude de librar o home de canto lle puidese ser prexudicial. Era isto un eco dos costumes e ritos antigos [...]; é por completo simbólico: resulta da multiplicación do tres polo tres, número este último por excelencia sagrado entre os arios [...]. Por outra banda, a virtude purificadora das nove ondas é unha desas características primordiais que perseveran nas mitoloxías populares derivadas das célticas. Non só libra as xentes dos males que as feren ou manchan, senón dos que poden manchalas ou ferilas”; tomado e traducido de MURGUÍA, M.: *Galicia*, *op. cit.*, t. I, p. 172. Pola súa parte, González Reboledo relaciona este número “cos nove meses que dura o embarazo”; cfr. GONZÁLEZ REBOLEDO, X.M.: *A festa...*, *op. cit.*, p. 48.

149. Cfr. PAZ FERNÁNDEZ, X.: *Cancioneiro...*, *op. cit.*, p. 127.

150. Tomado e traducido de MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I.: *Toponimia...*, *op. cit.*, p. 124.

cravo está case desaparecido. Estes dous ritos, segundo Piñeiro de San Miguel e Gómez Blanco, tamén son practicados na igrexa de Santa Olaia Lubre, no actual concello de Ares; “de cada volta, deben entrar no pórtico, acercarse ata a porta pechada e, cos dentes, rillar un pouco no cravo que teña un saínte ou que estea un pouquiño descravado. E así tres, cinco, sete ou nove veces”<sup>151</sup>. Un terceiro rito, que completaría o número cabalístico, consiste en poñer o santo<sup>152</sup>; o sancristán ou a persoa na que delegue bendice o romeiro cunha cruz celta, rodeada cun círculo que acolle a imaxe de san Miguel coa balanza de pesar as almas, e fai o sinal da cruz sobre el mentres lle di: “Santo bendito che quite a enfermédá [sic] e che poña a sanidá [sic], polo amor de Dios [sic] e da Virxe María. Un Padrenuestro [sic] e unha Avemaría”; logo, o romeiro bica a imaxe de san Miguel, reza esas oracións e dá, se o desexa, unha esmola para o seu culto.

Na súa versión da lenda en 1942, Bouza Brey falaba dos ríos “Eume, Sor e Landro?”<sup>153</sup>, pero outros autores substitúen un destes dous últimos polo río Masma, que nace tamén na Serra do Xistral e recibe no seu curso, que percorre corenta e seis quilómetros, as augas, entre outros, do Valiñadares, Figueiras, Couboeira, Oirán ou o Batán, e morre na ría de Foz, tamén no mar Cantábrico, na Mariña Lucense. É moi probable que xa no século XVI o licenciado Bartolomé Sagrario de Molina coñecese unha versión da lenda que substituíu o río Masma polo Sor, cando afirmaba, na súa *Descripción del Reino de Galicia*, nunha oitava hendecasilaba, que “Nacen del Pico Xistral, bien sabido, / tres ríos, y pongo al Landrove primero, / que algunos le llaman el río Viveiro / tomando del pueblo también apellido. / El otro es el Masma, que arriba he traído, / al otro tercero le llaman el Eume. / Este no es grande, mas cierto presume / por su sola puente de ser muy tenido”<sup>154</sup>. Malia que Molina non cita expresamente a lenda, non debeu ser casual a referencia ao nacemento dos tres ríos na Serra do Xistral e logo, no texto explicativo en prosa que acompaña a oitava, á súa desembocadura<sup>155</sup>.

Tamén realizaron unha versión desta lenda, en 1999, malia non citaren os nomes dos outros dous ríos implicados, Esperanza Piñeiro de San Miguel e Andrés Gómez Blanco en *De lenda en lenda. Camiños máxicos polo noroeste de Galicia*. Só falan expli-

151. Cfr. PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, E. e GÓMEZ BLANCO, A.: *De lenda..., op. cit.*, p. 43.

152. Un rito moi semellante coa imaxe do santo practicase tamén nas romarías de Santo André de Teixido e da Virxe do Ermo, en Friol.

153. Cfr. BOUZA BREY, F.: *La mitología del agua en el Noroeste hispánico. III*, “Boletín de la Real Academia Gallega”, 266, A Coruña, 1942, p. 39.

154. PARRILLA, J.A. (ed.): *Descripción..., op. cit.*, p. 121.

155. “Nesta terra que chaman Pico Xistral nacen tres ríos; está cara ao Valadouro. Un é o Landrove, que vai dar á vila de Viveiro, da que xa falamos arriba, e hai quen lle chama a este río o Viveiro, porque este é o pobo polo que pasa. O outro río chámase Masma, que é o que entra na ría do porto de Santiago de Foz, onde se fan xentís navíos e de moita fachenda, porque é terra de moita madeira e fuste para eles. O outro río chámase o Eume, que non é grande, mais pola grandeza daquela ponte da que xa falamos hai memoria del que son as Pontes de Eume, por onde vai este río parar ao mar”; tomado e traducido de *ibidem...*

citamente de tres fontes que naceran na Serra do Xistral e de que o río Eume foi o primeiro en chegar ao mar, pero non identifican aos traizoeiros acompañantes<sup>156</sup>.

Como ben di Ramiro Fonte, “Pontedeume é, por definición, unha vila musical [...]. Case sen decatarme, fun recibindo clases de canto nas sobremesas das festas familiares [...]. Aquelas cancións son seguramente os mananciais da miña poesía”<sup>157</sup>. Resoan na pedra das rúas medievais o rebuldeiro Ño-ñoroño, que polas festas das Peras acompañan os Mómáros, e o Paso como *réquiem* e alborada do Venres Santo, cantan as familias e os grupos de amigos<sup>158</sup>, tamén o fan as súas fontes<sup>159</sup> e mesmo as campás da súa igrexa parroquial<sup>160</sup>. Así pois, o seu río, que escoita cada ano as cancións que desde a ribeira ata o campo da festa se entoan nos barcos –xa de volta non pode faltar, apuradamente, o De las orillas del Eume partimos nas voces dos que baixan, na noite, da xira do once de setembro<sup>161</sup>–, non podía deixar de ser igualmente cantareiro. Desde o seu nacemento na Serra do Xistral vén cantando as súas lendas, quer alegre e rebuldeiro, como o repenique da campá de tin ou o refrán do poema do padre Placer: “Po-lo río abaixo vai / a canción do Eume”<sup>162</sup>, quer rumoroso, como a campá de ten; unhas veces silandeiro e un aquel preguiceiro, como a campá de tan, e outras con paso lento pero firme, como a campá de bon. Tamén, en ocasións, baixa mainiño e, de socato, vai bater con forza cunha rocha e logo recupera o seu ritmo anterior, como cando as campás da igrexa parroquial mesturan as súas badaladas e compoñen unha melodía harmoniosa.

O pai Eume é unha regalía e unha fonte de riqueza para as terras que percorre na súa viaxe cara ao mar. Ao abeiro do seu canón, esculpido por milleiros de anos de erosión, naceu o bosque atlántico máis importante de Europa. Nas súas augas frías bulen as fermosas lontras, os reos e as troitas, que un día pescaron os monxes beneditinos –e entre eles un importante santo galego como Rosendo–, humildes pescadores durante séculos e mesmo un caudillo español, ao que contan as vellas lendas que llas poñían coma os seus

156. Cfr. PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, E. e GÓMEZ BLANCO, A.: *De lenda..., op. cit.*, p. 183.

157. Cfr. FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos, op. cit.*, p. 95 e 96.

158. Véxase o completísimo repertorio recollido en PAZ FERNÁNDEZ, X.: *Cancioneiro..., op. cit.*; PAZ FERNÁNDEZ, X.: *Nas beiras do Eume*, Pontedeume, 1998; e PAZ FERNÁNDEZ, X.: *Xebras eumesas*, Pontedeume, 2007.

159. Pode verse, e mesmo escoitarse, como cantan as fontes da vila no fermoso relato feito por Ramiro Fonte; cfr. FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos, op. cit.*, p. 66-70.

160. Non menos fermosa é a descrición do repertorio musical destas campás; cfr. FONTE CRESPO, R.: *Os ollos da ponte, op. cit.*, p. 138-143.

161. “Desde a nave capitá da chupona, engalanada para transportar a corporación e os seus convidados, ata o caiuco que fará a xira a remos se alguén non lle bota un cabo, sumarán ben cincuenta embarcacións [...]. Eis o Cariña de Rosa, o General Prim... [...]. Familias enteiras, bautizadas cos indulxentes alcumes da vila, orgullosas do seu sangue mariñeiro, embarcan os saborosos manxares, os barrigudos garraños de varios litros”; cfr. FONTE CRESPO, R.: *As pontes no ceo, op. cit.*, p. 553.

162. Cfr. PLACER LÓPEZ, G.: *Algas (Versos gallegos)*, Pontedeume, 1994, p. 43. Hoxe, parafraseando a José Antonio Díaz Placer no epílogo desta edición póstuma, repousan na vila tío e sobriño despois dos seus respectivos pasamentos, “escoitando a canción do Eume”; cfr. *idem*, p. 83.

máis intereseiros e comenenciados cortesáns a Fernando VII as bólas de billar. Nas augas máis mornas, preto do seu esteiro, onde é salgado polas ondas do mar, acolle importantes bancos marisqueiros de ameixa e berberecho e as chamadas croas cos mexillóns, que aínda hoxe son explotados por preto dun cento de familias eumesas. É utilizado tamén como fonte de enerxía. Rega con xenerosidade os campos da comarca, leva a súa auga á billa dos fogares de Pontedeume e de Cabanas, e mesmo, como xa se dixo, limpa o pecado orixinal dos eumeses ao recibirmos as súas augas bautismais logo de seren benditas. Pero quer polos produtos contaminantes vertidos nas súas augas, quer polos incendios; ben polas centrais eléctricas que secan o seu caudal, ben polas crecidas provocadas polos días de teimuda chuvia, o desbordamento do seu embalse ou polos caprichosos desaugues cando abren as súas comportas; ou talvez por motivos insondables para as mentes dos seres humanos, de cando en vez, o río baixa furioso, como o día no que foi traizoado polos seus irmáns da Serra do Xistral, e lembra a vella promesa que lle fixera o mar se chegaba o primeiro ás súas salgadas augas. Daquela brúa como as carracas na alborada do Venres Santo. Logo, de socato, como despois da tempestade, vén a calma, como cando a campá de bon impón o seu ritmo pausado e implacable cunha longa badalada. Máis tarde as campás de tan e ten comunican a desgraza, tan... ten... tan... ten... tan... ten... “Logo nove golpes da de tan, se quen morreu é un home e sete golpes da mesma, se é unha muller [...] Se morre un neno hai que subir e tocar coa de tin o ben vai”<sup>163</sup>. O río nunca esquece totalmente a vella promesa da que nos falaran Vicente Risco e Fermín Bouza Brey<sup>164</sup>.

Contra o ano 40, cen despois de que, en expresión de Ramiro Fonte, “a nave trirreme”<sup>165</sup> de Xulio César chegase, no 60 antes de Cristo, ao golfo Ártabro para romanizar estas terras<sup>166</sup>, Pomponio Mela, na súa *Chorographia*, falaba xa dun río chamado Anaris que se correspondería co Eume actual e que hoxe nomea a ría de Ares onde desemboca, e aseguraba que “in ea [ora] primum Artabri sunt, etiamnum Celticae gentis, deinde Astyres. In Artabris sinus ore angusto admissum mare non angusto ambitu excipiens Adrobricam urbem et quattuor amnium ostia incigit: duo etiam inter accolentis ignobilia sunt, per alia duo Anaris exit et Iubia”<sup>167</sup>. É probable que Pomponio Mela designase co nome da ría de Ares, na que desembocaba, ao daquela chamado río Eume ou Ume. O propio conde de Quirós pensa que “talvez este remotísimo nome lle foi aplicado máis ben có curso alto do

163. Cfr. FONTE CRESPO, R.: *Os ollos da ponte*, op. cit., p. 164.

164. Cfr. RISCO, V.: *Etnografía*, op. cit., p. 136; e BOUZA BREY, F.: “La mitología...”, op. cit., p. 39.

165. Véxase, por exemplo FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, op. cit., p. 266.

166. Véxase ARIAS VILAS, F.: “A romanización de Galicia e os camiños marítimos”, en SINGUL LORENZO, F. e SUÁREZ OTERO, J. (ed.): *Até o confín do mundo. Diálogos entre Santiago e o mar*, Vigo, 2004, p. 47-51, especialmente a 47.

167. O filólogo Isidoro Millán recolle esta cita de Pomponio Mela e nós poñemos en galego a tradución que el fai a castelán: “Naquela costa, están primeiro os ártabros, que son eles mesmos de estirpe celta, despois, os ástures. Entre os ártabros, un golfo no que penetra o mar por unha estreita boca, pero cuxa contorna se ensancha considerablemente para o recibir no seu interior, abraza no seu xiro a cidade de Adrobrica e as desembocaduras de catro ríos: dúas delas non alcanzan sona nin entre os seus habitantes [refírese ás dos ríos Lambre e Baxoi] e polas outras dúas desaugan o Anaris e o Xuvia”; tomado e traducido de MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I.: *Toponimia...*, op. cit., p. 25 e 26.

río, a un tramo final ou ao seu ensanche na ría, como no remanso dunha lagoa”<sup>168</sup>; este prestixioso filólogo sostén que Anaris vén da palabra celta abann, que significa río<sup>169</sup>. No tocante á orixe do hidrónimo Ume, o conde de Quirós é rotundo cando afirma que ten que remontarse sen dúbida a un período anterior á chegada dos romanos, e xa que logo do latín, a estas terras ártabras, como vimos, contra o ano 60 antes de Cristo. Malia que a forma Ume non aparece documentada ata o século VIII, cre irrefutable a súa raíz celta<sup>170</sup>. Como curiosidade, a forma Ume foi utilizada tamén, contra 1572, na oda *Virtud, hija del cielo*, de frei Luís de León, que nunha das súas liras di para se referir ao río: “Dichosos los que baña / el Miño, los que el mar monstruoso cierra, / desde la fiel montaña / hasta el fin de la tierra, / los que desprecia de Ume la alta sierra”. A adscrición do frade á Orde de Santo Agostiño, á que pertencía o mosteiro de San Xoán de Caaveiro, cando menos desde 1092, fai pensar que puidese coñecer o lugar por algunha documentación relativa ás propiedades dos agostiños ou que visitase durante uns días estas fragas, na procura dese *locus amoenus* onde atopar a serenidade para acadar a paz con Deus e co propio espírito en contacto coa natureza, como expresaba na súa oda *A la vida retirada*. Tamén fala dunha orixe celta do hidrónimo Eume Gómez Filgueiras, malia que Bascuas López, que nega a existencia orixinal da forma Ume e a atribúe a unha posterior hipercorrección culta, prefire remitir o nome do río Eume a unha raíz indoeuropea weg, que significa húmido ou mollado<sup>171</sup>.

## A GAVELA DE PEPA A LOBA NA FRAGA DO EUME

Xa no primeiro terzo do século XIX había na comarca do Eume, como recolle o estudo de Otero Roberes e Domínguez Ferro, “unha intensa actividade bandoleira”<sup>172</sup>, que operaba na fraga e na súa contorna. Pero, talvez debido ao forte arraigo social da defensa da propiedade privada existente en Galicia e a que estes bandidos tiñan como vítimas quer aos ricos quer aos humildes labregos, ao contrario que en Andalucía onde só lles atacaban aos máis poderentes, “non existe complicidade entre o bandoleiro e a sociedade campesiña da que provén”<sup>173</sup>. Segundo un testemuño recollido nas Pontes por Piñeiro de San Miguel e Gómez Blanco, “chamábanlles fauciosos. Eran malísimos. Chegaban a cabalo a roubar as casas dos labregos e, cando se sabía que rondaban a zona, as mulleres escapaban co

168. *Idem*, p. 28.

169. *Idem*, p. 28 e 29.

170. Véxase *idem*, p. 18-28.

171. Cfr. GÓMEZ FILGUEIRAS, F.: *Per portu de Ferrion e territorio Bretonia*, “Cátedra”, 12, Pontedeume, 2005, p. 240; e BASCUAS LÓPEZ, E.: *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega*, Santiago de Compostela, 2002, p. 224-231.

172. Cfr. OTERO ROBERES, C. e DOMÍNGUEZ FERRO, M.: *Bandoleiros na comarca do Eume*, “Cátedra”, 7, Pontedeume, 2000, p. 177-182, especialmente, a 178, de onde está tomada a cita.


173. *Idem*, p. 178.

gando a escondelo cerca do río, nun lugar que se coñece como Cortello do Porco. Disque unha vez o esconderon no rego dos Lagos e ó chegar de volta a casa encontraron os pisos rotos. Os bandoleiros puxeran os seus cabalos nas cortes e desde o sobrado tiráranlles polos buracos os cereais que había nas huchas”<sup>174</sup>.

Entre as moitas gavelas que actuaban na Fraga do Eume, ao abeiro da espesura protectora do bosque milenario, estaba, segundo a lenda, a de Pepa a Loba, que foi merecente de aparecer no romance “O cruceiro do Monte” do Poeta da Raza, Ramón Cabanillas, en *Camiños do tempo*, onde si lle reconece un certo prestixio entre a xente porque a considera unha vítima da súa familia, da sociedade e mesmo do destino: “E dende alí ollaban as vereas / e os camiños travesos / coa carabina ó

lombo / do paso dos civís en axexo / os espías da Loba e do Xan Quinto, / ladróns e caba-  
leiros”<sup>175</sup>; nun romance de cego recollido por Vicente Piñeiro González na súa obra de teatro *Pepa a Loba*; ou como protagonista da novela homónima de Carlos González Reigosa.

A rudeza do seu carácter é debida a que de nena presenciou a violación da súa nai: “Desde que era moi pequena / coñece fama e miseria, / e viu como aldraxaban / a súa nai con violencia”<sup>176</sup>. Sendo aínda moi nova, traballaba como pastora e houbo de facerlle fronte a un lobo coa axuda do seu can, polo que recibe o alcume de Loba. Foi á cadea condenada inxustamente polo asasinato do seu marido e tío, pero logrou escapar e, logo de se vingar do verdadeiro asasino, o seu pai, que nunca a reconecera, refúxiase nos bosques co seu amado Daniel, onde sobreviviu como a xefa dunha gavela de bandoleiros. Esta figura



Portada de *Pepa A Loba*, de Carlos G. Reigosa

174. Cfr. PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, E. e GÓMEZ BLANCO, A.: *De lenda..., op. cit.*, p. 95.

175. CABANILLAS, R.: *Poesía galega completa*, Xerais, Vigo, 2009, PIÑEIRO GONZÁLEZ, V.: *Pepa a Loba*, Chaira, Lugo, p. 11.

176. PIÑEIRO GONZÁLEZ, V.: *Pepa a Loba*, Chaira, Lugo, p. 11.

mítica feminina do bandoleirismo galego aparece situada en moitos lugares de Galicia e a etapa na que se converteu en xefa da súa gavela ben puido acontecer na Fraga do Eume<sup>177</sup> ou en calquera outro bosque galego, xa que a súa sona se espallou por toda a nosa terra. Como afirma González Reigosa, non é posible identificar con exactitude o territorio xeográfico no que actuaba a Loba, pero si se pode afirmar que os sucesos recollidos nas lendas responden a tradicións fondamente enraizadas en lugares desa máis de media Galicia que soubo da súa fama<sup>178</sup>. Na última etapa da Loba, xa cun fillo e morto o seu amado Daniel, “a nova estratexia da bandoleira consistía en operar lonxe, para non poñer en perigo o seu seguro refuxio na Lousada de Xermade. Os novos límites caían por Viveiro, polo Norte, e por Ferrol, polo Oeste. Ese era o novo territorio das súas andanzas [...], sobre todo nas concas dos ríos Eume, Sor, Landro e Grandal”<sup>179</sup>, polo que é seguro que chegase a actuar na Fraga do Eume e na súa contorna. Segundo González Reigosa, na Serra do Xistral foi detida novamente pola Garda Civil, que a levou ao cárcere de Mondoñedo; desde alí foi trasladada á prisión de mulleres da Coruña, onde foi visitada por Concepción Arenal, e, cando conseguiu fuxir, non se volveu saber nunca máis dela<sup>180</sup>. Como ben di Reigosa, “se cadra, sempre houbo –e hai– unha Loba rebelde e irmandiña na nosa terra. Porque é ben certo que, cando unha lenda engarabita polas pernas da historia, ambas as dúas –historia e lenda– acaban por fundírense para sempre, irremediamente”<sup>181</sup>.

Anos máis tarde, como ben acreditan os testemuños recollidos por Otero Roberes, Sobrino Ceballos e Domínguez Ferro, ou o relato sobre Pancho de Ramiro Fonte<sup>182</sup>, durante a fratricida guerra e a posguerra civil española, grupos de resistentes e simpatizantes do goberno republicano buscaron tamén refuxio na Fraga do Eume.

## O GAITEIRO E OS LOBOS

A figura do gaiteiro non pode faltar en romaría ningunha que se teña por tal en Galicia; como cantou o gran Curros Enríquez, “por eso en vilas y aldeas, / por xentes propias y alleas / era aquel home estimado / e por todos saudado / en camiños e vereas”<sup>183</sup>.

177. Piñeiro de San Miguel e Gómez Blanco dan conta dalgunhas actuacións da Loba na vila de Ares, en Sillobre, Franxa ou na propia Fraga do Eume; cfr. PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, E. e GÓMEZ BLANCO, A.: *De lenda...*, op. cit., p. 45 e 46.

178. Cfr. GONZÁLEZ REIGOSA, C.: *Pepa A Loba*, Xerais, Vigo, 2010, sexta edición, p. 14.

179. *Idem*, p. 212 e 213.

180. *Idem*, p. 213-222.

181. *Idem*, p. 221.

182. Véxanse OTERO ROBERES, C., SOBRINO CEBALLOS, J. e DOMÍNGUEZ FERRO, M.: *Fuxidos na Fraga: episodios da guerrilla antifranquista nas terras do Eume*, “Cátedra”, 8, Pontedeume, 2001, p. 205-234; e a dramática historia de Francisco Martínez Leira, alias Pancho, o derradeiro escapado da Fraga do Eume contada en FONTE CRESPO, R.: *Os ollos da ponte*, op. cit., p. 178-188.

183. Cfr. CURROS ENRÍQUEZ, M.: *Aires d’a miña terra*, na Biblioteca Virtual de Galicia, p. 63.

Contan que, antigamente, un gaiteiro labrego que vivía na Fraga do Eume, na fronteira entre os concellos da Capela e As Pontes, xa de noite regresaba á súa casa despois de tocar na festa dunha aldea veciña. A lúa e as estrelas alumeábanlle o camiño e volvía ben ledos polos cartos que gañara e o ben que o pasara. De socato, escoitou o ouvear de tres lobos e axiña viu que viñan detrás del; tentou pedir socorro, pero non era quen de falar. Así pois, correu canto puido e conseguiu empoleirarse nun frondoso carballo centenário onde os tres lobos non lle podían facer mal ningún; cavilou que a sagrada árbore dos galegos non o abandonaría nese transo, pero ben sabía que, como asegura Vicente Risco, “cando para se salvar do lobo, un home agatuña por unha árbore, o lobo é capaz de estalo agardando toda a noite, ou ben ponse a rillar o tronco deica tumbalo”<sup>184</sup>. Os animais debían ter fame pois as babas lles pingaban do dentame e non paraban de dar voltas arredor da árbore. O gaiteiro labrego, sentado na póla máis fornecida, colleu a súa gaita, encheu o fol con toda a forza do seu peito e comezou a tocar a máis fermosa muiñeira que coñecía por ver se algún veciño viña no seu auxilio ao escoitar a música, pois, como dixemos, perdera a fala. Enfeitizados pola melodía da gaita, os tres lobos comezaron a mover o rabo e a dar chimpas ao son da música. O gaiteiro non parou de tocar e os lobos de bailar, ata que, xa cansos, se botaron a durmir. O labrego, sen deixar de tocar e aínda co arrepío no corpo, baixou da árbore e regresou a casa con ben e os tres lobos só acordaron cando as primeiras raiolas do sol iluminaron a Fraga do Eume. O noso heroe non recuperou a fala ata oito días máis tarde<sup>185</sup>.

Outra versión da lenda afirma que, cando os tres lobos escoitaron o son da gaita, fuxiron; Vicente Risco di que “o caso do gaiteiro sorprendido de noite polos lobos, que rube a un carballo e fainos fuxir a poder de tocar a gaita, é historia que se repite moito [...]. As historias en que se manifestan as representacións que vimos de reseñar, refírense case sempre á xente da aldea, ós labregos; en troques, os casos que podemos chamar heroicos, de valentía fronte do lobo, de loitas a brazo partido con el, incluso sen máis armas que os brazos, e aínda os dentes, teñen case sempre como protagonistas ós pastores da montaña, dos que alí van co gando ou a avenza por certo tempo e alí pasan días e noites, en vivendas adoito [...]. O lobo non pode andar nin acometer máis que de noite, tempo dos espíritos e das pantasma; é nictálope, ve no escuro e, en troques, foxe da luz e do lume, e tamén da música”<sup>186</sup>.

184. Cfr. RISCO, V.: *Etnografía*, op. cit., p. 55.

185. Segundo Risco, “o lobo produce no home dous efectos moi especiais: o arrepío e o embazamento. O primeiro consiste en que, cando o lobo ve o home enantes de que o home o vexa a el, o home sente un arrepío polo corpo, que lle pon tódolos pelos de punta, tanto que lle fai caer da cabeza a pucha ou o chapéu, e sente que a roupa se lle pon frouxa [...]. O embazamento consiste no feito, ó parecer tamén comprobado, de toller a fala o lobo ó home nas mesmas condicións devanditas. A presenza, aínda non vista, do lobo causa no home unha completa afasia, que pode durar ata oito días, acompañada doutros fenómenos nerviosos [...]. Son coñecidos en toda Europa”; cfr. *ibidem*.

186. *Idem*, p. 56 e 54.

Vicente Risco sinala o lobo como un dos animais míticos nas crenzas galegas e mesmo sostén que “ten sido considerado como animal totémico e ten sido posto en relación cos espíritos da vexetación [...]. Salomón Reinach, que tiña a pandemia do totemismo, supón un totem celta que era un lobo [...]. Na tradición popular galega, o lobo é o inimigo principal do home entre os animais, un ser maléfico e endiañado, nocturno, dotado de poderes máxicos [...]. Tampouco pode comer máis que a metade esquerda das súas vítimas, que é a do demo, e deixa sempre a dereita, que é de Deus”<sup>187</sup>.

## O CABALO NEGRO UNICORNIO

As fragas, como outros tantos elementos da natureza que xa vimos, eran consideradas sagradas polas antigas civilizacións. Os nosos devanceiros xa realizaban rituais e prácticas relixiosas ao aire libre nos seus bosques sagrados. Como afirma Manuel Alberro, “un claro no bosque baixo as pólas dunha árbore era o templo típico desa época [...]; cada árbore, montaña, cuíña, manancial, regato, río e lago estaba dotado de divindade [...]; eran para eles espazos sagrados. Os pequenos bosques, porén, son xeralmente considerados como os máis típicos lugares célticos de culto, como o mostra a súa asociación coa arcaica palabra celta nemeton (bosquiño sagrado)”<sup>188</sup>. Malia que o carballo era a árbore sagrada por excelencia, tamén se lles outorgou esta consideración a outras especies abundantes na Fraga do Eume, como o freixo, o aliso, o espiño ou o teixo<sup>189</sup>. Conta a lendaria historia que os últimos celtas galegos que quedaran cercados polos romanos no mítico monte Medulio, por non se render e quedar baixo o seu xugo, cando se decataron da súa extrema situación, enguliron o veneno que alí se obtiña das árbores chamadas teixos despois de espremer as súas bagas cocidas<sup>190</sup>.

Xa que logo, este espazo hoxe protexido é sen dúbida, ademais do milenario parque natural Atlántico máis importante de Europa, o bosque sagrado das Terras do Eume desde os tempos prerromanos e foi cristianizado coa chegada dos eremitas beneditinos no século IX, que fundaron o que logo sería o mosteiro de San Xoán de Caaveiro, verdadeiro corazón da fraga. O día vinte e cinco de xullo recibe, porén, o Eume a profana Festa da Fraga, na que participan os que veñen desde As Pontes de García Rodríguez, e o once de

187. Cfr. *idem*, p. 54. Mariño Ferro asegura que Deus non permite que os lobos coman o brazo dereito das súas vítimas por que con el “se fai o sinal da cruz”; cfr. MARIÑO FERRO, X.R.: *Leyendas, mitos y creencias de Galicia*, Vilaboa (Pontevedra), 2008, p. 22.

188. Cfr. ALBERRO, M.: “El agua...”, *op. cit.*, p. 29 e 30.

189. Véxase, verbo das especies da fraga, VALES, C.: *As Fragas do Eume*, Santiago de Compostela, 1993.

190. Esta resistencia numantina foi contada tamén polo historiador romano Tito Livio nun dos libros perdidos que formaban parte do *Ab urbe condita libri*. Así e todo, ben di Torres Rodríguez que, “de tanta traxedia, como do gran de trigo corrompido xermola a espiga futura, así agromou a civilización traída por aquelas aguias romanas homicidas”; tomado e traducido de TORRES RODRÍGUEZ, C.: *Galicia histórica. La Galicia romana*, A Coruña, 1982, p. 85. A lingua galega foi talvez o froito máis saboroso da romanización que hoxe nos quedou e que cómpre conservar coa mesma paixón cós heroes do Medulio.

setembro a romaría pagá da Xira ao Río, na que o fan os chegados desde Pontedeume, en barco, sobre todo, pero tamén en coche, en moto, en bicicleta, andando ou mesmo dabaló, como colofón das súas festas patronais.

Como templos sagrados ao aire libre que eran para os nosos devanceiros, os bosques foron o lugar ideal onde se acubillaban os druídas, que desempeñaban nesa sociedade ancestral o papel de sacerdotes pagáns, bardos, médicos, astrónomos, filósofos e magos. Esta contorna, na que se mesturaban o máxico e mais o sagrado, era o espazo propicio para que alí habitasen seres mitolóxicos coma os inventariados por Vicente Risco: donas, feiticeiras, xacios, lavadeiras, fadas, trasnos, trasgos, diaños rebuldeiros, diaños bulreiros, perellos, tardos, donas dos pés de cabra, rabenos, lambiróns, sacaúntos, sereas, ouvas, lumias e mesmo cabalos pantasma<sup>191</sup>.

Así pois, na Fraga do Eume, antigamente, habitaban estes seres mitolóxicos agachados nas dúas orelas do canón que formou o río durante milleiros de anos, entre carballedos, teixos, freixos, castiñeiros, bidueiros, acivros, espiños, sobreiras e mesmo feitos do terciario. As vellas lendas aseguran que na súa espesura habita, talvez aínda antes cós devanditos feitos, un cabalo xigante que só se aparece despois do solpor, porque teme a luz do día. Contan Piñeiro de San Miguel e Gómez Blanco que “á tardiña, hai quen di que o enorme cabalo negro, dun só corno, galopaba pola ladeira abaixo ata mergullarse no río. Sempre avanzaba en liña recta e, como se dun gran oso se tratase, ó seu paso tronzaba a mesta vexetación de árbores e arbustos, de toxos e silvas, facendo tras de si un camiño que ó pouco tempo desaparecía”<sup>192</sup>. Pensan estes dous autores que “aquel cabalo era un trasno. Era o demo ceibo da Fraga do Eume”<sup>193</sup>. Porén, nós coidamos que si ten moitas das características dun demo ceibo, agás que non fixo xamais, que se saiba, mal ningún; tampouco non é propiamente un trasno, porque non habita no eido doméstico; e si se avén mellor ás calidades que Risco lle asigna ao cabalo pantasma.

Segundo Vicente Risco, “o trasno é un espírito doméstico [...]. Anda na casa e anda revolvendo todo, gastándolle bromas á xente, o máis pesadas que pode, mais asegúrase que non fai máis que parvadas e nunca fai mal. Así e todo, ten certo carácter endiañado, porque foxe do signo da cruz e máis da auga bendita”<sup>194</sup>. Malia que se mostra decote como un diañiño inofensivo e burlón, un anano moi listo e riseiro, que adoita levar longas barbas, “tamén se pode presentar en figura de diversos animais: carneiro, cabra<sup>195</sup>, can, gato,

191. Cfr. RISCO, V.: *Etnografía*, op. cit., p. 62-88.

192. Cfr. PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, E. e GÓMEZ BLANCO, A.: *De lenda...*, op. cit., p. 199.

193. *Ibidem*.

194. Cfr. RISCO, V.: *Etnografía*, op. cit., p. 72 e 73.

195. De aí que Piñeiro de San Miguel e Gómez Blanco os puidesen relacionar co noso cabalo negro unicornio, polos cornos que levan tamén o carneiro e mais a cabra.

etc.”<sup>196</sup>. Pola súa parte, o Demo, aínda que adopta acotío a figura de animais con cornos, coma o castrón ou o carneiro negro, ou equinos, coma o cabalo ou o burro, pode confundirse co trasno, pero, “en realidade, é outra cousa [...]”. É o inimigo dos homes, que atormenta a xente e goza coa morte das persoas”<sup>197</sup>. Antón Fraguas cingue tamén a figura do trasno ao ámbito doméstico e di que son “seres que xogan coa xente e a enganar de mala maneira, pero sen lle causar un mal maior [...]”; un diañoño ceibo capaz de aparecer en calquera forma, quer de persoa quer de animal [...]”; un misterioso ser que fai tantas travesuras explica o ben coñecido dito: anda facendo trasnadas”<sup>198</sup>. A cor negra do cabalo da Fraga do Eume fai pensar tamén no Demo Negro, que “é o peor e máis malintencionado dos demos [...]”. Adopta formas e transformacións que impresionan, como ter unha talla moi superior á da normal das persoas, ou figura de animais non coñecidos e arrepiantes”<sup>199</sup>, coma o noso cabalo unicornio, pero este non “provoca mediante sustos a morte para satisfacer o seu desexo de encher o Inferno de almas”<sup>200</sup>. Por todo isto, talvez o noso cabalo unicornio se axuste mellor á figura do cabalo pantasma que nos dá Risco cando afirma que se lles aparece “ós buscadores de tesouros ou tamén ós camiñantes. Tamén pode suceder que o cabalo sexa moi pequeno e de súpeto encomece a medrar ata chegar a tocar o ceo. Debemos ter en conta a relación do cabalo coas augas, tanto coas do mar como coas dos ríos ou das fontes, verbo do que cómpre recordar a idea de que Poseidón, o deus do mar, foi orixinalmente un cabalo”<sup>201</sup>. Segundo algunhas antigas lendas, os mariñeiros, para obteren a protección deste deus grego nas súas via-



Portada do libro *De lenda en lenda*, coa ilustración do cabalo negro unicornio de González Collado

196. RISCO, V.: *Etnografía*, op. cit., p. 73.

197. *Idem*, p. 275-278.

198. Tomado e traducido de FRAGUAS FRAGUAS, A.: *La Galicia insólita. Tradiciones gallegas*, Sada, 1993, p. 98 e 99.

199. Cfr. CUBA RODRÍGUEZ, X.M., MIRANDA RUÍZ, X. e REIGOSA CARREIRAS, A.: *Diccionario dos seres míticos galegos*, Xerais, Vigo, 1999, p. 102.

200. *Ibidem*.

201. RISCO, V.: *Etnografía*, op. cit., p. 87.

xes afogaban un cabalo quer no río quer no mar antes de partiren; outras tamén lles atribúen aos cabalos unicornios a capacidade de purificar as augas dos ríos.

Os cabalos unicornios foron sempre seres lonxeiros, solitarios, moi fortes e vigorosos, e semella que estes poderes lles veñen do zume do seu único corno. Só se deixan ver por seres puros e inocentes, polo que decote foron tentados por fermosas rapazas virxes para os cazar e poder así beber o zume máxico e milagroso do seu corno. “O unicornio ama a pureza, sae do seu escondedoiro no bosque, achégase á moza e deita a cabeza amorosiña no seu peito, quedando de inmediato durmido. Por iso se lle atribúe ser símbolo de castidade”<sup>202</sup>.

## O ANEL DE SAN ROSENDO

Na marxe dereita das Fragas do Eume, no actual concello da Capela, atópase o mosteiro de San Xoán de Caaveiro. Malia que a considera arriscada, De Castro Álvarez formula a hipótese, baseada nun documento datado no ano 890<sup>203</sup> —é dicir, dezasete antes do nacemento de san Rosendo en 907—, de que, cando menos a fins do século IX, o cenobio xa fora fundado e habitado por un grupo de eremitas que seguían a Regra de San Bieito. O lugar onde tiña o seu enclave o cenobio era ideal para que os monxes puidesen levar alí unha vida retirada do mundanal ruído e en contacto coa natureza, para poñer en práctica o lema beneditino do *ora et labora*. O número máximo de relixiosos que acolleu foi de nove frades. Xa que logo, “san Rosendo non fundou Caaveiro, se se considera que fundar é decidir e poñer as primeiras pedras dun edificio, pero a súa participación na supervivencia do mosteiro non foi pequena”<sup>204</sup>. Parece seguro que Caaveiro foi un mosteiro onde se recollía con certa frecuencia e que lle fixo en vida unha importantísima doazón en 936, sendo xa bispo dumiense e abade do mosteiro de San Martiño de Mondoñedo. O Arquivo do Reino de Galicia garda un documento co informe da visita realizada ao cenobio en 1682 polo prior José de Vergara no que se cita un inventario das reliquias atribuídas ao santo conservadas en San Xoán de Caaveiro<sup>205</sup>. O cáliz e a patena gárdanse hoxe na capela das Reliquias da catedral de Santiago, e a alba, nun fermoso armario relicario da ermida da Nosa Señora das Neves, na Capela.

202. Cfr. CUBA RODRÍGUEZ, X.M., MIRANDA RUÍZ, X. e REIGOSA CARREIRAS, A.: *Diccionario...*, *op. cit.*, p. 245.

203. Pode verse en CASTRO ÁLVAREZ, C. DE, FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, J.I. e GONZÁLEZ BALASCH, M.T.: *El monasterio...*, *op. cit.*, p. 116 e 117.

204. Cfr. CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: “San Rosendo, fundador...”, *op. cit.*, p. 305.

205. Entre as reliquias e obxectos pertencentes a san Rosendo que, consonte o informe do prior José de Vergara, había no mosteiro de Caaveiro, estaban: “El alva de nuestro R. S. Rosendo. Un pedazo de casulla. Una estola. Unos corporales del mismo Sto. Un caliz y patena. Un mondadientes. Una caja pequeña con algunas reliquias. Un lignum crucis embotado en una cruz sobredorada. Un manipulo del santo”; cfr. Arquivo do Reino de Galicia, Fondo Xeral, Mosteiro de Caaveiro, libro 345, caixa 494, folio 34; tamén se pode ver en CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: “San Rosendo, fundador...”, *op. cit.*, p. 307.

Segundo afirma, con algo de esaxeración, López Carballeira, “a Caaveiro debe san Rosendo todo canto é. Non soamente estivo aló, como apuntan [...] tódolos seus biógrafos e cronistas: alí foi onde se modelou o seu admirable carácter; alí se formou o grande home; alí lle foron impresos os rangos todos da súa fisionomía interna; alí o seu temperamento, apto e disposto por natureza, quedou modelado plenamente e a súa xigante personalidade marcada para sempre”<sup>206</sup>.

Rosendo naceu na cidade portuguesa de Santo Tirso no ano 907. Foi o premio a unha longa espera dos seus pais. Despois de anos de matrimonio, Il-duara, como xa lle naceran varios fillos mortos, foi á igrexa do Salvador en Monte Córdova, preto de Santo Tirso, onde vivían, para lle pedir a Deus que lle dese un herdeiro. Logo de facer penitencia camiñando descalza ata o templo, rogoulle con fe ao Salvador. Mentres rezaba, tivo unha visión; aparecéuselle o arcanxo san Miguel e anuncioulle que concibiría un fillo e que desta volta nacería con ben. Así aconteceu; despois de nove meses, nun parto sen dor, que a lenda lle atribúe á intervención divina, naceu Rosendo. Foi bautizado na igrexa de San Miguel do Couto e conta a lenda que, como os bois que traían nun carro a pía baptismal na que recibiu o primeiro dos sacramentos non eran quen de arrastrala, uns anxos foron os encargados de a transportar<sup>207</sup>.



Mosteiro de San Xoán de Caaveiro

Con cinco ou seis anos, os seus pais encoméndanlle a súa formación relixiosa e intelectual ao seu tío Sabarico, bispo da diocese mindoniense (907-925) e abade do mosteiro de San Martiño de Mondoñedo, que se converte no seu titor e máximo valedor. Cando morre Sabarico, Rosendo é elixido polos frades, con só dezaoito anos, abade do mosteiro de San Martiño de Mondoñedo e nomeado bispo dumiense (925-950 e 955-958), malia que as normas da Igrexa requirían para esta misión ter cumpridos os trinta. Pero esta

206. Cfr. LÓPEZ CARBALLEIRA, A.: *San Rosendo...*, op. cit., p. 28; a tradución está tomada de COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia...*, op. cit., p. 65.

207. Cfr. LÓPEZ CARBALLEIRA, A.: *San Rosendo...*, op. cit., p. 70-74.

vida non o facía feliz, xa que a súa verdadeira vocación era pasar longas tempadas retirada nos mosteiros, na procura da paz por medio da oración.

Un dos seus lugares preferidos para se dedicar a esta vida contemplativa era San Xoán de Caaveiro. Durante unha das súas estadias neste cenobio, unha tarde soleada, Rosendo foi camiñar e meditar no silencio da fraga pola beira do río Eume, que pasa fronte ao mosteiro. De socato, un nubeiro<sup>208</sup> que se agachaba na espesura das milenarias árbores do bosque reparou nel e quixo tentalo, e unha gran treboada descargou a súa furia sobre o santo, que quedou mollado coma un pito. Contrariado porque non esperaba que a tormenta o collese e incómodo pola molladura, queixouse amargamente a Deus polo que lle acontecera, pero axiña mostrou un profundo arrepentimento por estes pensamentos tan egoístas e, guindando o seu anel episcopal e abacial<sup>209</sup> ao río Eume, pregoulle ao Señor que non llo devolvese ata que considerase que lle podía perdoar o seu pecado de soberbia.

Poucos días despois, un dos monxes de Caaveiro foi pescar ao río Eume e levou ao mosteiro dúas ducias de reos para que os comesen os seus compañeiros. Cando o irmán cociñeiro os estaba a limpar, comprobou que un deles traía no seu aparato dixestivo, algúns din que no bico, o anel que san Rosendo arrebolara ao río.

Todos pensaron que este feito era un milagre. San Rosendo deulle grazas a Deus porque lle perdoara e considerou a recuperación do anel como un sinal divino, unha revelación pola que Deus lle pedía, alí en Caaveiro, que dedicase o seu patrimonio e o seu tempo a fundar o mosteiro de San Salvador de Celanova — cousa que logra no ano 942—, do que era abade á súa morte en 977. O cóengo López Carballeira sinala que “conta a crónica que unha noite estaba en Caaveiro orando con máis intensidade que de cotío, mentres o mundo estaba entregado ó sono e repousaba en silencio. De súpeto a noite darredor del virouse en día. Parecéralle que nun intre se esclarecera algo que longo tempo, mergullado en densa escuridade, soamente algún que outro perfil descubrira, moi desdebuxado e indeciso; mais ese algo era moi extraordinario, era a súa obra, a súa misión, o monstro colosal que levaba, había moito, dentro del, como feto, pero que un día tería que saír á luz, triunfando en toda a súa magnificencia, para gloria da súa patria e admiración do mundo. Reveláraselle a fundación do grande mosteiro de Celanova, que habería levar a cabo no lugar de Vilar, preto de Limia e non lonxe de Ourense, como monumento de homenaxe ó Salvador [...]. Grande foi co tempo Celanova [...]. Máis grande é Caaveiro, que fixo agromar entre as súas fragosidades, como muxica de luz sobrehumana, a idea nai e mailo

208. O nubeiro ou tronador, segundo Vicente Risco, “é de cote un ser humano igual que nós, nin sequera semellante ós das razas encantadas, ó parecer, sen outra propiedade ou habelencia extraordinaria máis do que a de andar nas nubes, levalas para onde el quer e botar os tronos e o pedrazo nos eidos onde lle peta, e esto todo, ó parecer, gracias á súa ciencia da bruxería: é un bruxo especializado e non un espírito”; cfr. RISCO, V.: *Etnografía*, op. cit., p. 123.

209. O anel, o báculo e mais a mitra son os atributos dos bispos e tamén dos abades.

impulso xerador”<sup>210</sup>. Na honra de Deus, que atendera a pregaría da súa nai para que lle dese un fillo, puxo o mosteiro de Celanova baixo a advocación do Salvador, e en agradecemento á intervención do arcanxo mandou construír o oratorio de San Miguel no cenobio.

En 968, san Rosendo foi nomeado administrador apostólico da diocese de Iria –desde 1095 convertida en diocese de Santiago de Compostela–, malia que nunca chegou a ser titular da sé, e o un de marzo de 977 morreu en Celanova rodeado dos seus monxes, sendo administrador apostólico de Iria e abade do mosteiro celanovés. Os seus restos descansan nunha urna de prata aloxada no altar maior da catedral de San Salvador de Celanova e realizada en 1601 por Juan de Nápoles, segundo consta na inscrición do seu zócalo<sup>211</sup>.

Outra versión da lenda di que o que san Rosendo guindou ao río Eume non foi o anel senón a chave dun cilicio que se puxo para se mortificar. Só o quitou cando o reo pescado por un frade lle devolveu a chave e considerou que obtivera o perdón divino<sup>212</sup>.

Un vello romance, recollido por Rodríguez Frois, dá a súa versión da lenda en lingua galega e en versos octosílabos: “San Xoán, o de Caaveiro, / ten a porta cara ao mar / e Santiago, o da Capela, / tena cara ao vendaval. // San Rosendo anda que anda, / andando chegou ao mar; / corre, meu santiño, corre, / corre, mais sen te cansar. // A Caaveiro san Rosendo, / vogando chegou do mar, / voga, meu santiño, voga, / voga, mais sen te cansar. // En Caaveiro, san Rosendo, / chamoute Deus a Vilar. / Alí xurdiu Celanova, / milagre de amor e paz. // En Vilar quixo o bo Deus, / que fundases Celanova. / Lémbtrate alí de Caaveiro, / a túa primeira obra. // De Caaveiro a Mondoñedo, / de Celanova a Santiago; / camiñando vai Rosendo, / descalciño polo barro. // O mosteiro de Caaveiro, / ben lle pode agradecer / a san Rosendo, seu fillo, / que lle deu bens e poder. // San Xoán o de Caaveiro, / Salvador de Celanova / son os bens de san Rosendo / o mellor da súa obra. // San Rosendo de Caaveiro / foi bo santo e bo guerreiro, / bo frade de San Bieito / e bispo de Mondoñedo. // Rosendo, o santo, en Caaveiro / fixo pontes, fixo casas, / ferrarías e batáns, / tamén canles para as augas. // En Caaveiro san Rosendo / pensou erguer Celanova. / ¿Pra que te fuches, meu santo, / desta tan doada cova? // Polas ribeiras do Eume, / san Rosendo anda a pescar, / para que coman os frades / peixes que veñen do mar. // Unha noite de trebón, / san Rosendo tivo medo, / perdeu a chave da casa / e máis o anel do seu dedo. // Unha noite de tormenta, / perdeu o anel san Rosendo; / moitos anos despois / tróuxollo no bico un reo. // A san Rosendo en Caaveiro / caeulle o anel ao río, / tróu-

210. Cfr. LÓPEZ CARBALLEIRA, A.: *San Rosendo...*, op. cit., p. 100-102; tradución tomada de COUCEIRO FREJOMIL, A.: *Historia...*, op. cit., p. 66.

211. Pode verse en GONZÁLEZ GARCÍA, M.A.: “Esplendor e memoria: a ourivería do relicario de Celanova”, en SINGUL LORENZO, F. (dir.): *Rudesindus. O legado...*, op. cit., p. 357-361.

212. Cfr. LÓPEZ CARBALLEIRA, A.: *San Rosendo...*, op. cit., p. 89 e 90.

xollo un peixe ben grande / prendidiño no seu bico. // Nosa Señora das Neves / desde a Serra da Capela / anda a ollar os mariñeiros / descalciños pola area. // A Señora da Capela / está gozosa no chan / contemplando os seus filliños / como traballan no val. // Nosa Señora das Neves / ten uns zapatíños brancos, / que llos doou san Rosendo / para ruar polos campos”<sup>213</sup>.

Vicente Risco defende que os romances que os galegos chamaban historias “son verdadeiramente lendas postas en verso [...]. Por moito tempo pensouse que non había romances en Galicia, senón que este xénero literario era propio das terras de fala castelá. Carré Aldao explica porque, cando os folcloristas ían preguntar ós paisanos se sabían romances, os paisanos, que lles chamaban historias, non sabían qué lles preguntaban. Despois foise vendo que os había de abondo nos dous idiomas, dos casteláns, moitos importados e outros compostos no país”<sup>214</sup>.

### A LUCIÑA DE SOASERRA

Pola beira dereita, entre a espesura da fraga, desde Santa Olaia de Soaserra ata a desembocadura do río Eume en Santo André de Cabanas, contan Piñeiro de San Miguel e Gómez Blanco que, cando xa é noite pecha, se pode ver, acotío, unha luz misteriosa que se move entre os piñeiros, castiñeiros, carballos e freixos que bordean o camiño e “que avanza ata perderse na mesta vexetación. Éche unha luz que, ó se mover, parece a cola dun cometa e que en ocasións se divide nunha multitude de puntos luminosos que rebo-len coma se dunha danza de vagalumes xigantes se tratase [...]. Tamén é frecuente que se acerque ás persoas para acompañalas ás súas casas. Cando así sucede, hai que acougar e aceptar a súa compañía, xa que, ó tratar de espantala, a luz se defende, brillando con tanta forza que queima na pel de quen a rexeita”<sup>215</sup>. Malia que hai quen pensa que non lle fai mal ningún a quen non a teme, o certo é que, cando se lle aparece a unha persoa ou alumea un fogar, decote, a desgraza está cerca.

Segundo Vicente Risco, “cando aparece unha luz, de noite, en sitio onde non adoi-ta habela, din que é unha ánima en pena. As que aparecen desta forma son principalmen-te as dos que morreron de morte violenta ou desgraciada [...]. Cando morre un home des-graciado nun sitio, hai que bendecilo, senón queda alí a luciña [...], é o espírito dun home penando [...]. A comunicación dos vivos cos mortos pódese dicir que é moito maior en Galicia do que noutros países, o galego semella moitas veces que os sente arredor de si,

213. Tomado de CASTRO ÁLVAREZ, C. DE, FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, J.I. e GONZÁLEZ BALASCH, M.T.: *El monasterio...*, op. cit., p. 23-25, con lixeiras modificacións para adaptar a medida dos octosílabos.

214. Cfr. RISCO, V.: *Etnografía*, op. cit., p. 676 e 677.

215. Cfr. PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, E. e GÓMEZ BLANCO, A.: *De lenda...*, op. cit., p. 31.

que os ve en soños ou esperto, que fala con eles, que ten para esto unha especial sensibilidade que lle vén de recuados tempos”<sup>216</sup>. Tamén constata Antón Fraguas que unha das formas nas que en Galicia se percibe a visión ou o anuncio da morte é “ver unha luz que se dirixe cara á casa do que vai morrer. En San Mamede chámalle a esta luz a veliña e seica vai na procura do que está enfermo”<sup>217</sup>.

Por outra parte, na marxe esquerda do río Eume, por terras de Monfero e Nogueirosa, contan tamén Piñeiro de San Miguel e Gómez Blanco que, de cando en vez, aparece unha luz que “acostuma poñerse diante dun e, dividíndose en tres, baila incansablemente, manténdose sempre avanzada á mesma distancia. Hai quen a relaciona coa ánima en pena dun home que morrera por eses lugares. A esta luz chámalle a luz de Soutullo”<sup>218</sup>. Talvez sexa porque, como di Otero Pedrayo, “as razas celtas aman a morte como outra vida, quizais como a exaltación suprema da vida. Non son capaces de establecer marcos entre a vida e a morte. Os difuntos séntanse no fogar”<sup>219</sup>, acoden ás chamadas, aconsellan, mandan, interveñen [...]. A vida, sen quebrar o seu fío esencial, mergúllase no mar da morte e nel, como corrente espiritual, conserva a súa individualidade, porque desde os comezos do vivir que chamamos mortal, as ondas do mar da morte baten nos máis fortes e confiados promontorios e nas praias máis dondas e agarimosas da vida”<sup>220</sup>.

## ROXÍN ROXAL, DE PAXE DOS ANDRADE A REI GARCÍA II DE GALICIA

Como importante elemento defensivo e para vixiar as rías do golfo Ártabro e o treito final que tería que percorrer o río Eume antes de recibir o seu último afluente, o Covés, no seu esteiro e de verter as súas derradeiras augas no océano Atlántico, na ría de Ares, mandara levantar, en 1369, Fernán Pérez o Bo a fortaleza do castelo de Andrade, na pena Leboreira de Nogueirosa, e en 1377 estaba rematada. É de ver que xa en 1284, só catorce anos despois do privilexio outorgado en 1270 por Afonso X o Sabio (1252-1284) que impulsou o poboamento e fundación da vila de Pontedeume, esta contaba cun valado con portas de acceso e unha fortaleza que constituían a súa primeira estrutura defensiva, espe-

216. Cfr. RISCO, V.: *Etnografía*, *op. cit.*, p. 257 e 529.

217. Tomado e traducido de FRAGUAS FRAGUAS, A.: *La Galicia...*, *op. cit.*, p. 54.

218. Cfr. Piñeiro de SAN MIGUEL, E. e GÓMEZ BLANCO, A.: *De lenda...*, *op. cit.*, p. 32.

219. Así o fai o personaxe do tío Suso na triloxía de Ramiro Fonte *Vidas de infancia*. “Cando os meus pais se dispoñen a realizar un exercicio memorístico sobre a guerra, faise obrigada a presenza do tío Suso, que senta na cadeira que deixamos libre para el. Ben mirado, os fillos conformamos o público que os nosos pais precisan para poder conversar, alén da morte, co tío Suso sobre certos acontecementos. Por esta razón o máis serio e honrado transportista das Mariñas dos Condes en tempos de guerra preside a mesa [...]. Magoa que non poida dicir nada. Mantén os labios selados coma un peto. Véndoo alí diante, respirando con fatiga como todo ausente, intuíu o seu carácter exemplar [...]. O tío Suso quería que non se esquecese a historia, a súa historia. Por iso sentaba alí connosco”; cfr. FONTE CRESPO, R.: *Os ollos da ponte*, *op. cit.*, p. 178 e 179.

220. Cfr. OTERO PEDRAYO, R.: “Morte...”, *op. cit.*, p. 89.

cialmente para facerlles fronte aos ataques de embarcacións invasoras ou mesmo piratas que entraban na ría polo golfo Ártabro<sup>221</sup>.

Antigamente, nos solpores do século XIV, aínda nos tempos do Bo, chegaran a Pontedeume uns piratas que pretendían saquear a vila. Un deles, de pelo roxo e pel branca coma a neve, rouboulle ademais o corazón a unha das doncelas que servían no palacio dos Andrade e mantivo con ela unha apaixonada relación amorosa. Pouco lles durou a felicidade, pois algúns días máis tarde o pirata marchou cos seus compañeiros e a antes doncela pariu nove meses despois un fermoso fillo co pelo roxo e a pel branca coma o pai, do que nunca máis volveu saber nada. A rapaza, pola súa bondade e lealdade aos señores de Andrade, seguiu servindo no palacio e o fillo, ao que lle puxo por nome Roxín Roxal e que herdara a forza e valentía do seu pai e a bondade e lealdade da súa nai, cando cumpriu os quince anos, foi chamado como paxe para servir no castelo erguido sobre a pena Leboeira, onde fixou a súa residencia.

Daquela corría o primeiro cuarto do século XV e era xa señor de Pontedeume don Nuno Freire de Andrade, que padecera os ataques dos irmandiños, contra as súas propiedades e mais a súa familia, e fora alcumado o Mao polos seus vasalos, polo que na súa sepultura, no altar maior da igrexa do mosteiro de Santa María de Monfero, o lebreiro que se aloxa aos seus pés ten o rabo entre as pernas.

Nuno tiña dous descendentes varóns, Pedro e Fernán, e vivía coa súa única filla Tareixa no seu palacio de Pontedeume, construído en tempos do seu tío Fernán Pérez de Andrade, alcumado o Bo. Estas dependencias abarcaban desde a actual praza do Conde ata o peirao e no interior do recinto estaba a torre da homenaxe, que servía de lugar de vixía privilexiado e onde hoxe campaa o escudo do vello palacio xa derruído.

Tareixa era unha rapaza moi alegre e fermosa, e gozaba paseando a pé, dacabalo ou en barco, polo río Eume e a súa fraga, o monte de Breamo ou polas praias da bisbarra. Pero, como tamén era algo inconsciente e díscola, o seu pai decidiu encomendarlle o seu coidado e protección a Roxín Roxal, a quen tiña por un rapaz cabal, intelixente e valente, e merecente da súa total confianza e simpatía, pola lealdade que sempre lle mostrara.

221. Cfr. VAAMONDE LORES, C.: *Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes*, "Boletín de la Real Academia Gallega", nº. 88, t. VIII, A Coruña, 1914, p. 68 e 69; e LÓPEZ HERMIDA, J. e CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: *Las murallas de Pontedeume*, "Cátedra", 13, Pontedeume, 2006, p. 89-91, especialmente, na 91, o debuxo de José López Hermida que recolle como serían as murallas de Pontedeume contra o ano 1400. Os ataques de embarcacións inimigas continuaron cando menos ata o século XVII. Couceiro Freijomil dá conta dalgunhas destas incursións e destaca como se preparou a vila en 1582 contra a "arribada ó porto de Bares e costas cercanas de certas naves piratas, diciase que dezasete, e que efectuarian un desembarco provocando grandes estragos e morte dalgúns homes"; cfr. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia...*, op. cit., p. 279-282, especialmente, a 279, de onde está tomada a cita. Véxanse tamén, entre outros, CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: *Calles, plazas y jardines de Pontedeume. Denominación, morfología y actividad en el espacio público (1270-1970)*, Pontedeume, 2007, p. 120-125; e GARCÍA ORO, J. e PORTELA SILVA, M.J.: *Pontedeume y sus señores en el Renacimiento*, Pontedeume, 2003, p. 29-66.

O doncel, seguindo as ordes de don Nuno, acompañaba a Tareixa onde queira que fose e, paseniño, foi nacendo entre eles, primeiro, a amizade e, máis tarde, o amor. Roxín Roxal, que sempre andaba contento e feliz, empezou a sentirse tristeiro e morriñento, e mataba o tempo que non estaba con Tareixa entoando co seu laúde fermosas cancións de amor ou mirando, desde a torre do castelo de Andrade onde vivía, o palacio da súa amada en Pontedeume.



Vista de Pontedeume desde o castelo de Andrade

Roxín Roxal, pola consideración que lle tiña a don Nuno, non era quen de lle declarar o seu amor a Tareixa, pero a moza, cando viu a melancolía con que a miraba, decatouse de que devecía por ela e confesoulle que o seu sentimento era recíproco. Así e todo, o seu noivado durou ben pouco, xa que, ao coñecer o señor de Pontedeume o que acontecía, lle prohibiu ao rapaz que volvесе ver a súa filla e mesmo que se achegase á vila; debía quedar recluído nas inmediacións do castelo de Andrade.

Don Nuno, malia sentir unha grande estima por Roxín Roxal, non podía tolerar que casase coa súa filla, xa que, pola súa humilde condición, non era o home no que el pensara para a desposar. O marido que lle procurara a Tareixa era don Henrique de Osorio, que si tiña a liñaxe e a riqueza que a familia dos Andrade merecía. Roxín Roxal permaneceu recluído no castelo, cumprindo escrupulosamente as ordes do seu señor, e este decidiu agasallalo, como recompensa pola súa fidelidade, cunha valiosa daga, na que gravou con letras de ouro as iniciais R. R.

Non tardou en celebrarse a voda entre Tareixa e don Henrique Osorio, e a coitada rapaza andaba moi aflixida. Botaba en falta a Roxín Roxal e subía acotío ao Torreón de Pontedeume para ver no alén o castelo onde se atopaba o seu verdadeiro amado; malia

que hai quen di que ía alí porque, por un pasadizo secreto que unía a torre e mais a fortaleza, o seu namorado a visitaba todas as tardes, non parece que isto fose factible, debido á longa distancia existente entre os dous edificios e ás condicións do terreo. Couceiro Freijomil tamén considera imposible a existencia do pasadizo, aínda que pensa que si podía haber unha saída secreta ata un punto máis próximo, como decote acontecía neste tipo de fortalezas<sup>222</sup>.

Un día chegou a oídos de don Nuno que un enorme xabaril estaba arrasando as colleitas das súas terras e que xa matara varios campesiños cando trataran de o abater. Como el e os seus fillos estaban ocupados en asuntos máis importantes, o señor de Pontedeume encomendoulle a seu xenro que organizase a cacería. Don Henrique pediulle a Tareixa, que era una experta amazona e coñecía ese territorio mellor ca el, que o acompañase e, xa case co solpor, atoparon o fero animal na ponte que Fernán Pérez de Andrade mandara construír sobre o río Lambre, para unir os seus feudos de Pontedeume e Betanzos e obter así un rendemento económico polas actividades comerciais que se chegasen a establecer por medio desta vía de comunicación. A ponte presenta hoxe tres arcos e no estribo correspondente a Paderne ten esculpida en relevo a cabeza dun xabaril. Couceiro Freijomil asegura que “a ponte actual, edificada con materiais da antiga, data, segundo unha inscrición, do ano 1862, reinando Isabel II”<sup>223</sup>. Hoxe se dispón sobre esta ponte, que divide os concellos de Miño e Paderne, outra que atravesa a estrada nacional e, río arriba, están a do ferrocarril e a da autopista.



Ponte do Porco

222. Cfr. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia..., op. cit.*, p. 143. A Ramiro Fonte tampouco non lle “entraba na cabeza que un camiño subterráneo puidese atravesar o val de Nogueirosa e subir por Goibe ata a imperturbable fortaleza. Estaba obrigado a crer, como tódolos nenos, no espírito de María Somorrostro, pero non no pasadizo”; cfr. FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos, op. cit.*, p. 74.

223. Cfr. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia..., op. cit.*, p. 136.

Cando xulgou que tiña a tiro o xabaryl, o de Osorio disparoulle unha frecha e o animal, enfurecido pola dor, acometeu con saña a Tareixa ata a matar e fuxiu ferido. O covarde don Henrique, no canto de defender a súa esposa, guindouse ao río polo peitoril da ponte para quedar a salvo da turrada da fera. Poucos días máis tarde, na mesma ponte, apareceu morto o xabaryl, que tiña cravada na súa gorxa a daga que don Nuno lle regalara a Roxín Roxal. Só o de Andrade sabía, polas iniciais que levaba, que non podía ser doutro cabaleiro ningún. O malpocado señor de Pontedeume comprendeu que impedir o matrimonio entre a súa filla e o fiel vasalo fora un gran desatino, xa que este, aínda sendo plebeo, abofê que a tería defendido mellor có nobre don Henrique.

Desde que aconteceron estes feitos, xa convertidos en lenda, o lugar no que apareceu morto o xabaryl, polo que pasan os peregrinos que percorren o Camiño Inglés de Santiago, foi coñecido co nome da Ponte do Porco, pero do paradiro de Roxín Roxal nunca máis se soubo.

Antes de cruzar a ponte, na alameda veciña, pertencente ao concello de Miño, está chantado un fermoso cruceiro coa imaxe do xabaryl dos Andrade cunha cruz encima, que se podería considerar tamén como un sinal da vitoria sobre o mal, xa que este animal foi, decote, relacionado co Demo<sup>224</sup>. No cruceiro, unha inscrición lembra a Fernán Pérez de Andrade o Bo como “benfeitor da comarca Brigantina” e aparece tamén esculpido o escu-



Cruceiro co xabaryl na Ponte do Porco e sepulcro de Fernán Pérez de Andrade en Betanzos

224. Véxase ERIAS MARTÍNEZ, A.: *La eterna caza del jabalí*, “Anuario Brigantino”, 22, Betanzos, 1999, p. 317-378, especialmente, a 321.

do dos Andrade co seu lema AVE MARIA GRATIA PLENA DOMINUS TECUM. Estas representacións de xabaris coa cruz poden atoparse así mesmo noutras construcións patrocinadas por Fernán Pérez de Andrade, entre elas a do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro –hoxe acollida no Museo do Castelo de San Antón, na Coruña– e as das igrexas de San Francisco de Betanzos, Santa María de Cabanas ou San Paulo de Río Barba, no Vicedo<sup>225</sup>, e sen a cruz, na ponte eumesa. Resulta curiosa a presenza, tamén na alameda, dunha xardineira de pedra que reproduce algunhas das escenas cinexéticas do fermoso sepulcro de Fernán Pérez de Andrade, que se atopa na igrexa de San Francisco de Betanzos sobre as figuras pétreas dun oso e un xabril, símbolos da Casa dos Andrade.

Bo coñecedor da lenda, Benito Vicetto, no ano 1857, publicou unha novela que tiña como protagonista a Roxín Roxal; segundo afirma, atopou, por casualidade, uns manuscritos nun mosteiro beneditino –probablemente sería o de Caaveiro– que contaban unha historia ben distinta do doncel. En palabras do narrador de *Rogin Rojal. El page de cabellos de oro. Novela histórica caballeresca del siglo XI*, “nuestra Galicia tradicional solo conoce a Rogin Rojal como un paje amante y trovador: preciso es rebuscar las crónicas de los benedictinos para encontrar al paje-rey”<sup>226</sup>.

A acción da novela sitúase, como ben se di no título, no século XI. No ano 1065 morre o monarca Fernando I o Magno (1035-1065) e no seu testamento manda repartir o reino entre os seus fillos<sup>227</sup>. García I (1065-1072) é coroado así rei de Galicia, pero, despois de moitas disputas, Sancho II (1065-1072) unifica novamente, en 1072, o reino, que meses máis tarde, á súa morte, herdará o seu irmán Afonso (1072-1109).

Un día de outubro do ano 1067, cando aínda García I era rei de Galicia, unha vella superstición celta anuncia unha desgraza; o sol foi devorado polas ondas das rías do golfo Ártabro e “se internó entre las montañas del Eume, reflejándose siempre entre sus aguas”<sup>228</sup>. O barón de Roupar, que establecera a súa residencia nun pazo situado nas terras bañadas polo río Eume<sup>229</sup>, fiel servidor do falecido rei Fernando I e agora tamén do seu herdeiro García I de Galicia, tiña dúas fillas, unha chamada Alva e a outra, Miña. A máis vella, Alva, malia que só contaba quince anos, andaba en amores, co visto e prace do seu pai o barón, con Leonel de Goyente<sup>230</sup>, pequeno fidalgo que vivía nas montañas do Eume.

225. Véxase GARCÍA LAMAS, M.A.: *La memoria de Fernán Pérez de Andrade O Bóo en las iglesias de Montes do Sor: San Pantaleón de Cabanas, Santa María de Cabanas y San Paulo de Riobarba*, “Cátedra”, 15, Pontedeume, 2008, p. 123-152.

226. Cfr. VICETTO, B.: *Rogin Rojal...*, op. cit., p. 380.

227. Afonso (1065-1109) foi nomeado rei de León; Sancho (1065-1072), de Castela; e García (1065-1072), de Galicia; a súa filla Urraca herdou a cidade de Zamora e Elvira, a de Toro.

228. VICETTO, B.: *Rogin Rojal...*, op. cit., p. 14.

229. Poida que tomase o nome da actual parroquia de San Pedro Fiz de Roupar, no concello de Xermade.

230. Débelle, probablemente, o seu nome ao que hoxe é a parroquia de San Martiño de Goente, no actual concello das Pontes de García Rodríguez.

Pero o antolladizo rei don García, farto da monotonía da súa vida conxugal, quixo ter unha aventura con Alva, polo que o seu home de confianza, Gunderedo Vernuda de Vilalba, mandou matar a Leonel cando ía ao encontro amoroso da inocente Alva de Roupar e fixo que o rei suplantase ao fidalgo no leito da fermosa dama, sen que ela se decatase; esa noite concibiron, en terras eumesas, a Roxín Roxal.

Pouco despois de parir, Alva morreu, pero quedou o seu fillo, Roxín Roxal, que se converteu así no único descendente de García I de Galicia e, xa que logo, no herdeiro lexítimo do seu trono. Benito Vicetto representa en Roxín Roxal a esperanza de que Galicia, malia que durante pouco tempo e só na ficción, recuperase no século XI, na figura deste eumés, o seu reino e a súa independencia do xugo de Castela e de León. Giral de Goyente, irmán de Leonel, lideraría aos Cabaleiros da Aguia, que terían que liberar o rei García e recuperar o Reino de Galicia, usurpado polo seu irmán Afonso (1072-1109), pero antes obrigaría a García I a abdicar en Roxín Roxal, para que sexan chegados os tempos nos que “la obra de la rehabilitacion para el pais gallego, la hora de su dignidad y de su importancia nacional”<sup>231</sup> se fagan realidade.

Quince anos máis tarde do primeiro augurio, unha nova superstición celta anunciaba, en 1082, a través do sol outra traxe-

dia. “A las nueve de la mañana: un sol de primavera, lánguido y frio, dardeaba sus rayos de plata y rosa sobre las aguas del Eume”<sup>232</sup>. Unha vella profecía vaticinara que “los Andrades llegarán á dominar en luengas tierras, y el brillo de esta raza de valientes lo absorverá el sol de otra familia mas ilustre del reino”<sup>233</sup> [...]. Uno de ellos será tan bueno,



Portada da novela de Benito Vicetto

231. Cfr. VICETTO, B.: *Rogin Rojal...*, op. cit., p. 307.

232. *Idem*, p. 108.

233. Refírese á Casa de Lemos, que se fundiu coa de Andrade en 1540, despois do pasamento do conde Fernando de Andrade e Pérez das Mariñas.

tan bueno, que durará su recuerdo mientras corra el río Eume, es decir, hasta el fin de los siglos<sup>234</sup> [...]. Pero para que nazca este caballero tan esforzado y tan bueno, un Andrade asesinará á su esposa [...] y el asesino de la esposa será á su vez asesinado por su hijo<sup>235</sup>. O conde de Andrade casara con Miña de Roupar e ambos os dous vivían no seu palacio da vila eumesa<sup>236</sup>. Miña, despois da morte da súa irmá Alva e do seu pai, acolleu o seu sobriño na súa casa de Pontedeume, pero non lle revelou a ninguén, nin sequera ao propio Roxín, que era fillo da súa irmá e máis do rei García. O conde de Andrade tiña celos dos cariños que Miña lle dispensaba a Roxín, sospeitaba que era o seu fillo ou o amante, pois tamén el descoñecía o secreto familiar, e un día que os atopou na cámara de Roxín abrazados, porque o rapaz ardía coa febre e precisaba dos coidados da tía, matou a súa muller cunha daga. Desde que Giral de Goyente lle contou a verdade, andou sempre coma unha alma en pena ata que morreu; porén, a novela non afirma, como vaticinaba a profecía, que fora asasinado polo seu propio fillo Fernán e novo conde de Andrade.

Roxín Roxal estaba namorado de Estrella de Láncara e era correspondido por ela, pero o condesiño Fernán de Andrade tamén a pretendía e contaba co apoio do pai da moza, o seu compañeiro de borracheiras. Para se librar de Fernán, o noso heroe e mais Estrella decidiron que a rapaza tomaría un bebedizo, preparado por un mouro que vivía no palacio dos Andrade, que lle provocaría unha catalepsia para que todos pensasen que estaba morta, e que, cando acordase dos seus efectos, sería rescatada por Roxín e xuntos fuxirían a outras terras onde casaren e seren felices. Pero o malvado Fernán descubriu o plan e feriu a Roxín para impedir que chegase a liberar a Estrella, que, tratando de escapar do cadaleito onde estaba encerrada, morreu, esta vez si, botando sangue pola boca. Ese día, o paxe Prom, que axudara a Fernán a golpear a Roxín e ao deixar malferido, morreu abatido por un xabril.

Giral de Goyente atopara a Roxín Roxal, a quen todos crían morto, malferido preto da Ponte do Porco e levarao a Melide para que cumprise a misión que a historia de Galicia lle tiña encomendada. Os Cabaleiros da Aguia agardaban “órdenes para morir matando por la santa idea de la independencia de la esclava Gallecia [...]”. La pasión al país natal era su sola pasión, y su libertad, viéndolo esclavo de Leon y de Castilla, era su único y sublime objeto [...]. Morireis entre sus peñascos, pero morireis como buenos luchando por la independencia de la tierra que os sustenta, de la tierra adorada que os vio nacer<sup>237</sup>.

234. Refírese a Fernán Pérez de Andrade o Bo, primeiro señor de Pontedeume.

235. Cfr. VICETTO, B.: *Rogin Rojal...*, op. cit., p. 261 e 262.

236. Cómpre facer, porén, algunhas precisións históricas que non casan ben co relato de Benito Vicetto: a vila de Pontedeume non se fundou ata o ano 1270; o seu primeiro señor foi Fernán Pérez de Andrade o Bo por un privilexio de 1371 de Henrique II (1369-1379) e mandou construír anos despois o palacio sobre unha fortaleza defensiva da vila levantada, segundo Vaamonde Lores, contra o 1295 –cfr. VAAMONDE LORES, C.: “Gómez...”, op. cit., p. 68 e 69–; ningún Andrade matou a súa muller; e, ademais, o primeiro conde de Andrade foi Fernando de Andrade e Pérez das Mariñas nos primeiros anos do século XVI.

237. VICETTO, B.: *Rogin Rojal...*, op. cit., p. 308-310.

Estes valorosos cabaleiros seguen o espírito dos vellos e míticos celtas no monte Medulio, que “prefirieron envenenarse con las ramas del tejo y [...] darse la muerte unos á otros antes de sufrir el afrentoso yugo de los estraños”<sup>238</sup>.

Na secreta visita que Giral de Goyente, disfrazado de peregrino, lle fai a García I, que estaba confinado polo rei Afonso nun castelo de Melide –en realidade, desde 1073 ata o seu pasamento, en 1090, foi prisioneiro do seu irmán no castelo de Luna, en León, consonte afirma a inscrición da súa sepultura<sup>239</sup>, o que acontece tamén despois na novela–, convence ao deposto monarca para que asine un documento no que abdica en Roxín Roxal como o seu herdeiro a cambio de ser redimido polos Cabaleiros da Aguia. A liberación fíxose con éxito e foron á Bandeira, preto de Silleda, onde o eumés Roxín Roxal foi coroado polo bispo de Santiago de Compostela Diego Peláez (1071-1094), tamén defensor da causa, como rei de Galicia, co nome de García II.



O bispo compostelán Diego Peláez (1071-1094) coroa a Roxín Roxal como o rei García II de Galicia

238. *Idem*, p. 314.

239. No Panteón dos Reis do mosteiro de San Isidoro de León, a súa lápida leva gravada a inscrición en lingua latina que nós traducimos: “Aquí xace don García, rei de Portugal e Galicia. Fillo do rei Fernando o Magno. Foi capturado por enganos polo seu irmán. Morreu o vinte e dous de marzo de 1090”.

Así e todo, moitos dos condes de Galicia defenderon a lexitimidade de Afonso de Castela e de León e derrotaron axiña aos partidarios do novo rei de Galicia, García II, é dicir, o eumés Roxín Roxal, que conseguiu escapar do mosteiro de Oseira e volveu a Pontedeume para se vingar do xa novo conde Fernán de Andrade, o seu peor inimigo e o causante da morte da súa amada Estrella. Cando o atrapou, coa axuda de Giral, decidiron soterralo vivo, deixando ao aire só a súa cabeza, pero, arrepentido dun acto tan cruel, regresou para o liberar. Porén, o conde non foi tan xeneroso coma Roxín e, nun descoido deste, rompeulle a cabeza cunha aixada e matouno. Logo fuxiu.

Giral de Goyente tamén resultou malferido e foi recollido por un monxe de Caaveiro, que o socorreu pero non logrou salvarlle a vida. É probable que este frade beneditino fose o autor do manuscrito que relataba esta historia e que Vicetto atopara nun convento desta Orde. “Tal como la presentamos al público, Rogin Rojal siempre tendrá, para nosotros mismos que lo escribimos, un interés misterioso y poético que nos seducirá hasta la muerte, porque leeremos continuamente esta obra con todo el fuego de nuestra imaginación. Que la imaginación superior de nuestros lectores supla, pues, á la nuestra, y conceda brillantes colores á los cuadros pálidos é inanimados que acabamos de bosquejar”<sup>240</sup>.

O episodio do enfrontamento co xabril na Ponte do Porco sobre o río Lambre ten como protagonista na novela ao fidalgo Fiz de Valerio, de quen Áurea, a filla do conde de Andrade, estaba namorada. Organízase unha batida para matar un xabril que lles causara a morte a varios vasalos do de Andrade, como na lenda, e Fiz de Valerio, con valentía, faille fronte no medio da ponte, recibe a súa turrada pero logra matalo. Henrique Osorio, o pretendente de Áurea, non chega a casar con ela, como na lenda, pero tampouco aparece coma un covarde. Roxín Roxal non participa nos feitos. Segundo o narrador da novela de Vicetto, “la tradición de este suceso dice que á esto debe el puente el nombre que lleva; nosotros hemos seguido esta creencia en otras leyendas que escribimos, pero hoy poseemos mejores datos en los manuscritos que hemos adquirido de varios benedictinos del país, el nombre del puente del Javalí [Ponte do Porco] no se debe á otra cosa sino á ser obra hecha por el conde de Andrade, Fernan Pérez ó Boo, el cual, como en todas las que hizo, puso un javalí y un lobo de piedra<sup>241</sup>, que formaban parte de su escudo de armas con esta orla: Ave María”<sup>242</sup>. A ponte na que o infante Fiz de Valerio matou o fero xabril era naqueles tempos, consonte o relato da novela, “un mal puente de pizarras, mucho mas malo que el actual, con un ojo en lugar de los tres que tiene este y construido en otro para-je mas peñascoso y menos próximo á la confluencia del Lambre con el Océano”<sup>243</sup>.

240. Cfr. VICETTO, B.: *Rogin Rojal...*, op. cit., p. 381.

241. Os animais totémicos do escudo da Casa dos Andrade son o xabril e mais o oso, non un lobo.

242. Cfr. VICETTO, B.: *Rogin Rojal...*, op. cit., p. 274.

243. *Idem*, p. 270.

A novela de Vicetto segue as características do Romanticismo español, que é, segundo Pedro Salinas, “predominantemente historicista e desenterra temas épicos do pasado, creando unha nova literatura lendaria”<sup>244</sup>. Os autores españois seguían os modelos que viñan de Alemaña con Goethe, de Inglaterra con Byron, ou de Francia con Víctor Hugo. Como Espronceda toma en *El estudiante de Salamanca* o personaxe lendario do don Juan ou o duque de Rivas nos seus romances a personaxes de sona na historia política e militar de España, tamén o fai Vicetto con Roxín Roxal ou cos reis García I e Fernando I; os desenlaces tráxicos das *Leyendas* de Bécquer están tamén presentes na novela de Vicetto igual que a indignada denuncia da opresión de Castela sobre Galicia baixo o xugo do rei Afonso (1072-1109) no século XI, que Rosalía de Castro encarna na explotación dos nosos emigrantes, no XIX, sobre todo en poemas como “Castellanos de Castilla”, nos seus *Cantares Gallegos*.

En 1875, publica García Castro, por entregas, na *Revista Galaica*, a súa versión en verso da lenda de Roxín Roxal<sup>245</sup> que, malia estar dedicada a Benito Vicetto, autor da novela homónima, pouco ten que ver con ela nin coa vella lenda popular. Desenvólvese no século XV, como a lenda. O conde de Roade envelena ao conde de Andrade e casa coa súa filla Laura. O antigo amante desta, Henrique de Guimil, do que Laura seguía namorada, regresa ao castelo de Andrade, aproveitando que o conde de Roade se atopaba na guerra ao servizo do rei. O paxe Roxín Roxal, que cantaba a súa pena cun laúde porque non era correspondido por Laura de Andrade, descubre os amantes e decide avisar o conde de Roade, que trama un plan para os matar. Advertido Henrique, foxe ao monte de Breamo e deixa abandonada a Laura. Roxín decide suplantar a Henrique e acode á cita finxindo ser quen non era. O conde de Roade, que regresaba ao castelo, pensa que Roxín é Henrique, loita con el e resulta malferido. Cando descubre que é Roxín, antes de morrer, confésalle que é o seu pai. O parricida Roxín vivirá cos seus remordementos no castelo de Andrade e seica de cando en vez se escoitan os seus gritos de dor; a viúva adúltera Laura ingresa nun convento e o fuxido Henrique casa cunha rica muller galega. “Esta historia pasó de gente en gente / y fué por donde quiera referida. / La canta en sus murmurios el ambiente / y el ave que en la torre audaz anida. / Y no cabe dudar : fiel y evidente / es la historia del hijo parricida: / la traición lo afirma y lo pregona; / la sombra misma de Rojín lo abona”<sup>246</sup>.

244. Cfr. SALINAS, P.: “Espronceda: la rebelión contra la realidad”, en RICO, F. e ZAVALA, I.M. (dir.): *Historia y crítica de la literatura española. Romanticismo y Realismo*, t. V, Barcelona, 1982, p. 149.

245. GARCÍA CASTRO, S.: *Rojín Rojal. Leyenda en verso. I*, “Revista Galaica”, 17, Santiago de Compostela, 1875, p. 263 e 264; *Rojín... II*, “Revista Galaica”, 18, Santiago de Compostela, 1875, p. 281-283; *Rojín... III*, “Revista Galaica”, 19, Santiago de Compostela, 1875, p. 300 e 301; *Rojín... IV*, “Revista Galaica”, 20, Santiago de Compostela, 1875, p. 312-314; e *Rojín... V e VI*, “Revista Galaica”, 21, Santiago de Compostela, 1875 p. 328-330. Unha versión semellante, malia que desta volta en prosa, da lenda, ben que con Rui no canto de Roxín como protagonista, foi recollida en CARRÉ ALVARELLOS, L.: *Las leyendas...*, op. cit., p. 263-265.

246. GARCÍA CASTRO, S.: *Rojín... V e VI*, “Revista Galaica”, p. 330.

Pola súa parte, o arraigo desta lenda na vila de Pontedeume aínda é grande hoxe e chegou a traspasar as nosas fronteiras, xa que un grupo de alumnos do Instituto de Ensino Secundario Breamo de Pontedeume a representou en inglés, en febreiro de 2011, en Letonia como unha das actividades do seu intercambio cos rapaces do instituto de Limbazi<sup>247</sup>. Por outra banda, un dos emblemáticos caiucos do peirao eumés levou durante moitos anos o nome do protagonista da lenda, segundo recolle Ramiro Fonte en *Os ollos da ponte*, cando fala do humilde caiuquiño do seu amigo Manel; “en comparanza con outros botes, o Xeitosiño, o Mali, o Rojín Rojal, o Cariña de Rosa, máis fermosamente bautizados e mellores mariñeiros, o Nel convértese nunha embarcación invisible”<sup>248</sup>.

### A CIDADE ASOLAGADA E AS SEREAS

Xa nos tempos da cultura castrexa, Galicia, cinguida polas ondas do Atlántico e máis do Cantábrico e bañada polas augas de milleiros de ríos, polo que Cunqueiro a definiu como “o país dos dez mil ríos”<sup>249</sup>, era unha terra propicia para o home lacustre, segundo Murguía, quen afirma que a tradición sinala os asentamentos dos antigos poboadores que, herdeiros directos das cidades palafitas, se enriqueceron co comercio e avivaron despois a cobiza cartaxinesa e romana. Onde queira que un río de bo caudal desemboca no mar, formando esas rexións medias entre as augas doces e salgadas ás que lles chamamos rías, alí se asentaron as nosas primitivas poboacións. Irmá de Irlanda, nesta como en tantas outras tradicións, Galicia, que contaba numerosos centros de poboación, tivo tamén, como aquela, vilas abondo levantadas sobre as augas, habitadas, nun e noutro país, afirma Murguía, polos celtas, os nosos devanceiros. Así o acreditan os nomes das localidades que se xulgan lacustres; case todos significan auga, río ou zona húmida en sánscrito ou en celta<sup>250</sup>. O probable é que edificasen as súas vivendas nas beiras das desembocaduras dos ríos, na orella máis propicia, e que nas montañas veciñas levantasen castros e outras construcións defensivas<sup>251</sup>. As características do que hoxe é Pontedeume axústanse coma unha luva aos asentamentos descritos por Murguía. A proximidade da ría de Ares facía desta localidade un lugar axeitado para vivir prosperamente da pesca e do comercio. A beira máis propicia para o asentamento na desembocadura do Eume era a súa marxe esquerda,

247. Os alumnos eumeses Antón Álvarez, Carmen Ardá, Pablo Arias, Concha Carpena, Carolina Couce, Alberto Gilabert, Ánxel Martín, Ana Martínez, Esther Nidáguila, Sofía Pérez, Antón Prego e Carlos Sardiña, dirixidos por Cristina Fraga, representaron en inglés a lenda de Roxín Roxal como unha das actividades dirixidas a darlles a coñecer aos seus compañeiros letóns as tradicións e os costumes dunha vila galega como Pontedeume.

248. Véxase FONTE CRESPO, R.: *Os ollos da ponte*, op. cit., p. 333.

249. Cfr. CUNQUEIRO, A.: *A cociña galega*, Vigo, 1983, p. 87.

250. Como xa vimos, diferentes estudos do conde de Quirós, Gómez Filgueiras e Bascuas López acreditan que o nome de Pontedeume procede dunha palabra celta ou indoeuropea que evolucionou quer en Eume quer en Ume, segundo cada quen, e significa río ou zona húmida; cfr. MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I.: *Toponimia...*, op. cit., p. 18-28; GÓMEZ FILGUEIRAS, F.: “Per portu...”, op. cit., p. 240; e BASCUAS LÓPEZ, E.: *Estudios...*, op. cit., p. 224-231

251. Véxase MURGUÍA, M.: *Galicia*, op. cit., t. I, p. 29-35.

que contaba coa protección do monte de Breamo, onde se levarían as poboacións e as construcións defensivas castrexas, consonte testemuña a toponimia da zona.

Por outra parte, como tamén afirma Murguía, “tampouco non é posible descoñecer a filiación céltica nas lendas que, referentes ás cidades lacustres, se conservan entre nós [...]; todas teñen o seu equivalente en países da mesma orixe [...], o que permite establecer a súa filiación e referilas ao pobo celta”<sup>252</sup>; a lenda da cidade acuática de Is entronca claramente con esta tradición. Así pois, non é estraño, que os “bardos das edades”, dos que falaba Pondal, transmitisen unha lenda referida ao Pontedeume celta ou castrexo, que informase do seu asolagamento. Moi antigamente, antes de que a nave trirreme chegase polo golfo Ártabro ás nosas costas, na desembocadura do Eume, na aba do monte de Breamo, os nosos devanceiros construíran un poboado, que medraba en riqueza cada día coa pesca e mais o comercio. Por se protexer das invasións marítimas, levantaron castros nas súas cuíñas e construíron un templo sagrado na honra dos deuses da Natureza no cumio do Breamo –substituído e cristianizado desde o ano 1187 pola actual ermida románica dedicada ao arcanxo san Miguel–, desde onde vixiaban a entrada de inimigos polo mar.

Un día chegaron á antiga e próspera vila tres fermosas donas transparentes, ou talvez fosen lamias ou mouras, de cabelos louros que peiteaban con tres valiosos e máxicos peites de ouro e que enfeitizaron a moitos homes do lugar. Segundo Vicente Risco, “estas donas imítanse moito ós espíritos da mitoloxía nórdica e centroeuropea, ás que en castelán chaman «hadas», tan populares nas terras célticas, ós elfos e ondinas xermánicas. Son seres caracteristicamente sobrenaturais, que non pertencen á nosa especie [...]. As donas son moitas veces, como temos visto, espíritos das augas”<sup>253</sup>. Tamén asegura Manuel Alberro que “nas lendas e tradicións céltico-irlandesas, fadas ou donas son as que lles fan as beiras, escollen e conquistan os heroes, e a súa capacidade de amar, a súa paixón, a súa xuventude eterna e a súa beleza son suxestivas do seu anterior carácter de deusas dunha fertilidade sempre renovable”<sup>254</sup>. Por outra parte, a tentación encarnada na figura feminina está xa tamén recollida desde a propia creación do home e mais da muller no *Antigo Testamento*, no *Libro da Xénese*, cando Eva tenta a Adán para que coma o froito da arbore prohibida<sup>255</sup>.

As tres donas transparentes só mostraban a súa fermosura co luar e os homes acudían ao seu palacio, noite tras noite, onde se celebraban verdadeiras orxías e bacanaís. As liortas eran constantes entre os homes e a prosperidade da vila estaba xa en perigo porque a festa permanente é inimiga do traballo e da defensa da cidade.

252. Tomado e traducido de *idem*, p. 38-40.

253. Cfr. RISCO, V.: *Etnografía*, *op. cit.*, p. 63 e 69.

254. Tomado e traducido de ALBERRO, M.: “Las tres leyendas...”, *op. cit.*, p. 66 e 67.

255. *Xénese*, 38.

Os membros do Consello de Anciáns estaban seriamente preocupados e, despois de falaren co druída, que lles dixo que eran fadas encantadas que non traerían máis que discordia e destrución, decidiron deixar o asunto nas súas mans. O druída mandou que xuntasen a xente ao abeiro dos castros e que permanecesen alí durante tres días. Logo subiu ao cumio do Breamo, onde levantarán un monumento de pedra á divindade e deu tres voltas arredor del mentres botaba un esconxuro. Pouco despois, refuxiouse tamén nun castro e decontado comezou a chover, como se di en Galicia “a Deus dar auga”, ou en Pontedeume, “como o día de san Nicolás”, e non parou ata que pasaron tres días. A cidade quedou asolagada e os homes que non fixeron caso da advertencia do Consello de Anciáns morreron afogados, pero salvaron a alma porque lle fixeron fronte ao mar coas súas armas, xa que para os celtas, empuñar as armas fronte ao mar era un xeito de atopar unha morte honorable que aseguraría o tránsito da alma cara ao Alén, unha suprema demostración de valor para gañar o Outro Mundo; o mar simboliza todas as virtudes que posúe a auga como lugar de tránsito cara ao Alén<sup>256</sup>. Só salvaron a vida os que se acolleron nos castros coas súas familias. O castigo divino pola maldade dos homes, co diluvio universal, do que só se libraron unha parella de cada especie de animais e os homes e mulleres da estirpe de Noé, está tamén recollido no *Libro da Xénese*<sup>257</sup>. Por outra banda, en Galicia, hai tamén versións cristianizadas das lendas de cidades asolagadas; Risco recolle unha no lago de Maside, onde “había unha cidade moi fermosa e moi rica. Chegou por alí a Virxe co Neniño no colo, moi canso do camiño, e foi pedindo pousada nunhas casas e noutras, e non lla quixeron dar, aínda a botaron con malos modos. A Virxe marchou, púxose nun outeiro alí preto e dixo: «Lago te sulago / lo de enriba para embago». E as augas rubiron e asulagaron a cidade enteira con tódolos seus veciños. Aínda se senten, ás veces, as campás e hai quen abesulla a torre no fondo do lago”<sup>258</sup>; noutras lendas galegas de cidades asolagadas, son Santiago, san Pedro ou o propio Xesús Cristo os que visitan a vila e piden esmola, pero só a reciben da familia máis pobre do lugar, polo que este é asolagado e só se salvan os que lles axudaron aos devanditos personaxes; ás veces, tamén Deus castiga co asolagamento da vila os terribles pecados dos seus moradores. Nestas lendas cristianizadas, “baixo as augas, as cidades asolagadas seguen vivas e en días sinalados tocan as campás, óense os galos [...] ou os seus habitantes son agora peixes moi grandes e moi negros [...]. As cidades asolagadas son cidades do Outro Mundo, cidades dos mortos, ou sexa, os infernos ou a entrada dos infernos”<sup>259</sup>.

Os que quedaron nos castros volveron construír a vila, pero nunca non alcanzou tanta prosperidade como antes, ata os tempos de Afonso X o Sabio (1252-1284) que, mediante o seu privilexio para que a poboasen, puxo as bases para o seu rexurdimento.

256. Cfr. BALBOA SALGADO, A.: *As cidades asolagadas. As augas e o Alén en Galicia*, Noia (A Coruña), 2006, p. 87 e 88.

257. *Xénese*, 6-10.

258. Cfr. RISCO, V.: *Etnografía*, op. cit., p. 129.

259. Cfr. CUBA RODRÍGUEZ, X.M., MIRANDA RUÍZ, X. e REIGOSA CARREIRAS, A.: *Diccionario...*, op. cit., p. 81.

Segundo Balboa Salgado, “o asolagamento tería a función de purificar e de retornar a un mundo preformal, preparando un novo renacemento da humanidade”<sup>260</sup>.

Das tres donas transparentes nunca máis se soubo de certo, aínda que hai quen di que se converteron en sereas; unha vive, seica, nas profundidades do mar preto da pena da Macuca, outra, no Mourón e a terceira, nas Mirandas. Segundo o *Diccionario dos seres míticos galegos*, “as sereas teñen corpo de muller fermosa, con longos cabelos, e de cintura para abaixo son coma os peixes. Atraen os mariñeiros ou os navegantes coa súa voz, sedúcenos e fannos afogar. Levan un espello e un peite [...]. Viven en pazos de cristal cheos de riquezas baixo o mar. Hai moitas noticias de sereas en contra do que se pensa normalmente”<sup>261</sup>; Risco asegura, porén, que en Galicia si se atopa delas “unha simple mencción nos autores, mais ningunha descrición nin lenda. Tampouco nos ten chegado ningunha información oral”<sup>262</sup>.

Así e todo, contan en Pontedeume unha lenda que asegura que no golfo Ártabro vive a serea das Mirandas; estáchelle permitido xogar cos golfinhos e acercarse aos polbos, chocos ou sardiñas, pero ten terminantemente prohibido aproximarse aos homes. Algunhas noites de agosto, o mar brilla de tal xeito que, ao remexelo, semella que arden as augas<sup>263</sup> e moitos rapaces acoden ás praias para se bañar á luz das estrelas. Unha desas noites de verán, un fidalgo da liñaxe dos Mariño, mentres se mergullaba na praia de Centroña, sorprendeu á serea sentada nunha rocha. Quedou tan impresionado pola súa beleza que lle pediu que volvease ao día seguinte. O fidalgo non tiña acougo sen ela e rogoulle que fose vivir onda el. Con mimo, delicadeza e paciencia foille quitando unha a unha as escamas da súa cola ata que quedaron ao descuberto dúas fermosas e longas pernas de muller. Os dous namorados casaron e tiveron descendencia, e ela non volveu ao mar ata que o seu home morreu. Na súa casa de Mugar dos, no peirao, nun dos cuarteis do seu escudo de armas, o fidalgo dos Mariño incorporou a figura dunha serea.

Xa na *Odisea*, Homero, no seu canto XII, conta como Ulises se librou do feitizo do canto das sereas, que facía que os mariñeiros se lanzasen ao mar, amarrándose ao mastro da súa nave. O sedutor canto das sereas foi comparado ás veces coas tentacións do Demo. Segundo Risco, como “o mar é sagrado, o demo non se pode meter nel; din que cando ten fame, pídelles ós pescadores que lle garden comida, mais fálalles dende a beira, sen entrar no mar. En troques, en moitos pobos da costa, bendicen o mar”<sup>264</sup>.

260. Cfr. BALBOA SALGADO, A.: *As cidades asolagadas...*, op. cit., p. 33.

261. Cfr. CUBA RODRÍGUEZ, X.M., MIRANDA RUÍZ, X. e REIGOSA CARREIRAS, A.: *Diccionario...*, op. cit., p. 226.

262. Cfr. RISCO, V.: *Etnografía*, op. cit., p. 88.

263. Segundo o *Diccionario da Real Academia Galega*, a ardentía é a “fosforescencia ou luminosidade das augas mariñas, producida polos movementos dos peixes ou doutros organismos que habitan nelas”.

264. Cfr. RISCO, V.: *Etnografía*, op. cit., p. 37.

Tamén en Pontedeume todos os anos, o dezaseis de xullo, a imaxe da Virxe do Carme, levada por un barco pesqueiro da vila, sae en procesión pola ría de Ares, escoltada por moitas embarcacións eumesas, para bendicir o mar. Ademais, a súa figura pétrea na Pena do Soldado, co Neno no colo, despide e saúda, desde o ano 1989, os mariñeiros que van e veñen do mar, acolléndoos baixo o seu manto protector.



Imaxe pétrea da Virxe do Carme na Pena do Soldado de Zopazos e escudo coa sereia de Mugardos

O padre Placer, nunha tarde de verán, contemplou na Pena do Soldado, na praia de Zopazos, unha fermosa rapaza pensativa que o levou a imaxinala como a serea de Copenhague. A sereíña eumesa, de socato, púxose en pé e guindou o seu anel ao mar, coma unha ofrenda, igual que o fixeran Polícrates, o tirano de Samos no século VI antes de Cristo, ou san Rosendo no río Eume, no X. A serea de Zopazos foi para o padre Placer “unha mancha de luz na miña tarde de verán [...]”; non sei se o anel arrebolado ao mar apareceu<sup>265</sup>; tampouco non importa [...]. A sereíña de Copenhague é fría e esvaradía ás caricias da auga e ao cantar dos mariñeiros; a serea pontedeumeña, por ser humana, sofre por

265. Os de Polícrates e san Rosendo apareceron no ventre dun peixe, pouco despois de os guindar á auga.

non poder deter o seu amor e os seus ollos van a remolque das ondas, agardando que, tras dalgunha, se agache a felicidade perdida”<sup>266</sup>.

## A FRANCESIÑA

Seica tamén, segundo antigas lendas, moitas cidades asolagadas quedaron sepultadas baixo as areas e que as persoas que se aventuran nas súas augas “corren o risco de seren tragadas e íren aumentar o censo dos habitantes”<sup>267</sup>. Contan en Pontedeume que algo semellante foi o que aconteceu coa Francesiña. Sobre a mítica e lendaria cidade asolagada construírase, no abrente do século XX, nun estilo que lembraba a Torre Eiffel de París, a ponte de ferro eumesa, que recibiu o primeiro tren oficial en 1913<sup>268</sup>. Unha francesiña, como a torre, que viñera á vila por primeira vez con menos dun ano, cando se estaba a construír a ponte, regresaba todos os meses de agosto, como o fan moitos veraneantes, e cada tarde, xa feita unha muller, adoitaba tirarse do Murallón e nadar ata a Pena do Soldado, chamada así porque unha historia quizais menos lendaria cá da Francesiña di que alí afogou un militar. Conta Ramiro Fonte que “era unha magnífica nadadora. Podía botar tempo e tempo sen saír da auga, practicando diversos estilos, todos eles moi modernos [...]”. En fin, que os mariñeiros que remendaban as redes no murallón debían ficar abraia-dos ó xulgaren cómo xogaba coas ondas semellante serea. Nunca tal viran”<sup>269</sup>. Pero un día, cando cruzaba nadando por debaixo da ponte de ferro, perdeu o que ela xulgaba o seu máis prezado tesouro, un pendente de ouro que o seu mozo eumés lle regalara. Aínda non chegara a súa xoia ao fondo do mar e xa pensaba ela no xeito de a recuperar. Subiu á primeira cepa da ponte, colleu folgos un instante e mergullouse nas profundidades. Pero todo foi inútil. A mítica cidade somerxida baixo as areas xa collera un novo tesouro e abofé que non o había soltar. A Francesiña loitou tamén por non ser atrapada, pero, aínda que foi quen de escapar, cando aboiou, xa estaba morta. Un mariñeiro da ribeira colleu un caiuco e foi onda ela pero só conseguiu recoller o seu corpo exánime. A Francesiña foi enterrada en Pontedeume e na súa sepultura esculpiron en mármore o seu rostro, no que faltaba o pendente. “Os meus ollos repasan o busto de mármore que mellora a brancura da neve: os cabelos recollidos, os labios selados, a cadea arredor do pescozo... E o lóbulo da orella no que falta un pendente. Un mínimo detalle do conxunto escultórico, insignificante en aparencia [...]”. Sucedeu antigamente, pouco despois de que a gripe española percorrera,

266. Tomado e traducido de PLACER LÓPEZ, G.: “Leyenda de los tres anillos (1955)”, en PLACER LÓPEZ, G.: *Crónicas...*, *op. cit.*, p. 88.

267. Cfr. CUBA RODRÍGUEZ, X.M., MIRANDA RUÍZ, X. e REIGOSA CARREIRAS, A.: *Diccionario...*, *op. cit.*, p. 41.

268. Unha crónica de Alejandro Barreiro en *La Voz de Galicia* de 4 de febreiro de 1912 recreaba unha viaxe non oficial co rei Afonso XIII, na que conta que, no cemiterio de Centroña, ao escoitar o ruxir do tren, “os espíritos dos que alí moran [...] flotarán conturbados polo estrépito [...] e sentirán gozo vendo como pasa levando a abundancia e o benestar aos seus eidos do val e da montaña”; tomado e traducido de SALGADO, F.: *El tren entre Betanzos y Ferrol cumple cien años*, en “La Voz de Galicia”, 5 de febreiro de 2012, Suplemento Mercados, p. 24.

269. Cfr. FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, *op. cit.*, p. 299.

coma un fantasma... así podería comezar a novela”<sup>270</sup>. Porén, semella que a historia que deu orixe á lenda tivo como protagonista a unha rapaza cántabra que morrera afogada mentres nadaba coas súas irmás na praia da Magdalena de Cabanas, preto da ponte de ferro, o once de agosto de 1923, e o busto de mármore do cemiterio eumés de Porto non ten nada que ver con ela. Así e todo, eu, coma o meu admirado Ramiro Fonte, “nin que dicir ten. Se me vexo obrigado a escoller entre os feitos, tal como sucederon, ou a lenda, tal como a min ma contaron, é doado adiviñar que seguirei escollendo a lenda”<sup>271</sup>.

### OS PASAIS QUE UNÍAN AS DÚAS ORELAS DO RÍO NA DESEMBOCADURA



Busto da  
Francesiña no  
camposanto  
eumés

Os achados romanos de Zopazos, Centroña ou Perbes, e mesmo algúns da época prerromana, dos que aínda quedan pegadas na toponimia, permítenlle supoñer a Correa Arias a existencia xa neses tempos, entre as dúas orelas do Eume, “dalgún pasadoiro fixo que facilitase a comunicación entre eles. En todo caso, é manifesto que a comarca estaba intensamente poboada desde a antigüidade, o que indubidablemente converte en verosímiles as suposicións anteriores”<sup>272</sup>. Porén, Couceiro Freijomil, malia que considera evidente a existencia dunha ponte anterior á mandada edificar por Fernán Pérez de Andrade o Bo, pensa que non fora “construída polos romanos –aseveración que non se encontra en ningunha parte, sen que haxa indicios nos que baseala– nin tampouco constituíndo unha verdadeira ponte, senón con toda seguridade, reducida a uns pasais, se cadra con algúns engadidos de madeira, que permitían pasa-lo río polo menos coa marea baixa”<sup>273</sup>.

Conta unha lenda que os nosos devanceiros, antigamente, con seguridade no tempo dos romanos, e talvez xa antes da chegada da nave trirreme, chantaran uns pasais de pedra, cubertos de madeira, para poder atravesar a pé, coa baixada da marea, dunha orela á outra

270. *Idem*, p. 300.

271. *Idem*, p. 301.

272. Cfr. CORREA ARIAS, J.F. e SARMIENTO CALVO, F.: *A ponte do Ume II*, en “Cátedra”, 7, Pontedeume, 2000, p. 8.

273. Cfr. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia...*, *op. cit.*, p. 132.

da desembocadura do Eume. O paso na preamar non se podía realizar se non era nunha pequena embarcación. Quer polo deterioro das pedras e da madeira, quer polas frecuentes riadas ou porque decote atravesaban con pesadas cargas, os antigos poboadores das ribeiras do Eume na súa desembocadura, ás veces esvaraban e, despois dunha peripatética danza na procura de non perderen a verticalidade, caían ao mar. Como moitos non sabían nadar e eran arrastrados pola corrente, o Demo estaba ao axexo para lles ofrecer a súa sempre intereseira axuda. Algúns perderon a vida por rexeitar o satánico ofrecemento, pero non foron poucos os que lle entregaron a súa alma para saíren do apuro. Asegura Risco que é frecuente a presenza do Demo nos ríos de Galicia, debido a que, segundo a lenda, “unha vez viña a Santísima Virxe na súa burrica –na que a pintan indo a Exipto– e polo mesmo camiño viña o Demo nun magnífico cabalo. Ensoberbiado ó ver a humildade da Nai de Deus, aposta con ela a quen sexa capaz de pasar o río dun salto. Vai a Virxe e chouta coa burrica e chega ó outro lado sen máis nada [...]; e chouta o Demo co seu cabalo e vai ó fondo do pozo, que por iso se chama do Inferno”<sup>274</sup>.

## A PONTE DO DEMO

O informe, custodiado no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago, da visita realizada a Pontedeume en 1607 polo cóengo da catedral e visitador xeral da diocese compostelá Jerónimo del Hoyo fala de que “dicen que hicieron esta puente los romanos y échase de ver bien en ella, porque toda ella es obra de romanos [...]. Tambien hay en esta puente el oso y el jabalí que son las armas de Fernán Pérez de Andrade, por el qual algunos quisieron decir quéel había fundado esta puente con ayuda del rey do Enrique, pero esto es falso porque ni él, ni el rey, tenían potencia para poder edificarla, quando mucho como pasó tiempo desde que la hiçieron los romanos hasta el tiempo del dicho Fernán Pérez, que deviò ser como 800 años, pudo estar algo desmoronada y desecha en algunas partes de lo superior, y el dicho Fernán Pérez las debio de reparar, y por esta razón están en la dicha puente sus armas”<sup>275</sup>. Así e todo, a información do cóengo compostelán era totalmente errónea xa que a ponte fora mandada facer por Fernán Pérez de Andrade o Bo, segundo consta no xabril de pedra que o primeiro señor de Pontedeume ordenara colocar fronte ao oso, símbolos da súa casa, entre os arcos segundo e terceiro cunha inscrición na que dicía, seguindo a interpretación de Antonio de la Iglesia: EN NA ERA DE MIL E CCCLXXX. ANO9 [TRESCEMOS OITENTA ANOS], / DA NACENZA DE / NOSO SENOR IESU XUO [CRISTO] / POR ABRIL COMEZADA E / ACABARONA EM SEIS AN9 [ANOS] ESTA [PONTE]<sup>276</sup>.

274. Cfr. RISCO, V.: *Etnografía*, op. cit., p. 280.

275. Tomado de CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e VÁZQUEZ ARIAS, J.C.: *La iglesia...*, op. cit., p. 143.

276. Véxase IGLESIA, A. DE LA: *El idioma gallego...*, op. cit., p. 58.

Hoxe estes dous animais escoltan, na horta do convento agostiño, convertido en Casa da Cultura, a figura de Afonso X o Sabio (1252-1284), pero a inscrición que se atopa nun deles resulta ilexible. Ao meu ver, deberían ser colocados de novo na rotonda que lle serve de entrada á ponte desde a vila como merecida homenaxe ao primeiro señor de Pontedeume en recoñecemento da importancia que tivo a ponte para o desenvolvemento económico da vila e para a atención dos máis necesitados pola construción nela do hospital do Espírito Santo, no que tiñan reservadas catro camas os peregrinos que se dirixían a Santiago de Compostela polo Camiño Inglés.



Xabarl da ponte medieval eumesa coa inscrición hoxe ilexible

Ademais, tamén testemuña que a ponte de pedra fora mandada facer por Fernán Pérez de Andrade o Bo o privilexio do rei Xoán I (1379-1390)<sup>277</sup>, dado en Segovia, o vinte de marzo de 1384, no que se afirma que se levantara esta ponte para substituír a vella, que “estaua fha de madeira”<sup>278</sup>, e no que se lle recoñece tamén ao Bo “que vos auedes fho a buestra propia costa e mesion la puente deume”<sup>279</sup>. Así pois, a construción da ponte de pedra, que durara seis anos, segundo a devandita inscrición, debía estar xa moi avanzada en 1384, cando Xoán I (1379-1390) asina o privilexio, e a finalización das obras podemos datala contra o ano 1386, no que se cumpre o anunciado polo monarca, “que en la dha

277. Pode consultarse a transcrición completa deste privilexio en VAAMONDE LORES, C.: *Ferrol y Puente deume. Escrituras referentes a propiedades adquiridas por el Monasterio de Sobrado en dichos partidos durante los siglos XII, XIII y XIV*, A Coruña, 1909, p. 77-79.

278. *Idem*, p. 77.

279. *Ibidem*.

puente auedes facer vna capilla a donde se cantase vna capillania perpetua por el anima del dho rrey nuestro padre e vn ospital do se acoxesen los pobres que por el pasassen e que era buestra voluntad de dar e dottaa para siempre yamas a la dha capillania perpetua e para mantinimientto de los pobres que se acoxiesen en el dho ospital e para reparamento del el diezmo de la madera de la buestra villa de la puente deume”<sup>280</sup>.

Tan pronto como tomou posesión do señorío eumés, que lle concedera o rei Henrique II (1369-1379) no ano 1371, o de Andrade decatouse de que a vella ponte de madeira, que databa cando menos da época dos romanos, era un grande atranco para a riqueza e prosperidade que poderían acadar a vila eumesa e os seus dominios de Ferrol, Betanzos e A Coruña, entre outros, cunhas vías de comunicación máis axeitadas. Unha das súas prioridades, xa que logo, foi construír unha rede moderna de pontes que unisen os seus territorios; entre Sigüeiro e Santiago de Compostela sobre o río Tambre; entre Culleredo e Cambre, no Burgo, para salvar o río Mero; entre Miño e Paderne, na Ponte do Porco, por atravesar o Lambre; ou na Ponte Baxoi para cruzar o Baxoi. Porén, a máis importante de todas elas foi a ponte de pedra de cantería sobre o Eume, entre Pontedeume e Cabanas, que chegou a ser considerada como unha das mellores que había daquela na Península Ibérica. Así o asegura nunha oitava Bartolomé Sagrario de Molina, no século XVI: “Tomada ocasión de aquello del Sil, / notad otra puente de gran maravilla / que llega a tener de largo una milla / contada por pasos que pasan de mil / sobre sus arcos de piedra y sutil / que son Puentesdeume aquesta que digo. / No siento a la prueba hallarse testigo / que diga haber visto tal cosa gentil”<sup>281</sup>, e no texto en prosa que vén despois no que explica máis polo miúdo como é dicindo que “con moita razón cómpre facer conta e poñer en memoria esta insigne ponte, cuxa longura non penso que se poida atopar en España. Ten mil douscentos pasos e, considerando que as que noutros reinos se gaban por moi longas non chegan aos catrocentos, é de ver a excelencia e grandeza desta. Atópase nunha ría a dúas légoas do mar sobre os seus arcos de xentil edificio, é cousa de estimar. Está cabo dunha vila que toma o nome da mesma ponte [...]. Esta vila das Pontes de Eume [...] é un pobo de tanta frescura de árbores e tan deleitable asiento e vista, que ben se pode chamar o verxel de Galicia”<sup>282</sup>. Nesas mesmas datas, o peregrino italiano polo Camiño Inglés Bartolomeo Fontana dicía que “ao entrar por Pontedeume pasei unha longa e antiquísima ponte de pedra, sustentada por moitos arcos e que cruza un porto. Na miña vida non vin unha tan longa en país ningún nin a puido ver ningún; no medio dela hai un hospital que alberga peregrinos”<sup>283</sup>.

280. *Ibidem*.

281. Véxase PARRILLA, J.A. (ed.): *Descripción...*, *op. cit.*, p. 80.

282. Tomado e traducido de *idem*, p. 80 e 111.

283. Tomado e traducido de MACEDO CORDAL, C.: “Las peregrinaciones italianas a Santiago. Sinopsis del relato de Bartolomeo Fontana”, en BREIXO RODRÍGUEZ, C., LÓPEZ CALVO, A., MACEDO CORDAL, C. e SÁEZ TABOADA, B.: *Pontedeume, vila e ponte no Camiño a Santiago*, Pontedeume, 2004, p. 93. Véxanse tamén, para comprobar a súa grandeza e beleza, os magníficos debuxos realizados por Fernando Sarmiento Calvo en CORREA ARIAS, J.F. e SARMIENTO CALVO, F.: “A ponte...”, *op. cit.*, p. 7-44.

O Arquivo Municipal de Pontedeume conserva unha memoria, realizada nos solpores do século XVIII polo prestixioso arquitecto Miguel Ferro Caaveiro, onde se recolle unha breve historia sobre a súa construción, promovida polo primeiro señor de Pontedeume, na que se di: “Esta magnífica fábrica fue echa por FERNAN PEREZ O BOO (el Bueno), Señor dela Casa de Andrade [...]. El terreno sobre el que hasido colocada esfangoso, desigual y de arena movable; por cuio motibo fue forzoso hacerle cimientto artificial, de piedra perdida, que en algunas partes llegan a tener catorce pies de altura [...]. Tiene de largo todo el Puente 2961 pies, y de ancho escluos los Tajamares 12, enque se incluien 50 Arcos de 22 y 30 pies de gueco, con ocho mas reducidos ena proporcion de Puente-camino<sup>284</sup> [...]. Entre el segundo y tercero Arco como se sale porla puerta dela Villa, y enlos guecos que dejan los Tajamares, estan colocados dos bultos de Canteria, que representan en mala escultura, un Jabalí, y un Oso<sup>285</sup> [...]. En la tercera parte del largo del Puente, y en el centro dela corriente del Rio, sobre el Arco, y Cepa 21, contando desde la puerta de la Villa, esta colocada una Capilla, conla advocación del Spiritu Santo, y un Hospital, o Albergue para alojamiento delos Peregrinos que benian en romeria á Santiago [...] que se han confiado al desempeño delos Religiosos dela Orden tercera de San Francisco, situados ala falda del Monte-faro. De uno y otro lado dela Capilla, y Albergue sobre las Cepas 8, y 41, estavan colocados dos torreones ó fuertes, para resguardo del Puente, que después porla debocion delos fieles se erigieron en adoratorios [...]. El Puente ha subsistido por el espacio de tres Siglos, sin que se halle noticia desu deterioración hasta el año 1656 ”<sup>286</sup>. Malia o que di o informe, a ponte sufrira xa anteriormente frecuentes desprendementos causados polas riadas e mesmo participaron na rehabilitación, polo seu elevado custo e a importancia estratéxica que tiña para Galicia, as provincias do Reino. Unha ordenanza de catorce de decembro de 1622, conservada no Arquivo Municipal de Pontedeume e transcrita por Couceiro Freijomil, di que na vila había “una de las mas insignes puentes de canteria de toda hespaña que te. setenta y ocho harcos<sup>287</sup> muy espaciosos y en medio della un hospital de mucha consideración y hes transito y pasaje de grandissimo concurso de gente de a pie y de acaballo y Requas que concurren de todo este rreyno y de castilla portugal y otras partes que traxinan en los puertos de la mar”<sup>288</sup>, e que, ante o perigo de que puidese caer unha obra tan magna e que sería tan difícil de reconstruír, se ordena neste documento que “ninga Persona sea ossada de pasar por la dha puente con carros ni rrastrros cargados ni bacios sino fuere los carros bueltos al rrebes con las

284. En total, pois, di que ten cincuenta e oito arcos, aínda que semella que nas súas orixes chegou a ter sesenta e oito; os oito últimos dos que fala son os máis próximos a Cabanas.

285. Estes dous animais simbolizaban a Casa dos Andrade; nun deles aparece a devandita inscrición. García Lamas pensa que a presenza nas pontes destes animais totémicos podería delimitar o lugar onde se cobraba o pontádegó, aínda que admite outras posibles interpretacións; cfr. GARCÍA LAMAS, M.A.: “La memoria...”, *op. cit.*, p. 138.

286. Tomado de CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: *Calles...*, *op. cit.*, p. 138-140.

287. Couceiro comete un pequeno erro na transcripción, xa que a ordenanza fala de “sessenta y ocho arcos”.

288. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia...*, *op. cit.*, p. 133.

ruedas encima arrastrando sin otra carga ni peso alguno y que ansimismo ning<sup>a</sup> Persona sea ossada de sacar ni desarraygar el marisco que esta pegado debajo de la puente y cimientos della ni al derredor porque no se mueban las piedras y se cause en ellas alguna daño”<sup>289</sup>.

Segundo López Calvo, o hospital deixaría de prestar os seus servizos a principios do século XIX, xa que nunha carta de 1820 o superior do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro lle comunica ao alcalde da vila de Pontedeume a imposibilidade de que este centro hospitalario seguise a cumprir as funcións para as que se fundou e que eles non podían continuar prestando estes servizos porque as cláusulas primitivas xa non estaban vixentes. Así e todo, López Calvo sostén que a demolición da capela non se produciu ata 1867, cando se acordou derribar a vella ponte de pedra e utilizar os seus materiais para a construción dunha nova, rematada en 1870, aproveitando as obras da nova estrada que unía Xuvia e mais Betanzos<sup>290</sup>; previamente, entre febreiro de 1861 e decembro de 1862, construírase unha provisional de madeira para non deixar incomunicados os territorios divididos polo río Eume.

A construción da nova ponte encargóuselle ao mestre de obras don José Basteiro, que a levantou, segundo De Castro Álvarez, “con once arcos; cinco de tipo carpanel e tres de medio punto en cadanseu extremo”<sup>291</sup>. Porén, só catro anos despois de rematadas as obras, unha nova riada derruíu os tres arcos de medio punto da beira de Pontedeume e



Actual ponte de pedra eumesa

289. *Ibidem*.

290. Véxase LÓPEZ CALVO, A.: *Los hospitales para peregrinos del Camino Inglés a Santiago*, “Estudios Mindonienses”, 20, Ferrol, 2004, p. 758.

291. Tomado e traducido de CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: *Calles...*, *op. cit.*, p. 141.

obrigou a construír outra ponte de madeira provisional que garantise o tránsito, cando menos de persoas, entre os territorios que o río separaba. Na reedificación da ponte de pedra, realizada entre 1884 e 1888, participaron os enxeñeiros don Francisco Cejuelo, don Juan Vildosola e don Adolfo Pequeño. Reconstruíronse os tres arcos de medio punto derruídos, mantivéronse os cinco de carpanel e engadíronselles cara a Cabanas outros sete arcos de medio punto, separados todos por tallamares. Nestes traballos investiuse, segundo Couceiro Freijomil, aproximadamente un millón de pesetas<sup>292</sup>, o que dá unha idea da grande envergadura da obra executada. Na actualidade, a ponte está ben conservada e mantén os quince arcos. Na preamar, as pequenas embarcacións poden cruzala por debaixo do sexto arco, contando desde Pontedeume, e a marea baixa deixa ver as penas inzadas de mexillóns.

